

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e seis de maio de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O Sr. presidente anuncia que está ausente a deputada dona Montserrat Lama Nóvoa, que achega un escrito, xa validado pola Secretaría Xeral, onde indica o sentido do seu voto a todos os puntos que se van someter a votación, ao abeiro do establecido no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación do punto oitavo da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto sexto da orde do día e ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto oitavo, e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2017.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de abril de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 28 de abril de 2017 é aprobada por unanimidade.

2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NA REDE DE CENTROS DE RECOLLIDA DE ANIMAIIS ABANDONADOS (BOP N.º 39, DO 17 DE FEBREIRO DE 2014).

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do Partido Socialista, simplemente para indicar o noso voto que vai a ser favorable a esta modificación, e mais para formular unha dúbida e un rogo. A dúbida é: entendemos que calquera persoa que vai a retirar un can, ou incluso un can que se recolle, o que cambia é o procedemento, en lugar de facer a auto - liquidación alí, entrégase o animal e posteriormente faise a liquidación e esa persoa vai pagar esa taxa, ou ese prezo correspondente, a unha entidade bancaria que teña o servizo de colaboración coa Deputación. É así, ¿non? Digo o rogo tamén aproveitando para non volver a incidir no mesmo: temos recibido queixas por parte de concellos presentes nesta Rede da non reunión da Comisión; entón, instando a que se reúna o máis axiña posible.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo do Partido Popular, moi bo día señor presidente e moitas grazas, señores compañeiros deputados, deputadas. Xa non só nas entidades colaboradoras, senón tamén nas que non son colaboradoras. Calquera persoa pode facer unha transferencia a unha das contas da Deputación, incluso non se lle vai a cobrar como explicou, creo, a nosa compañeira Chelo na Comisión. A seguinte pregunta que me facía das comisións, efectivamente, mandóuselle a documentación para que nomeasen representantes e, entre empates e que algúns concellos responderon e que outros non responderon, non se puido convocar aínda; pero os do Servizo teñen rematados xa case todos os representantes. Faltaban unha ou dúas zonas por nomear representante; non por nomear, senón porque había un empate

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

nos representantes que había ou porque algún concello se despistou de votar. Espero solucionarlle a dúbida.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos prestados na Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados, do seguinte xeito:

a) Derrogar o artigo 22 da citada ordenanza.

b) Modificar o artigo 24 da dita ordenanza (que unha vez derogado o artigo 22 pasaría a ser o artigo 23), que queda redactado como segue:

Artigo 23.- Normas comúns de xestión, liquidación, inspección e recadación

1 *“As taxas reguladas nesta Ordenanza esixiranse mediante liquidación emitida polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación unha vez prestado o servizo, de acordo cos datos remitidos polos distintos centros de recollida de animais abandonados.*

2 *O pagamento das taxas realizarase nos prazos recollidos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na liquidación, a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.*

3 *No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.”*

2º.- Someter esta modificación da ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

taboleiro de edictos da Corporación en nun diario dos de maior difusión na provincia. Durante o expresado prazo poden presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da modificación da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado, procedéndose á publicación do texto consolidado da ordenanza no BOP.

3º.- CAMBIO DE TITULARIDADE DA ANTIGA VARIANTE DA ESTRADA PROVINCIAL OU-1201, MEDIANTE PERMUTA COA ESTRADA MUNICIPAL DE ENLACE DA OU-540 COA OU-1202.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, nós absterémonos neste punto, como dixemos na comisión. Sinxelamente quería felicitar ao alcalde de Muíños porque practicamente en todos os plenos desta Deputación, polo menos, un par de puntos da orde do día adoitan ser melloras para ese concello. Entón, felicitar ao alcalde de Muíños por esa dilixencia, por esa habilidade que ten para conseguir melloras no seu municipio con cargo aos recursos da Deputación de Ourense. Só iso, grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, moitas grazas señor presidente. Creo que este é un tema o suficientemente serio para deixar os chistes de lado. Dicar que este é un beneficio, incluso prexudica –pódese dicir- ao concello de Muíños porque ten moito máis tráfico a estrada que nós lle cedemos a el, sobre todo tráfico pesado porque é por onde están pasando os camións da recollida do lixo, os camións das canceiras e todo. Entón, chistes poucos. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Orensana, cando figure escrito o que eu dixen en acta, non sei en base a que se pode cualificar de chiste, eu fixen unha felicitación ao alcalde de Muíños. Xa digo, cando se lean as actas a ver en base a que criterio se cualifica como chiste. Grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Prestarlle conformidade ao cambio de titularidade das seguintes estradas:

a) Ramal antigo da estrada provincial OU-1201:

Descrición: treito vello de estrada que dá acceso á canceira de Muíños e a outras instalacións municipais. Ten unha lonxitude total de 727 metros, con anchos totais variables entre 5,50 e 6,50 metros. A capta de rodadura está formada por unha rega asfáltica. Non ten interese para a Deputación e si para o Concello de Muíños, polas instalacións existentes.

Titular actual: Deputación Provincial de Ourense.

Administración á que se lle transfire: Concello de Muíños.

b) Estrada municipal con orixe na OU-540 (As Conchas) e fin na OU-1202 (As Carreiras):

Descrición: ten unha lonxitude total de 539 metros, dos que 200 m son con mestura en quente e os 339 restantes de rega asfáltica. O primeiro treito de 200 m ten un achos total de 5 m (4 m de firme e beiravías de zahorra de 0,5 m). Os restantes 339 m teñen un achos total de 5 a 6 m con beiravías de 0,50 m.

Titular actual: Concello de Muíños.

Administración á que se lle transfire: Deputación Provincial de Ourense.

2º.- Propoñerlle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación do cambio de titularidade das estradas, recollido no apartado anterior, aprobado igualmente polo Concello de Muíños mediante acordo do 28 de abril de 2017.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

4º.- CESIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA ESTRADA MUNICIPAL DE XINZO A VILAR DE BARRIO, CON ORIXE NA N-525 E FINAL NA OU-1102, NAS PROXIMIDADES DE VILAR DE BARRIO

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do Partido Socialista, grazas presidente, bo día a todos e todas. En principio imos votar a favor, considerando que foi a iniciativa deste Grupo Socialista o cambio de titularidade dos tres concellos; descoñecendo naquel momento que non pasaba por un deles. Efectivamente, pedirlle tamén que se acometan as obras de mellora nesa estrada que vai pasar a titularidade da Deputación e que esas obras de mellora se fagan canto antes, incluída esa rotonda prevista e orzada para este ano. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Prestarlle conformidade á cesión á Deputación Provincial de Ourense da seguinte vía:

Descrición: viario con orixe na N-525 en Xinzo e remate na estrada provincial OU-1102, no termo municipal de Sarreaus. Ten unha lonxitude total de 12.000 m, cun ancho de firme de 7 m, con capa de rodadura de mestura asfáltica en quente. Orixinalmente foi deseñada e construída pola Xunta de Galicia como pista agrícola de acceso aos predios que a limitan.

Titular actual: Concello de Xinzo de Limia (pk 0 ao pk 7,040) e Concello de Sarreaus (pk 7,041 ao pk 12.000).

Administración á que se lle transfire: Deputación Provincial de Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

2º.- Propoñerlle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación do cambio de titularidade da estrada, recollido no apartado anterior, aprobado polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia do 24 de marzo de 2017 e polo Pleno do Concello de Sarreaus do 28 de abril de 2017.

5º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONSELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO E DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO EN ALTA “RAZAMONDE-SAN TROCADO”.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, moitas grazas señor presidente, bo día a todas e a todos. Esta é unha cuestión que está sendo obxecto de controversia nos últimos tempos. A Comisión Intermunicipal da Auga pertencente aos concellos afectados – Punxín, San Amaro e Cenlle- di que as explicacións dadas polo xefe do Servizo de Medio Ambiente desta casa carecen do mínimo rigor no cálculo económico para os convenios de 2016 e 2017. Existe unha contradición importante entre os datos achegados polo técnico da Deputación e os que manexa a Comisión Intermunicipal, o que nos obriga a tomar as necesarias reservas para situarnos ao respecto deste punto. En todo caso, dado a gravidade das afirmacións efectuadas polos responsables desta Comisión Intermunicipal, pensamos que debería pospoñerse a aprobación deste punto ata que non se aclaren certas cuestións nunha comisión específica na que puideran comparecer as diferentes partes: a Comisión de seguimento, os técnicos da Deputación e a Comisión Intermunicipal. En función disto, o noso voto, de entrada, vai a ser a abstención. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Orensana, nós, facéndonos eco punto por punto do que acaba de dicir o portavoz do Bloque, tamén nos imos abster. Grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do Partido Socialista, nós, ao igual que temos votado noutras ocasións – e mesmo nesta Comisión- imos ratificar o noso voto en contra porque hai esa controversia en canto aos datos. Nós o que pedimos, así o fixemos chegar, e que se contrastasen eses datos porque o que é medible non é opinable. Polo demais nós non estamos en contra dos convenios que se asinen a petición dos concellos e de colaboración con esta Deputación. Neste caso, e así o vimos facendo, hai dúbidas en canto á análise dos datos que entendemos non as debería de haber, polo que dixen antes: o que se mide, non se opina e despois tamén por outra cuestión que entendemos na Comisión que se creou de seguimento deste Convenio –entre a Deputación e os Concellos- foi ampliada con posterioridade para dar entrada a un segundo membro de cada concello e a nós gustaríanos –xa o dixemos no seu momento- que estivese presentes nese segundo membro que se incluíu persoas da oposición neses concellos. A transparencia é o que ten, si non hai nada que ocultar e si é todo claro que máis ca que fosen membros desta Comisión os pertencentes neses concellos a outros grupos políticos. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, moitas grazas señor presidente. ¿Como empezaría? Primeiro dicir que isto é unha cuestión meramente técnica, aquí nin escurantismo, nin... é unha cuestión meramente técnica. Eu teño que dicir que teño confianza plena nos técnicos da Área de Medio Ambiente, concretamente no xefe da Área. O xefe da Área asistiu á Comisión Informativa a semana pasada, deu os datos que tiña que dar, son os datos que se están manexando. Tamén dicir no que é a acción política, que é o que atinxe neste caso ao señor deputado que lles fala e aos meus compañeiros, que isto xurde a petición dos concellos. Entón, crease unha comisión, como xa temos bastantes nesta Deputación, na que está representada a Deputación –que ten o 50% , un voto digamos, nesa Comisión- e os outros tres concellos teñen o outro 50% -quere dicir, un voto-. A Deputación nunca fai nada que prexudique aos intereses da propia Deputación, pero tampouco que prexudique aos concellos. Que vostede me di a min que quere que estea a oposición, pois dígolle que a cidadanía falou e quen ten que estar aí son os que teñen que decidir; senón isto sería un *guirigay* e vendo como están as cousas aínda me reafirmo máis na miña convicción. Repito, cuestión meramente técnica, que confío e estou convencido na grande capacidade da Área de Medio Ambiente. Como vostede sabe, eu ofrecínles aos da Comisión Intermunicipal, e ademais teño que dicilo, unha reunión técnica, é dicir, vai asistir o xefe da Área de Medio Ambiente, vai explicar os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

datos e as conclusións ás que el chegou cos datos que ten. Tamén dicir exactamente que aquí a Deputación ten tres clientes que son o Concello de San Amaro o Concello de Punxín e o de Cenlle, nós non falamos do abastecemento en baixa. O outro día, vendo a Comisión creo que había algunha persoa que se *liaba*, que non entendía moi ben o que era abastecemento en alta e abastecemento en baixa; pois está bastante claro, de feito creo que ata houbo algunha intervención dun deputado socialista que falaba de que tiña unha experiencia similar e que dicía que era moi moi complicado entender estes temas, incluso entendo que é unha persoa que é mestre, profesor. Podo resumir tamén aquí un texto, son palabras do xefe de Medio Ambiente, para rebater un pouquiño o que din vostedes: *a infraestrutura en cuestión cuxa cuestión ten encomendada a Deputación, e por ende obxecto dos convenios, é o sistema de abastecemento de alta Razamonde - San Trocado que non é só bombeo, senón captación, potabilizadora, bombeo a dobre escala e ten tres abonados; a saber, concellos de Cenlle, San Amaro e Punxín. Os depósitos, rede de distribución, xestión de aboados e baixa son responsabilidades municipais. Os estudos económicos que apoian os convenios están feitos en función da capacidade de demanda de auga, concepto moi distinto do de consumo efectivo realizado polos abonados en baixa aos que, ademais, os concellos poden abastecer dende outras fontes ou adución e aos que hai que engadir outros conceptos como son: consumo non doméstico, perda das redes; polo tanto non cabe ligar un concepto co outro. Non pode extrapolarse un valor estatístico provincial a unha parte concreta da provincia e moito menos dar valor á realidade dun dato estatístico, máxime cando a realidade medible contradí á estatística.* aquí falouse de que o medible non é debatible, eu estou de acordo con todo iso. Simplemente falando do convenio anterior, para que se vexa o que se fala de escurantismo: *o gasto soportado pola Deputación foi de 38.144, facturado aos concellos 37.000. O déficit para a Deputación 836.* Todo isto foi feito en estimación, é dicir, non foi unha estimación tan mala. *Na parte fixa, o déficit para a Deputación foi de case 1.000 euros e na parte variable o superávit para a Deputación, 155.* Quero dicir, en estimación tampouco se fixo tan mal. Quero recordar que aquí o que se está a debater é delegar na Deputación dúas cousas: a contratación do servizo de explotación da infraestrutura cunha empresa especializada, incluíndo o mantemento preventivo de equipos e obra civil así como o tratamento de caudais durante un período de dous anos prorrogable, por mutuo acordo das partes, ou por outros dous anos máis; a Deputación Provincial elaborará un proxecto de expediente de licitación, que incluírá os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. E ademais, como sabe que se fai aquí na Deputación, faise todo transparente e todo no portal de transparencia de contratación. E a contratación da subministración da enerxía eléctrica necesaria para o funcionamento da infraestrutura, que se realizará na modalidade de contratación de subministración de tarifa. Para o que non entenda esta frase, quere dicir que a Deputación contratará e pagará esa luz, para evitar o da estimación, porque se hai moita demanda de noite, se val.. todo ese *lío*. Ademais dáse a coincidencia de que o tanque de arriba, de San Trocado, é un tanque moi pequeno, entón hai que estar demandando continuamente; xa non falamos que bombea de noite como pasa nalgúns casos. Quere dicir, a Deputación pagará esa luz e repercutirá o gasto efectivo, nada máis, por facturas. Escurantismo ningún e como xa lle dixen a vostede, ofrecinlle darlle explicacións do xefe da Área, unha cousa técnica. Nesa comisión eu en principio non vou a estar porque é unha cousa técnica, non teño por que estar. Vostede se quere estar, pode estar, non teño ningún problema. Vostede díxome que cada un era dono das súas palabras e como me dixo que o martes, o día que que quedamos, non puido ser, pois evidente agora queda pendente dunha data posta por min. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, simplemente para matizar. É certo o da reunión que lle propuxen ao concelleiro, perdón ao deputado que acaba de falar – concelleiro tamén o é no seu concello - foi aceptada en todo caso e queda para fixar a data. ¿Por que esa reunión? Porque vostede mesmo fala dunha complexidade técnica e numérica, por iso é necesario contrastar eses datos e contrastar tamén a metodoloxía empregada para obter eses datos. ¿Cal é o motivo? Que non queden dúbidas nin zonas escuras. É bo para todos e a transparencia eu creo que é algo desexable e tamén esixible legalmente. Fala vostede de que a cidadanía falou, é certo, a uns púxoos gobernando e a outros púxoos na oposición; pero tamén non é menos certo que a oposición ten, entre as súas funcións, as de fiscalización e control. Esta comisión de seguimento primeiro estaba integrada por un membro –un representante de cada concello- , despois ampliouse para que entrase outro, e é entendible perfectamente dada a situación de non maioría no concello de Punxín e no que, unha das partes, supoño que para aprobar ese convenio, esixiu estar nesa comisión. Unha vez que se abre a que unha persoa que non é do grupo de goberno de Punxín estea nesa comisión, eu creo que non hai obstáculo nin impedimento para que outras persoas, outros concelleiros dos outros concellos estean tamén presentes nesa comisión. Vostede mesmo dixo que a Deputación ten o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

50% dos votos, nos outros concellos nos que goberna tamén, nada vai a variar na votación e si lle engade a esa comisión un plus de transparencia. Por iso eu creo que é necesario que se mude a composición desa comisión de seguimento e que entren outros membros da oposición nes concellos. Nada máis.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular, con respecto á composición da comisión, nós non designamos os nomes desas comisións, desígnanos os plenos deses concellos, iso que quede claro. A nós danos igual quen estea, simplemente que os plenos dos concellos son os que designan aos membros da Comisión, non somos nós; iso que quede así de claro. Nós non temos ningún problema, si no pleno de Punxín ou no de San Amaro ou no de Cenlle elixen a calquera outro membro que non son os que están, nós non temos ningún problema, ¡válgame Dios! É dicir, non somos nós quen decidimos quen está, son os plenos dos propios concellos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) o voto en contra do Grupo Socialista (8) e abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a contratación do servizo de explotación e mantemento e da subministración de enerxía eléctrica das instalacións de Abastecemento en Alta “Razamonde-San Trocado”, de acordo coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto.-

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento do marco regulador da delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias dos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a contratación delegada do servizo de explotación e mantemento das instalacións de abastecemento en alta “Razamonde-San Trocado” (en adiante infraestrutura) e da súa subministración de enerxía eléctrica, como fórmula de cooperación da Deputación cos concellos para garantir a calidade na prestación deste servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

2º) Suxeitos parte no convenio.-

Son parte no presente convenio as seguintes administracións públicas:

a) Os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro que actúan no exercicio das competencias que lles corresponden para a prestación do servizo de abastecemento de auga potable, de conformidade co establecido no artigo 27.1 e 27.2.b) da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

b) A Deputación Provincial de Ourense, que actúa no exercicio das súas competencias de cooperación e asistencia a concellos previstas no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co disposto no artigo 195.i) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, que expresamente prevé a delegación de competencias como técnica de colaboración e cooperación entre as entidades locais galegas.

3º) Contido da delegación de competencias establecida no presente convenio.

1. En virtude do presente convenio, os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro delegan na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias para a realización dos actos seguintes:

a) A contratación do servizo de explotación da infraestrutura cunha empresa especializada, incluíndo o mantemento preventivo de equipos e obra civil así como o tratamento de caudais durante un período de dous anos prorrogable, por mutuo acordo das partes, por outros dous anos máis.

A delegación das competencias de contratación do servizo indicadas comprende o exercicio de todas as facultades que como órgano de contratación lle corresponden aos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro en relación coa contratación da prestación do servizo de explotación e mantemento preventivo da infraestrutura, incluíndo a realización de todos os actos de preparación do expediente de contratación, licitación e adxudicación do contrato, modificación, interpretación e resolución do contrato, seguimento e control do seu cumprimento e, en xeral, todos os actos que en relación co dito contrato lle corresponden ao órgano de contratación, incluíndo a resolución dos recursos contra os ditos actos, cando proceda.

No exercicio desta delegación, a Deputación Provincial elaborará un proxecto de expediente de licitación, que incluírá os pregos de cláusulas administrativas e prescricións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

técnicas. O proxecto de expediente será sometido, previamente á súa aprobación, á prestación de conformidade por parte dos órganos municipais competentes en materia de contratación. A Deputación non poderá proceder á aprobación do expediente e á licitación do contrato sen a dita conformidade previa.

b) A contratación da subministración da enerxía eléctrica necesaria para o funcionamento da infraestrutura, que se realizará na modalidade de contratación de subministración a tarifa.

2. Quedan excluídos do presente convenio as seguintes prestacións:

- O control analítico das augas subministradas en alta pola instalación. Os concellos poderán contratar libremente a realización dos traballos de control ou adherirse de modo conxunto ao convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para o cumprimento de obrigas municipais en materia de augas destinadas a consumo humano previstas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade das augas de consumo humano. Neste último caso, os concellos establecerán no acordo de adhesión a porcentaxe de distribución entre eles dos prezos públicos establecidos no convenio marco.

- Os custos de reparación e/ou substitución tanto de elementos electromecánicos como da obra civil. No caso de producirse estas necesidades, a Deputación, a través dos servizos técnicos da Área de Medio Ambiente, comunicarlles as incidencias aos concellos e, se así o solicitan, asesoraralos respecto das actuacións a seguir, sen que en ningún caso estas actuacións queden comprendidas no alcance material e económico deste convenio.

A comisión de seguimento do convenio poderá establecer un protocolo de actuación para a comunicación de incidencias nos elementos electromecánicos e na obra civil da infraestrutura, así como para o estudo das fórmulas de resolución destas incidencias.

4º) Réxime económico da delegación.-

1. A Deputación repercutiralles aos concellos delegantes os custos efectivos resultantes dos contratos delegados.

O reparto destes custos farase en función da participación dos concellos en relación co peso que cada un deles ten no proxecto da instalación para a potencial demanda de auga, conforme coas regras seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

a) *Os custos derivados do contrato do servizo de explotación en mantemento da infraestrutura repartiranse conforme coas seguintes porcentaxes:*

40% Cenlle

25% Punxín

35% San Amaro

b) *Os custos derivados da contratación da subministración de enerxía eléctrica distribuiranse conforme coas seguintes regras:*

Os custos fixos (termo de potencia e alugueiros, e os impostos relativos a estes custos) repartiranse nas seguintes porcentaxes:

40% Cenlle

25% Punxín

35% San Amaro

Os custos variables (termo de enerxía e peaxes, e os impostos relativos a estes custos) distribuiranse segundo os m³ de auga demandada da infraestrutura por cada concello. Para estes efectos, na liquidación a Deputación establecerá o custo do metro cúbico, dividindo o custo variable total soportado polo volume demandado no período de liquidación de referencia segundo o punto entrega.

A Deputación Provincial de Ourense asumirá os gastos da tramitación da contratación delegada que realice cos seus medios propios, persoais ou materiais, incluíndo os custos asumidos pola Deputación para a realización dos actos preparatorios e de control do contrato.

2. A repercusión dos custos realizarase pola Deputación mediante liquidación trimestral, que lles será notificada aos concellos no mes seguinte ao remate de cada trimestre, dispoñendo estes dun prazo de trinta días hábiles para o seu pagamento.

En caso de falta de pago en prazo, a Deputación Provincial poderá a exercer as accións administrativas e xudiciais oportunas para o cobro da débeda, incluíndo, de ser o caso, a execución das garantías constituídas polos concellos conforme co establecido no apartado seguinte, ou a compensación cos créditos de que dispoñan os concellos fronte a facenda provincial.

3. Os concellos garantirán as obrigas económicas derivadas do presente convenio mediante algunha das seguintes fórmulas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

a) Os concellos que teñan delegada na Deputación a xestión tributaria e recadación dos seus tributos, poderán constituír a garantía con cargo á recadación destes, sempre que o volume estimado dos tributos delegados sexa suficiente para cubrir as obrigas derivadas do convenio. Para tal efecto, no acordo de aprobación do presente convenio, os concellos deberán autorizar expresamente á Deputación a deducir dos tributos recadados por delegación o importe non satisfeito en período voluntario das liquidacións de gastos derivados deste convenio.

A aprobación do convenio por parte da Deputación queda suxeita á emisión de informe pola Área de Facenda - Tesourería en canto á suficiencia da garantía prestada nesta modalidade.

No suposto de concellos que delegasen a xestión tributaria e recadación de determinados tributos, cuxo importe segundo o último padrón tributario sexa insuficiente para garantir as obrigas económicas derivadas do presente convenio, deberán igualmente constituír garantía polo importe da diferenza resultante nalgunha das fórmulas establecidas no apartado seguinte.

b) Alternativamente á garantía establecida no apartado a), os concellos poderán constituír calquera das seguintes:

- Aval prestado por entidade de crédito, polo importe total das obrigacións económicas derivadas do convenio, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Seguro de caución polo importe total das obrigacións económicas derivadas do convenio, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Acordo de afectación da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma do concello, polo que se autorice á Deputación a requirir ao seu favor o ingreso das cantidades adebedadas, sendo título executivo suficiente a certificación de descuberto expedida pola Intervención provincial. O acordo deberá afectar á participación en tributos ata o importe das obrigas económicas derivadas do convenio, e para a súa validez deberá acompañarse de certificación expedida polo secretario – interventor do concello na que se expresen as débedas líquidas, vencidas e esixibles do concello coa Administración Xeral do Estado e calquera dos seus entes dependentes, a Comunidade Autónoma e calquera dos seus entes dependentes e a Tesourería da Seguridade Social, e se acredite que a cantidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

afectada da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo o caso, non se atopa xa afecta ao cumprimento doutras obrigas de calquera clase.

4. Para os efectos do establecido no apartado 3 desta cláusula, o importe das obrigas económicas derivadas do presente convenio establécese, para cada concello, nas seguintes contías:

Cenlle: cen mil euros (100.000 €)

Punxín: setenta e cinco mil euros (75.000 €)

San Amaro: cen mil euros (100.000 €)

As garantías establecidas para a válida aprobación do convenio deberá acadar o importe sinalado. Sen prexuízo disto, os concellos poderán actualizar á baixa as garantías constituídas nos seguintes supostos:

a) Unha vez adxudicado o contrato de servizos, en función da baixa obtida pola Deputación na licitación.

b) A medida que se vaian aboando as liquidacións trimestrais de custos, polo importe efectivamente aboado.

No suposto a), a Deputación comunicaralles aos concellos a baixa obtida e a rebaixa do importe da garantía resultante, de ser o caso, podendo a partir deste momento os concellos proceder directamente ao reaxuste da garantía, comunicándollo á Deputación.

No suposto b), os concellos poderán proceder ao reaxuste das garantías de modo directo, comunicándollo á Deputación.

5ª) Vixencia temporal do convenio.

O presente convenio terá unha duración de catro anos, contados a partir da data da súa formalización, podendo prorrogarse nos termos e prazos establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

6ª) Eficacia temporal das delegacións de competencia contidas no presente convenio.-

As delegacións de competencias outorgadas á Deputación Provincial a través do presente convenio producirán efecto nos seguintes termos:

a) A delegación do exercicio das competencias para a preparación do expediente de contratación terá efectos a partir do día seguinte ao da formalización do convenio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

b) A delegación do exercicio das competencias para a licitación e adxudicación do contrato do servizo, terá efectos a partir do día seguinte ao da adopción polo órgano municipal competente do acordo de conformidade co proxecto de expediente de contratación.

7ª) Causas de resolución do convenio.

O presente convenio resolverase polas causas establecidas no artigo 51 da Lei de réxime xurídico do sector público.

En caso de resolución anticipada do convenio, os concellos subrogaranse nos contratos delegados adxudicados pola Deputación.

8ª) Comisión de seguimento, control e vixilancia.

Establécese unha comisión de seguimento, control e vixilancia paritaria do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado de cooperación e dous representantes de cada concello designados polos respectivos alcaldes.

A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente e o xefe da Sección de Augas, con voz pero sen voto.

Os representantes dos concellos poderán asistir ás sesións acompañados de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.

Actuará como secretaria da comisión a asesora xurídica da Área de Medio Ambiente, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polos concellos, conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

Serán de aplicación ao funcionamento da comisión as normas sobre órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo de que a comisión poida establecer as súas propias normas de funcionamento.

9ª) Réxime xurídico.

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso - administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

efectos e extinción, así como respecto dos actos de aplicación adoptados pola comisión ou polas administracións públicas que o subscriben.

Disposición transitoria.

Ata a perfección do contrato do servizo de explotación da infraestrutura a que fai referencia a cláusula 3.1.a do convenio, a xestión das instalacións levarase a cabo de acordo co establecido no Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a prestación de asistencia para a xestión das instalacións de abastecemento en alta “Razamonde-San Trocado” durante o primeiro semestre de 2017 (BOP núm. 1 de 2 de xaneiro do 2017).

Se o 1 de xullo do 2017 aínda non se perfeccionara o contrato do servizo de explotación da infraestrutura a que fai referencia a cláusula 3.1.a do convenio, a xestión das instalacións seguirá a ser desenvolvida pola Deputación Provincial de Ourense de acordo cos termos que se conteñan no instrumento xurídico no que se formalice.

2º.- Trasladarlles este acordo aos concellos interesados e Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

6º.- RATIFICACIÓN DA PROVIDENCIA DE PRESIDENCIA DE INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE AO ESCRITOR CARLOS CASARES.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, grazas señor presidente. Falar de Carlos Casares é falar dun recoñecido escritor cunha extensa obra literaria, é falar dun escritor que utilizou e axudou a dignificar a nosa lingua, é falar dun grande persoeiro das nosas letras ao que este ano se lle adicaron as Letras Galegas 2017. Carlos Casares Mouriño en realidade é un galego universal que, como todos os bos e xenerosos, a súa vida non estivo exenta de atrancos. No ano 1970 foi expulsado dun instituto de bacharelato de Viana do Bolo e apartado da docencia en Galicia, tivo que emigrar ao País Vasco para seguir exercendo unha profesión na que empezara nese mesmo curso. O entón alcalde dese concello ourensán, Neftalí Prieto, abriulle un expediente – lembramos que o instituto daquela era de titularidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

municipal- acusándoo de influenciar politicamente ao alumnado. Dixeron que era unha obra de teatro subversiva, porque falaba de caciques e de señores feudais, e abríronlle o expediente. ¡Que pouco cambiaron as cousas! Primeiro foi o Instituto onde impartiu clases o que no 2004 lle fixo un acto de desagravio pódolle o nome ao centro. En datas recentes, o concello de Viana do Bolo, repudiaba en Pleno a súa expulsión da vila e da docencia. A Deputación de Ourense ten agora a oportunidade de facer xustiza e tamén de reparar a súa memoria, pois o instigador e principal impulsor do seu exilio foi deputado provincial durante anos ocupando esas bancadas. O noso voto dende logo, non pode ser doutra maneira, vai a ser a favor. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, nós, sinxelamente aclarar que aínda que votamos a favor do ditame na comisión informativa, previamente votouse a urxencia entón queremos facer constar que, como xa fixen na comisión, nós tratamos de non confundir o que é urxencia co que é oportunismo. Pensamos que a concesión desta medalla foi proposta polo Partido Popular, non por motivos de urxencia – tantas veces o Partido Popular di que hai cousas que poden esperar un mes ou dous sen ter que votar a urxencia nunha comisión; nós pensamos que esta medalla concédese por motivos oportunistas, ou oportunos podemos dicir, pero en todo caso non o considerábase urxente. Queríamos un pouco dicir iso para deixar constancia da maneira en que o Partido Popular utiliza ese recurso das mocións de urxencia. Nada máis, grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do Partido Socialista, moi ben, pola nosa parte lembrar que, aparte do que aquí xa se glosou deste insigne escritor desta provincia –non imos redundar no mesmo, nin na súa calidade literaria, nin na súa calidade humana - lembrar tamén que foi un representante político da nosa formación; é razón de máis para que nós votemos a favor e nos alegremos de que se traia isto aquí. O que si tamén nos gustaría é que, si é certo como que di o señor Ojea que desprende certa improvisación o traer con esta présa e por unha razón urxencia esta distinción. É unha mágoa que non se tivese aprobado antes e que o día 17, alí no acto en Xinzo, en vez de dicir que se ía abrir este expediente, se entregase xa alí a medalla de ouro a Carlos Casares, aos familiares, esa distinción – que por certo, xa o propio Concello de Ourense a fixo denantes; xa digo, foi unha pena que non fixese no seu momento. Así e todo, nós, polo que levamos dito, imos apoiar e a parte xa digo, alegrámonos de que se lle conceda, ou inicie ese trámite para conceder a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

medalla a este persoeiro. Moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo do Partido Popular, eu quero agradecer a oportunidade de falar de Carlos Casares que, como ourensán e como galego e como amante da terra me permite esta ocasión. Foi un exemplo de xenerosidade, de amor profundo á terra que o viu nacer e ás súas xentes. O recoñecemento e a honra á súa memoria deben ser permanentes, pois deuno todo por Ourense sen pedir nada a cambio. Coñecía a realidade en profundidade, o rural e o urbano, dun xeito especial as terras da Lima. As súas vivencias quedaron patentes na súa maneira de ser e na súa obra. Os seu libros, exclusivamente en Galego, aínda que foi tentado a escribir en castelán renunciando a facelo sabendo que lle reportaría importantes ingresos o que demostra o que significaba para el a nosa lingua. Tolerante, sempre tendendo pontes, buscando entendemento dende un galeguismo integrador, escribiu para un público amplo e diverso, fíxoo dun xeito especial para os nenos, as nenas e os mozos o que levou a moitos a engancharse á lectura e gozar dela. Traduciu un número considerable de obras ao galego. Como profesor os seus discípulos estrañan a súa peculiar forma de ensinar, pois semellaba estar contando un conto, o que facía maxistralmente. Foi un gran embaixador de Galicia, da súa lingua, da súa cultura, da súa xente; é un referente para todos. Numerosos títulos e libros recollen a súa obra. En canto ás opinións dos señores deputados, para min todas respectables, debo dicirlles que non era preciso que viñera ao Pleno, pois é unha decisión do presidente e tan sequera tiña que vir aquí, iniciar o expediente sen máis; nin é unha cuestión de oportunidade, nin moito menos. Imos ser respectuosos con Carlos Casares; imos a esquecernos, porque xa así o decidimos os españois e as españolas, que os tempos anteriores xa pasaron, estamos no ano 2017 e polo tanto esta é unha proposta, non do Grupo Popular, é unha proposta do presidente desta institución que representa aos noventa e dous concellos da provincia e que representa a todos os ourensáns con independencia de como pensen, como tamén o facía Carlos Casares. Carlos Casares representaba ás persoas que naceron en Ourense, ás persoas que naceron en toda Galicia, e representounas coa súa obra, dedicándolle o mellor da súa vida, renunciando a todo a cambio de facelo en defensa da súa terra. Polo tanto, eu entendo que non é unha cuestión nin de oportunidade, nin de cousa. O expediente leva un recorrido, polo tanto creo que é agora cando comezamos e seguiremos o proceso como se fixo con outros expedientes. En canto ao que din vostedes que se puido facer antes, vostedes mesmos desde que se acordou que este ano se dedicara a Carlos Casares

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

tiveron oportunidade de presentar unha iniciativa que ninguén llo impedi; non o fixeron, fíxoo o presidente, pois o único que temos que facer é alegrarnos todos e, como dicía, que Carlos Casares perdure para sempre entre nós e sobre todo a súa forma de ser, a súa forma de pensar e a súa forma de entender o que somos e cara a onde imos. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a providencia da Presidencia, do 18 de maio de 2017, pola que se incoa o expediente para o outorgamento da medalla de ouro da provincia de Ourense ao insigne escritor ourensán don Carlos Casares Mouriño.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE REXEITAMENTO AO PECHE DAS OFICINAS BANCARIAS DA ENTIDADE ABANCA.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular, con número de rexistro 15.730, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente, bos días a todos señores e señoras deputados, secretarios e ás persoas que nos acompañan na sala. Recentemente tivemos que asistir á tentativa de peche de varias oficinas da entidade bancaria ABANCA na nosa provincia, que se sumaron ao acontecido noutras localidades do noso país. Concretamente, en Ourense, os directivos da entidade tiñan a intención de pechar a oficina de Villavidal (Ramirás) e a do Irixo. Isto provocou a mobilización cidadá en ambos os dous concellos así coma o rexeitamento público por parte dos seus representantes públicos. No caso de Ramirás, tras arduas negociacións, conseguiu chegar a un acordo momentáneo que vai ser revisado en meses. Detrás destas accións, lexítimas pero non éticas, hai un afán de maximización de beneficios e de redución de persoal que en nada concordan co espírito co que naceu a entidade agora convertida en banco. Lembramos que ABANCA antes de ser un banco privado tivo a súa orixe na fusión de varias caixas de aforros ligadas ás institucións públicas, dende onde se impulsou a súa creación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

Unha das caixas que conformaron a antiga Caixanova foi a Caixa de Aforros Provincial de Ourense, creada por esta Deputación en 1933 e que permitiu a concesión de empréstitos a moitos e moitas ourensáns e ourensás coas remesas que chegaban dos cartos dos nosos emigrantes. O desenvolvemento social e económico desta provincia, ó longo do século XX, non se comprende sen o esforzo que fixeron tantas familias que emigraron, primeiro a América e, posteriormente, a Europa e outros lugares de España. No momento do nacemento das caixas, tal como aconteceu en Vigo, quíxose aproveitar o fluxo económico existente e a necesidade de crédito para, cunha vocación social, crear un movemento no mercado e impulsar a creación de negocios. Así mesmo, dende a súa creación ata os nosos días, estas entidades destinaron parte dos seus beneficios a crear as chamadas *obras sociais* a través de fundacións ou entidades sen ánimo de lucro que contan coa colaboración, normalmente, das institucións públicas á hora de ofrecer os seus servizos á cidadanía. No caso da Deputación de Ourense isto non é diferente, mesmo despois da ruínosa venda da entidade, coa conivencia do señor Núñez Feijóo, a capital estranxeiro, a institución provincial segue a colaborar en proxectos da entidade cun suposto fin social. Tal é o caso do programa *Activamos - Transforma Ourense*, no que se pon crédito a disposición de familias, autónomos e corporacións locais e as colaboracións nos proxectos de *Ourense, provincia intelixente* e a *ICC Week*, entre outros. Dado o mandato da Deputación de Ourense para protexer, asistir e cooperar con todo o que precisen as entidades locais da provincia, resulta imprescindible o posicionamento ante estas accións dunha entidade que pretende recortar servizos nos nosos concellos, nomeadamente, nos de ámbito rural. A pesar do pouco que lle devolven ou devolveron á sociedade, despois de teren que pedir perdón publicamente polas desastrosas inversións en ladrillo durante a crise, ou da estafa masiva mediante a venda de preferentes, a entidade bancaria referida recibiu e recibe numerosos activos por parte dos ourensáns e ourensás, que seguen a confiar nos seus servizos. Esta confianza non se ve recompensada nin recoñecida a teor da política empresarial do banco para con esta provincia, augurando que van ser máis os casos de peche de oficinas. A pesares da aposta, decidida, dos bancos polos servizos da banca *on line*, algo que lles resulta tremendamente barato e con apenas mantemento, a fenda dixital na que vive esta provincia, sobre todo no rural, impide que os medios dixitais se coloquen coma a primeira opción para realizar as xestións bancarias. O peche das oficinas na provincia de Ourense vai a provocar, xunto con outras políticas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

nefastas para o asentamento de poboación, a morte de facto de numerosos pobos e localidades a medio prazo. Non existen razóns obxectivas para que se desenvolvan novos negocios ou se fomenta o emprendemento en concellos que perden servizos básicos, como o da atención bancaria. Os emprendedores e empresarios non van ter incentivos á hora de desenvolver o seu negocio en concellos rurais se ó lado teñen unha vila ou concello grande que conte con todo o que precisan, dende unha boa conexión a Internet ata un banco no que realizar as súas xestións diarias. Por outra banda, se obrigamos á xente a desprazarse para cobrar as súas pensións e facer as súas operacións, estamos impedindo que se xere movemento nos pobos, algo moi típico nos nosos concellos. Todos e todas coñecemos numerosos casos de persoas que aproveitan as súas visitas quincenais ou mensuais ao banco da localidade para efectuar compras nos negocios do lugar. Todo isto vai desaparecer se, dende as institucións públicas, non amosamos o noso rexeitamento cara estes peches por parte dunhas entidades que tanto nos deben, dende a súa creación ata o seu rescate, pasando pola estreita colaboración de concellos e organismos supramunicipais. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete a consideración desta Corporación a seguinte proposta de acordo:

1. *A Deputación provincial de Ourense amosa o seu rexeitamento público ás intencións de ABANCA de peche de oficinas bancarias na nosa provincia tanto pasadas coma futuras, así coma a todas as restricións de horario na atención ó público que propoñen.*

2. *A Deputación provincial de Ourense estudará polo miúdo a posibilidade de considerar os seus acordos de colaboración con esta entidade así coma os contratos económicos asinados, no caso de que se materialice algún peche de oficina bancaria nalgún dos concellos ourensáns, en aras de manter a función social coa que naceu a entidade.*

3. *Instar á Xunta de Galicia a que lidere as negociacións coa entidade sinalada a prol de que se impida a estratexia de peche de oficinas bancarias na nosa Comunidade e, nomeadamente, na provincia de Ourense.*

Moitas grazas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

presidente. Din os promotores da iniciativa que *de detrás destas accións, lexítimas pero non éticas, hai un afán de maximización de beneficios e de redución de persoal que en nada concordan co espírito co que naceu a entidade agora convertida en banco. ¿Que espírito?* Resulta inocente facer esa aseveración cando todos sabiamos cal ía ser o resultado final de tan magna operación. O proceso de fusión tivo enormes consecuencias negativas. O país quedou descapitalizado polo interese de entregar os aforros dos galegos e galegas a unha banca española que investirá noutras partes do estado ou no mercado da especulación global, provocando a desaparición do sistema financeiro autóctono. Xa que logo, unha parte deste peche de oficinas obedece ao proceso de reestruturación bancaria, - no caso galego sobre todo como consecuencia da fusión entre Caixa Nova e Caixa Galicia- o BNG xa levou ao Parlamento, en diversas ocasións, a progresiva desaparición de oficinas bancarias - 815 nos últimos anos - que afecta sobre todo ao medio rural, o que está dificultado o acceso dunha parte significativa da poboación a un servizo básico –como xa se expuxo na moción-, posto que hoxe é practicamente imposible desenvolver a vida profesional ou económica sen ter unha conta bancaria. Na actualidade hai unha media de 1.661 persoas por oficina, unha *ratio* inferior á media estatal, que é aínda máis baixa nas localidades do interior das provincias de Lugo e Ourense (2.900), Iso supón unha deterioro do servizo que en nada beneficia a fixar poboación na Galicia non urbana. O panorama bancario da provincia de Ourense deu un envorco nos últimos anos. A reestruturación do sector, que chegou a ter fai dez anos preto de 400 oficinas, provocou o peche de sucursais tanto na cidade como nas principais vilas. A día de hoxe, a cifra de oficinas reduciuse a menos de duascenas tras un longo e complicado proceso de fusionés, crebas ou recompras que tamén se levou por diante decenas de postos de traballo. Actualmente son unhas vinte as entidades de crédito que operan na provincia, que, como xa dixemos anteriormente, ostenta unha *ratio* dunha sucursal por cada 2.900 habitantes, de acordo co anuario estatístico da Asociación Española de Banca. Esta *ratio* redúcese significativamente no termo municipal de Ourense, por ser o que máis oficinas concentra, un total 91. De feito, hai algunhas entidades que dispoñen dunha única oficina na provincia que presta servizos desde a capital. Fronte a esta aglomeración de sucursais na cidade, hai uns vinte municipios ourensáns que, a día de hoxe, non dispoñen de ningunha oficina, o que supón un problema importante para os seus residentes, sobre todo os de maior idade. E non so foi ABANCA a que foi pechando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

oficinas, tamén o grupo Banco Popular, que absorbeu ao Pastor - outra entidade de gran penetración no rural galego- o Banco Santander, BBVA, e A Caixa, foron desfacéndose de moitas das oficinas que posuían no rural. O resto de entidades son puramente residuais. Consecuencia da redución de oficinas que se veu rexistrando tanto en Ourense como no resto de España durante os últimos anos foi, como non, a diminución dos postos de traballo. De feito, no ano 1997 o sector da banca, que entón incluía tanto bancos como caixas de aforros, contaba con preto de 1.600 traballadores empregados na provincia de Ourense, cifra que se foi reducindo ano tras ano e actualmente estaría en torno aos 800 -segundo datos, como digo, da Asociación Española de Banca e das propias entidades- o que supón que o emprego no sector reduciuse nun 50 %. A Xunta de Galiza non pode ficar á marxe e ten o deber de garantir os servizos bancarios a toda a cidadanía con independencia do lugar de residencia. O recorte de oficinas presenciais non pode suplirse coas oficinas virtuais da banca dixital, cuxo nivel de implantación e de uso é aínda moi reducido. Apenas un terzo da poboación usa con regularidade esta ferramenta, porcentaxe que é moito menor nas localidades rurais onde os usuarios e usuarias non están familiarizados coas novas tecnoloxías e tampouco saben como obter información bancaria de calidade e solvente a través da rede, por máis que esta sexa a provincia *intelixente*. Se quitamos os servizos do rural estamos contribuíndo ao abandono e despoboamento, coas consecuencias nefastas que iso ten para a nosa provincia. Cada medida que se toma é lesiva para os nosos intereses como país. Son as oficinas bancarias, os rexistros civís, os rexistros da propiedade, a carencia dun transporte vertebrador, son só algún exemplos de medidas políticas en contra da fixación de poboación nas zonas rurais. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:

buenos días a todos. Antes de nada decir que, por motivos altamente profesionais, dentro de un rato tengo que marcharme, entón a lo mejor en esta primeira intervención hablo un poco máis, no me lo tengan en cuenta. Lo digo porque si ahora hablo de máis, luego hablaré de menos porque no estaré. En cualquier caso, no me tengan en cuenta lo de ausentarme porque soy el que menos cobro de esta Corporación, de los veinticinco, así que tampoco van a decirme que tengo dedicación exclusiva, porque no la tengo. Cobro 200 € por cada Pleno, es lo que cobro aquí. Bueno, pues antes de nada decir que como dice la canción de Julio Iglesias: *unos vienen y otros se van*, ¿no es así Armando? Armando sabe todas las

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

letras de las canciones. *Unos que vienen y otros que se van*. Entonces desde aquí darle obviamente la enhorabuena, darle la bienvenida a ese retoño que ha venido de la diputada Montse - que hoy no está - del PP; que esperemos, como dije, casi estoy convencido que va a ser un votante de Democracia Orensana; sobre todo si tenemos en cuenta las encuestas de *La Voz de Galicia* que dice que más del 50% del voto joven de menos de 30 años vota a D.O. Hay muchas posibilidades de que sea votante de D.O. según las encuestas últimas de *La Voz de Galicia*. El futuro es nuestro, Plácido. Y decir que como dice la canción: *unos vienen y otros se van*, entonces desde aquí mandar unas palabras de recuerdo a una persona que se ha ido –además trabajó en esta casa- que es Manuel Rego Nieto, que fallecía estos días y que Democracia Ourensana en el Pleno del mes de julio propondrá una especie de reconocimiento para esta persona, una calle, una plaza, algo haremos en reconocimiento a esta persona que trabajó aquí. Fue de las primeras personas que empezó a tener valor de criticar a José Manuel Baltar, yo creo que eso realmente le honra, tanto al padre como al hijo. Es curioso, es irónico, escribió varios libros estos días, antes de fallecer: *Maribel por qué me persigues*, *Afiador ya tienes monumento*. Era un carlista, y es curioso porque en su último artículo escribió algo de esta Diputación –fíjate lo que es la vida- y decía algo así: *A Deputación, a través do seu xornal La Región, obséquianos un día si e outro tamén coas maravillosas relacións que mantén cos Estados Unidos – o Presidente da Deputación- agora coa Administración do Impresentable Trump –bla, bla, bla- Este persoaxe, José Manuel Baltar, que ten a bendición do xornal ourensán viaxa aos Estados Unidos, a conta de quen? Nos Plenos da Deputación nin está coa súa verba, nin resposta ás preguntas que lle fai a oposición, en especial o Sr. Jácome de Democracia Ourensana, limítase a dicir: ten palabra o PSOE, Democracia Orensana ou o BNG, e de aí non sae nin unha soa verba máis: claro que, á súa dereita está un deputado - un señor Pumar - que vai de cotilleo á súa orella, mais, de que falan? A saber*. Este fue uno de los últimos artículos del señor Rego Nieto, que lo escribió en abril de 2017. Que descanse en paz y esperemos que sea recordado porque es una persona con valor, orensano de pro, que realmente demostró muchísimo valor. Es de los primeros que levantó las voces en Orense contra los caciques. Bueno, ya respecto a todo este tema, el tema de ABANCA, ya vamos con la moción en cuestión. Como se suele decir en gallego, con el tema este de ABANCA, *Dios nos libre dun xa foi*, o, *tarde piaches*; es realmente irónico que el Partido Socialista Obrero Español, que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

fue uno de los protagonistas de la putrefacción de las cajas en toda España, me hace gracia porque decía la diputada socialista cuando era Caixa Ourense y después de produjo la fusión de varias cajas. No es la fusión, es el robo. Se produjo el robo de varias cajas. Ourense, por aquel entonces, tenía un patrimonio, unos activos lo que es Caixa Ourense, en torno a unos 30/40 millones de euros, de aquellas, 30/40 millones de euros. Es curioso, porque aquel patrimonio que se perdió, se perdieron esos 30/40 millones por la actitud de los políticos; el BNG que no critique mucho tampoco, porque cuando estuvo en el bipartito tampoco hizo nada para cambiar el timón, y cuando en el Concello de Ourense estaba en el consejo de administración de Caixa Ourense y después de Caixa Vigo, el Concello de Ourense –con el BNG gobernando con el PSOE- no hizo gran cosa; entonces claro criticar ahora es muy fácil pero cuando se estuvo no se hizo absolutamente nada, ni del PP, ni del PSOE, ni del BNG. Decir que aquellos 40 millones que fue una auténtica pérdida para los ourensanos, hemos perdido 40 millones, ojo, es el doble, si eran 30/40, es el doble de lo que han perdido esta semana el señor Pumar, José Manuel Baltar y el alcalde de Ourense, con la pérdida de la subvención de la Unión Europea: 15 millones. Es decir, si fue una tragedia haber perdido Caixa Ourense, estos, esta semana, han perdido casi el mismo importe que Caixa Ourense. Hablamos de 2.500 millones de las antiguas pesetas, una auténtica bestialidad. Realmente eran muchos más, me equivoqué, no eran 30 millones, los activos que Caixa Ourense eran en torno a 300 millones porque eran 50.000 millones de pesetas; o sea que eran muchísimos más. Decir que hasta que punto estará todo eso putrefacto que hasta los dirigentes acabaron en la cárcel, como era el señor Gayoso. Me hace gracia porque ayer me encontré a una persona que es allegada a esta Diputación, es el señor Abel Fraga - está íntimamente ligado aquí a Rosendo - y para que se hagan una idea de lo que eran las cajas públicas, ayer vi a Abel Fraga - no le importará que diga esto - y le dije: *oye, mira, mañana lleva el PSOE una historia sobre ABANCA. Tú, cuando fue el tema de la fusión, ¿tú qué opinas? ¿Fue un robo para Ourense aquello cuando se fusionó con Caixa Vigo? ¿Empezó ahí el robo? Me dice el tío: para mí de puta madre la fusión de las Cajas –cuando Caixa Ourense se integró con Caixa Vigo- para mí de puta madre: pasamos de quince pagas a veinte. Los empleados pasamos de quince pagas a veinte, yo pasé a ganar unos 8.000 € más. É o único que lle importaba. Es decir, las Cajas eran una caja para ir a coger dinero, las tarjetas black como ocurrió en Madrid, como ocurrió en Galicia, como los*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

empleados. Aquí estaba la gente porque los sueldos de los empleados de las cajas públicas – es una realidad - cobraban más que sus homónimos en las empresas privadas, en los bancos de las empresas privadas. Así acabaron las cajas, cuando se metieron los políticos en los consejos de administración, pues se fue todo como se fue, un auténtico robo. Entonces, claro, una vez que ahora se han privatizado esas cajas, ahora dicen: *no, no, no que no cierren sucursales*. Oye mira, ahora *bótalle un galgo*. Aquí el auténtico robo se produjo antes, ahora ya que le vas a decir a una empresa; lo que no tenías que haber hecho era privatizarla del modo que se privatizó; es decir, eran en torno a 8.000 millones de euros y el Estado puso 7.000 y el vivo este de Venezuela puso 1.000 millones, puso un 15% y se quedó con ABANCA. Ese fue un auténtico robo, permitido obviamente por el Partido Popular; pero al que anteriormente contribuyeron el PSOE y el BNG. Es realmente la historia, entonces ahora decir que non pechen as Caixas que xa está privatizado, *agora bótalle un galgo*. Entonces esto de aquí es una auténtica hipocresía. Traer esta moción aquí es una auténtica hipocresía. Decir que, obviamente, quien fue el gran culpable de todo esto, en lo que a Orense le toca, el mayor culpable es el Partido Popular y no podemos dejar pasar esta intervención sin hacer referencia a lo que ha pasado estos días y donde realmente está todo relacionado, que es el tema este que pasó estos días con la Diputación y con el Concello de Orense. Nos anunciaban aquí que *la Diputación y Pricewaterhouse asinan unha alianza estratéxica para atraer proxectos europeos a Orense*, dicen que *asinou un compromiso de colaboración con Pricewaterhouse Coopers, unha das máis prestixiosas compañías no ámbito internacional da consultoría de negocio*, es decir, presumían, gastaron 70.000 € contratando a esta empresa –estos dos señores de ahí, José Manuel Baltar y Jorge Pumar- gastaron 70.000 € y al final consiguieron 0 €, presumiendo de esto. Entonces, digo yo, si contratan a una empresa de élite para conseguir fondos donde otras provincias consiguieron, Vigo consiguió 15 millones de euros, me hace gracia porque esta semana ponían la excusa, Pumar ponía la excusa- y utiliza todas estas falacias que existen que son fascinantes en psicología - entonces decía: *nos han denegado 15 millones de euros los fondos europeos y fíjate Gonzalo* – me decía Pumar - *fíjate que esos fondos europeos se fueron 15 millones para Vigo, 15 millones para Coruña, después fueron 10 millones para Pontevedra, 10 para Lugo, 10 para Santiago, 10 para la zona de Ferrol y Narón, fíjate que todo el dinero va para ciudades donde no gobierna el PP*. Pero vamos a ver, vamos a ver,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

¡claro que no gobierna el PP! Es que el PP sólo gobierna en Orense. Si resulta que el PP gobernase en parte de las provincias gallegas y sólo se la diesen a las otras entonces habría un sesgo y podríamos decir ¿qué pasa aquí?, pero es que Orense, Orense no gobierna en casi ningún lado de Galicia. De las siete ciudades gallegas, de las siete grandes ciudades gallegas, el PP sólo gobierna en una. Es normal que los fondos vayan principalmente para donde no gobierna el PP porque realmente ya son la gran mayoría. Sin embargo, en ningún caso se le niega al PP, porque Redondela que gobierna el PP se lleva millones de euros y Orense nada. En Arteixo donde gobierna el PP, Arteixo se lleva millones de euros, Orense nada. En Ribeira donde gobierna el PP, millones de Euros. En Marín donde gobierna el PP, se llevan hasta 4,9 millones de euros, Marín que gobierna el PP. Entonces obviamente es una falacia y una mentira de Pumar. ¿Por qué no nos han dado el dinero? Porque mientras este señor estaba paseando como en la película, en lugar de *Paseando a Miss Daisy*, paseando al señor Kennedy por Orense, y a tirarse haciendo saltos de trampolín a la piscina allí en el río Sil, presumiendo haciéndose *selfies*; pues se estaba perdiendo, realmente, el hacer un proyecto como Dios manda para que nos dieran fondos europeos. Entonces se presentó un proyecto que era una *trapallada*. Mientras los demás presentaban proyectos reales, por ejemplo *Vigo Vertical* donde quiere hacer una rampa mecánica que una todo lo que es la Gran Vía subiendo hacia la Plaza de España, estos hablan de *provincia inteligente*, cooperación con no sé quién; hasta metieron un rollo de creación de empleo. Son tan inútiles que no saben que está prohibido para las administraciones locales abordar temas de empleo, son burrísimo, está prohibido porque no es competencia local y aun así le metieron un millón para esos fondos, que obviamente al ser una irregularidad, fue posiblemente una de las causas. Son unos auténticos inútiles. Pero fíjate que la curiosidad, que es lo que viene a enlazar todo esto con las cajas públicas - tiene también relación- que es la culpa de la prensa. En el momento que hay dinero público se mezcla todo. Ese día La Voz de Galicia saca aquí en portada: *la Diputación orensana deja escapar 15 millones de ayudas europeas*, que es la mayor inepticia que han hecho estos dos en el tiempo que están ahí. Eso lo saca *La Voz de Galicia* y ese mismo día, el periódico *La Región* no dice ni una sola línea. El periódico *La Región* que recibe de esta Diputación en torno a 600.000 euros al año, 100 millones de pesetas. Esto es realmente por lo que se hundieron realmente las Cajas, porque se utiliza el dinero de todos para comprar a los demás, y esto es realmente el

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

por qué Orense es una provincia pobre. Fíjate porqué somos más pobres que los demás, además deberíamos recibir más fondos porque somos más pobres - en Europa suelen mandar fondos de cohesión a las zonas más pobres-, se consiguen porque Orense baja el nivel pero luego no vienen, en este caso por la inepticia de estos. Fíjate que quien decidió eso fue un tribunal, un tribunal europeo; ahí no tiene ningún mando Baltar con *La Región* para que lo saquen. Él sí que tiene mando para pagar 200.000€ - 33 millones de pesetas - al *Correo Gallego* para salir en portada. Aquí sale: *un Kennedy en Orense* y aquí sale en portada del *Correo Gallego*. Esto está comprado, son 200.000 € al año, el *Correo Gallego* publica todo de Baltar en portada porque le paga 200.000€. ¿Por qué quiere salir en el *Correo Gallego* si allí no tiene votos el PP orensano? Porque le interesa mantener fuerza en el PP gallego para que parezca que es un gran personaje, para que en el PP gallego lo respeten y por eso lo hace con nuestro dinero compra su figura más allá de estas provincias. Lo curioso es que *La Región*, que no publicó nada el día que se perdieron los 15 millones de euros, al día siguiente saca una noticia a toda página que pone: *la provincia inteligente recibe un premio nacional*; o sea, un día después de perder los 15 millones de euros - que es la mayor inepticia que ha ocurrido en esta provincia en los últimos años - *La Región* no saca nada pero saca para autobombo del señor Pumar: *la provincia inteligente recibe un premio nacional*. Todas estas *trapalladas*, que a los europeos le importan un bledo, porque a la hora de evaluar Orense le dicen: *a ver, ¿esto de aquí qué es?, provincia inteligente, esto é unha trapallada*. O sea, cómo se arroga llamarse provincia inteligente, la provincia última de España en todos los indicadores económicos. En todos los indicadores somos los últimos y tiene el valor de llamarse provincia inteligente ¿por qué? Porque lo dije yo aquí en su día, es un megalómano y un psicópata; yo fui la primera persona en desvelarlo, ahora todo el mundo lo está comentando. Es una persona que hace igual que los dictadores de los regímenes comunistas; a la República China se le llama República Popular China, del pueblo; a la República Democrática alemana que era una dictadura, en vez de la RFA, se le llamaba República Democrática Alemana, donde había una dictadura se le llamaba República Democrática Alemana. Claro, la provincia que está última hace lo mismo, meterle un adjetivo de todo lo contrario. Cuanto más abajo se está, más se miente. ¿Qué más tenemos aquí? Fíjense qué insulto a la inteligencia, página de *La Región*, el 21 de mayo de 2017, unos días antes de perder ese dinero: *necesitábamos una base en Europa y*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

Baltar es el líder adecuado para eso. David Levine presidente del Consejo Americano de Negocios Sostenibles (ASBC). Toda esta patraña de intentar engañar a los orensanos sólo ha servido para, a la hora de la verdad, perder los 15 millones de euros que era donde se jugaba el partido; todo lo demás palabrería. Pierden 8-0 el partido y luego hacen publicidad. Sale también en la portada del *Correo Gallego* y en *El Mundo* –porque *El Correo Gallego* se distribuye con *El Mundo* en Santiago-: *oxígeno para Baltar* – en *El Mundo* salió a nivel nacional a través de internet- *tras el archivo de la denuncia contra él por acoso sexual*; por cierto, no te alegres tanto por este archivo porque, primero está recurrido, segundo si estás de acuerdo con lo que dice la jueza, si todo lo que dice la jueza que eran hechos probados que son ciertos, deberías dimitir porque ha sido una actitud más repugnante imposible. ¿Tú crees que esos hechos que la jueza dice que son ciertos, son ejemplo para algo? ¿Tú puedes dar lecciones para algo? ¿Qué ejemplo le das a la sociedad? Le estás diciendo a todos los políticos: *hagan lo mismo que hice yo que me lo pasé de maravilla con dinero de sus ciudadanos y salí impune.* ¿Ese es el mensaje que mandas? Deberías dimitir y no presentarte más por Orense cuando la jueza dice que todos esos hechos son ciertos; pero en cualquier caso, hay que acatar las cosas, para lo bueno y para lo malo, o sea que vamos a esperar a lo que dice la Audiencia. Y otra vez aquí, *Baltar reúne en Harvard con Robert Kennedy, sobrino de JFK.* Me hace gracia porque esto de reunirse primero es un acto de paletismo que ya *Fortadelo y Filemón, Ibáñez* - que era el autor- hablaba de lo que eran estos chistes de *hijo de* y ponía una viñeta en la que le decía: *¡ostra! Esa tía es muy importante porque es la hermana, de la prima de la portera que conoce a un sobrino del que trabaja con Santillana del Real Madrid.* Era así. Pues este igual, es el hijo de Kennedy. ¿cuántos sobrinos de Kennedy habrá en el mundo viviendo del cuento, como el que engatusó aquí a este? ¿Cuántos sobrinos de Kennedy habrá? Seguramente hai uns dezaeito, vivindo do conto coma este; haciéndose *selfies* y cobrando por ello. Fíjate porqué le importa a él tanto que sea *sobrino de*, porque hay que ser paleta para *decir tuve una reunión con el sobrino de*, hay que ser paleta; pero claro, te pones a pensar y tiene sentido, es decir, el ser *sobrino de* tiene mucho sentido porque él es *hijo de*. José Manuel Baltar llegó donde llegó por ser *hijo de*; entonces él le da mucha importancia cuando ve a alguien que es *sobrino de*, *¡home, uns dos meus!* Cuando vio al Kennedy, dijo: *un dos meus. Nós tamén chegamos aquí pola familia.* Y al final lo que ocurrió es lo que dicen en la película de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

China Moon, que seguramente José Manuel Baltar pensará que *China Moon* significa la luna de china; pero no, no significa la luna de China, José Manuel, lo que pasa que por muchas veces que hayas estado en Estados Unidos – el otro día me hizo gracia porque estábamos viendo tu nivel de inglés y eres realmente presumido incluso en lo que no tienes - y *China Moon* significa *Luna de Porcelana*, porque China significa porcelana en inglés - porque la porcelana venía de China originalmente; total, que en esta película tenían una frase muy buena porque era de un detective de asesinatos, y el detective de asesinatos tenía una frase muy buena y por eso saco a colación lo de la película *Luna de Porcelana*. El tío estaba convencido siempre de que iba a pillar al asesino y el detective decía: *tarde o temprano acaban cagándola*. Esa era su frase, tarde o temprano acaban cagándola. Y estos tarde o temprano acaban cagándola y ya la cagaron. Con todo esto que estuvieron presumiendo estos días, todo lo de Kennedy y la misma semana, los mismos días que estaban presumiendo de Kennedy, de hacer encuentros internacionales con Estados Unidos, de provincia inteligente, no sé qué, viene Europa y les dice: vosotros sois los únicos de Galicia que os quedáis sin un duro de subvención por haber hecho un proyecto ruinoso. Tarde o temprano acaban cagándola, ahí está.

D. José Antonio Feijóo Alonso, portavoz do Grupo do Partido Popular: bos días a todos e a todas. En relación coa moción, ten que desculparme porque estou un pouco perdido, xa non lembro case cal era o contido da moción que estamos a tratar porque penso que aquí se fala de todo e acabamos perdendo o fío desa orde do día que por respecto a todos deberíamos de manter. En todo caso, dicir que nós entendemos que a moción do Partido Socialista, aínda que coincidamos no fondo da mesma, cremos que ten montón de inexactitudes e de erros e por iso vimos a propor a moción de substitución á que antes aludiamos, xa que consideramos que con esta entidade débese facer unha negociación de respecto e unha negociación tendo en conta as circunstancias actuais que non son en absoluto as que se reflicten na moción que estamos a aludir. En principio nada máis, moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Moitas grazas ao deputado do BNG pola súa defensa do rural. A modo de comentario, quería dicir ao noso compañeiro Jácome, que nos deleita moitas veces cos seus chistes e as súas ocorrencias, moitas delas acertadas; pero nesta ocasión creo que non foi moi

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

acertado ao dicir que esta moción é unha hipocrisía. Primeiro, creo recordar, non estou segura ao cento por cento, que o Partido Socialista non estaba de acordo coa fusión das caixas, e cando se realizou a fusión das caixas e a concesión despois do banco a capital estranxeiro, gobernaba Núñez Feijóo; iso como aclaración. Respecto ao tema de que non é ningunha hipocrisía baixo ningún concepto, porque somos deputados provinciais e defendemos á provincia e a nosa provincia é eminentemente rural, rural. O que está a pasar agora e que están pechando as oficinas no rural, entre elas no meu concello que é Ramirás onde eu son portavoz, e que grazas á mobilización cidadá paralizouse momentaneamente este peche. Non é só exclusivo de Ramirás, hai en moitas provincias como recordou aquí o portavoz do BNG, a crise varreu máis 140 das 360 oficinas que había na nosa provincia no ano 2009. Hai 23 municipios de Ourense que non teñen nin unha soa sucursal bancaria, entón van recortándose servizos para posteriormente eliminalos; polo tanto, esta portavoz neste momento como deputada e defensora do rural ten que defender o rural para que non siga morrendo o noso territorio. Ao respecto da emenda de substitución do Grupo Popular, eu quixera comentar que esta Deputación ten que defender aos habitantes desta provincia e defender as súas condicións de vida; estamos nunha provincia, como dixen antes, eminentemente rural e avellentada, cunha poboación totalmente dispersa en núcleos moi pequenos e cunha fenda dixital moi ampla. No canto de facer tantas misións internacionais, señor presidente, eu recomendaríalle que visitara os núcleos do rural e que os coñecera e coñecera tamén as súas peculiaridades e as súas necesidades nunha provincia no que o acceso á banca telemática é unha utopía para moitos e moitas. A estratexia para recortar o servizo do rural non é doada e é necesario defender que isto non siga sucedendo. Más alá da rendibilidade e do aforro do custe, entre eles o do persoal que lle pode recortar estes peches a unha entidade rescatada cos nosos cartos, non se entende a decisión de deixar sen servizo a moitas persoas e impedir que moitas outras, ás que se lle está negando a posibilidade de quedar nos pobos, asentarse e emprender; polo tanto, seguimos apostando polo desmantelamento rural. Dende a banca son incapaces de ver o factor oportunidade, só pensan no público cando chaman ás portas das institucións cando teñen que salvar o seu negocio; pero estamos a falar da nosa provincia, estamos a falar dos nosos veciños e veciñas e estamos a falar dos nosos concellos e estamos a falar do rural. Estes peches obrigan ás nosas xentes a desprazarse bastante quilómetros co cal os estamos obrigando a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

que fagan outras xestións – compras por exemplo - noutras localidades limítrofes; co cal pechar un banco no pobo arrastra consecuencias para o desenvolvemento xeral do núcleo, para o resto dos negocios que, tarde ou cedo, terán que botar o peche. Por outra banda, dentro da emenda, a chegada das oficinas móbiles xeran tamén outro tipo de situacións indesexables. Moitas veces os pensionistas por non desprazarse varias veces a estas oficinas móbiles, retiran grandes cantidades de cartos o que pode supoñer que..., ben, perdínme, perdón. Quería explicar que a retirada de cartos do pensionistas do rural que teñen que facer desprazamentos, pagar taxi é moitas veces non teñen transporte público, ao retirar grandes cantidades de cartos, os amigos do alleo moitas veces lle poden ir a roubar os cartos coñecendo estas situacións persoais do avellentamento dos nosos pensionistas. Tamén estas unidades móbiles teñen un servizo unha vez á semana, co cal onde hai grandes concellos como Monterrei, onde cada xoves hai colas quilométricas polo volume de negocio que xeran as adegas sen ir máis lonxe. Entón dicimos que coinciden comerciantes, empresarios, emprendedores, as oficinas e as sucursais permanentes son imprescindibles para asegura o futuro dun concello, do dinamismo da súa economía e da súa capacidade de xerar riqueza. Polo tanto, respecto da emenda do Partido Popular, baixo ningún concepto podíamos aceptar que *se instalen os medios automáticos ou telemáticos que permitan facer as operacións máis habituais para o usuario, como retirada e ingreso en efectivo ou pago de recibos*; tampouco *poñer a disposición dos cidadáns oficinas móbiles e á súa vez programar accións formativas para que os cidadáns do rural poidan comprender a operativa destes medios*; aínda que serían empregados como substitución das oficinas presenciais. Polo tanto, estes dous apartados non os podemos admitir porque estamos defendendo as oficinas presenciais en cada concello. Polo tanto, poderíamos aceptar o primeiro apartado como punto único: *instar á entidade de ABANCA a que colabore na prestación de servizos aos concellos do rural dotando dos medios materiais - engadindo tamén- e de persoal preciso para prestar un servizo eficiente*. Moitas grazas, por agora nada máis.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Ben, eu tamén, ao mesmo que a portavoz do Partido Popular, teño que facer un exercicio para volver centrarme no punto da orde do día. En todo caso, aclararlle dúas cousas ao portavoz de Democracia Ourenzana, as súas intervencións son sempre moi didácticas, moi

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

agradables de seguir, e sobre todo moitas veces cheas de grandes verdades, neste caso coincidimos con el en que o da venta das caixas e todo este proceso foi un auténtico roubo e un espolio ao aforro dos galegos; en todo caso temos que aclararlle que foron Partido Popular e Partido Socialista os que votaron a favor do FROB e o Bloque Nacionalista Galego levou, no seu momento, diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a venda das caixas porque pensabamos que poderíamos estar diante dun posible delito de malversación dos fondos públicos. Neste tema, no tema da venta de Novagalicia Banco, etcétera ..., como en moitos outros, o Partido Popular co señor Feijóo á cabeza perdeu unha grande oportunidade de facer país, de tomar unhas decisións a prol dos nosos cidadáns, de poñer por diante os intereses dos nosos cidadáns e non os intereses particulares, os intereses de partido; e, como digo, fixo un negocio ruinoso vendendo a prezo de saldo unhas caixas a un grupo bancario que, eu creo, fixo o negocio da vida e estase vendo que, a partir de entón, da reestruturación, etcétera... non para de dar beneficios e xa ten máis que amortizado o custe ridículo que pagou por mercar toda a estrutura bancaria do noso País. Como digo, este feito xunto con outros, como por exemplo o concurso eólico ou poderíamos falar de moitas máis cousas, inhabilitaría a calquera dirixente –neste caso ao señor Núñez Feijóo - para presentarse a ningún tipo de elección para seguir rexendo os destinos de calquera País, neste caso Galicia. En todo caso, ao respecto da moción, nós estamos de acordo. Ao respecto da emenda estaremos ao que decida o Grupo Socialista como autor proponente porque neste pleno volvemos a ter outro exemplo do que é a práctica habitual ultimamente de emenda de substitución, emenda das emendas que o que fan é desvirtuar – como xa temos denunciado en moitas ocasións - os sentidos orixinais das propostas que presentamos os grupos, e facer que ao final do debate se aprobe algo que non tiña nada que ver absolutamente coa proposta orixinal. Como digo, neste Pleno temos un bo exemplo de todo iso porque practicamente todas as iniciativas que se presentaron por parte da oposición están emendadas por parte do Grupo de goberno, do Grupo do Partido Popular e que ao final deste debate, despois de estar aquí discutindo, aprobarase algo que non tiña en absoluto nada que ver coa intención orixinal dos Grupos. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:
gracias. Pues, efectivamente todas esas acciones de protesta y denuncia que hizo el Bloque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

son loables, que duda cabe. Menos mal que se les ha metido el miedo en el cuerpo y esas personas han acabado en la cárcel, algunas. Un poco contestando a la diputada del PSOE, pero también del Bloque, decir que los números no engañan y decir que cuando realmente se fraguó todo lo que es la ruina de las cajas, fue aquella época en la que reventó todo, fue en el año 2008, a partir de ahí con el tema de Lehman Brothers, ahí fue todo en dominó en caída; decir que el Bloque Nacionalista Gallego y el PSOE, sobre todo el PSOE que estaba al mando, gobernó Galicia, era quien realmente mandaba del año 2005 al 2009. ¡Oye! Lo de Lehman Brothers fue en el 2008, cuando se descubrió, cuando todo lo de las cajas estaba podrido por detrás, se fraguó, no es que se fraguara, la etapa más crítica fue en aquellos años. Entonces, no se pueden eludir responsabilidades cuando realmente el PSOE estaba al frente en aquellos cuatro años críticos; hasta que en el año 2009 vino Feijóo. Luego Feijóo la acabó de cagar, porque realmente malvendió la caja que era de todos los gallegos por cuatro duros. Fue realmente una auténtica animalada lo que hizo, la Xunta tiene un presupuesto de 10.000 millones anuales y perdimos en torno a 7.000 millones de euros, sólo con el valor que se perdió de ABANCA. Fue realmente un auténtico expolio, fue un expolio sin lugar a dudas. Decir nada más que nos tenemos que abstener porque creemos que esto es jugar el partido cuando ya se acabó. Ahora que la caja está malvendida: *no, usted no cierre*. No, ahora la caja ya es privada, la hemos malvendido. *Agora bótalle un galgo*, como se suele decir, no sé cómo es esa expresión. Simplemente decir, con el tema de antes, del dinero que hemos perdido, ahora el partido que tenemos que jugar ya no es el de ABANCA – al margen de las reclamaciones que podamos hacer judiciales -, el partido que hay que hacer es, obviamente, lo que está pasando en la Diputación, por eso lo traía a colación. Ustedes me decían que yo me salía del orden del día, pero es que todo está relacionado, que es la pérdida de fondos europeos. Pero decir también, y aquí echarles un tirón de orejas a todos ustedes, porque nadie de Orense –excepto el Concello de Ourense y la Diputación- los demás ayuntamientos nadie pidió subvenciones, nadie hizo un expediente para pedir subvenciones a Europa. Realmente los demás municipios de Lugo, Coruña y Pontevedra pidieron dinero a los fondos europeos y consiguieron desde 15 millones a 3 millones de euros y, oiga, en Orense nadie; entonces, tanta burocracia ¿para qué? Si no somos capaces de pedir unos proyectos. Ninguna villa lo hizo, ni Carballiño, ni Verín, ni Xinzo, ni O Barco, un auténtico desastre. Entonces decir que la Diputación, que es

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

quien realmente cohesionara todos os concellos, no sólo hizo mal los deberes porque nos rechazaron la única que presentamos; es que además presentó pocas. Esta persona que realmente está entretenida haciéndose fotos en Estados Unidos para presumir porque es un frustrado, entonces la frustración necesita compensarla con esos *selfies*, ¿qué hizo? No presentar proyectos de los municipios orensanos y entonces conseguimos 0 €, claro al no presentar proyectos; y del único que los presentó consigue también 0 €. ¡Hombre, es que es el colmo!

D. José Antonio Feijóo Alonso, portavoz do Grupo do Partido Popular: ola de novo. Ratifico a nosa opinión de que a proposta de emenda de substitución axústase máis á realidade actual dado, como dixen, a cantidade de erros sobre o enfoque que se fai na do Partido Socialista e ao respecto, como penso que a teñen todos no seu poder, pois enumero os acordos que aquí imos a propor, que serían:

1. *Instar a entidade de ABANCA a que colabore na prestación de servizos aos concellos do rural dotando dos medios materiais que estimen precisos para prestar un servizo eficiente.*
2. *Que se instalen os medios automáticos ou telemáticos que permitan facer as operacións máis habituais para os usuarios, como retirada, ingresos, efectivo e outros pagos de recibos - por suposto, vémolos dende o punto de vista de que sexa un complemento das oficinas.*
3. *Formación. Poñer a disposición dos cidadáns oficinas móbiles e a súa vez programar accións formativas para que os cidadáns do rural poidan comprender mellor operativas dos citados medios.*

Si me permiten, agora exporei un pouco máis o que é a nosa postura en profundidade. Dicer que me cinguirei estritamente ao que é a nosa moción porque, como xa se dixo aquí e dixen eu antes, eu pensei que estabamos a falar de calquera outra cousa. Aquí citouse a Kennedy, citáronse non sei cantas historias máis e tamén o señor deputado, ao que lle falo con todo o respecto, o señor Jácome, sempre aproveita para poder criticar, poder buscar elementos que chamen a atención aos medios de comunicación sobre cuestións varias aínda que nada teñan que ver co punto da orde do día, como é este caso. Eu comprendo que cando se trata dunha figura política con aspiracións, se trate de causar impacto na sociedade, e a preocupación tamén a entendo cando se derrubana cantidade de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

castelos que se ían creando, e esa obsesión para con situacións e actuacións do noso presidente – que nos subscribimos na súa totalidade - se veñen abaixo. En todo caso, quedo co da intervención que o outro día me referiu que fora moi longa; señor Jácome, a de vostede hoxe tamén foi bastante xenerosa por parte do presidente ao permitir que interviñamos sen ningún tipo de control de hora e minutos dedicados. Pero, ben, cinguireime ao que nos importa de verdade que é a moción de hoxe e, como dixer, estamos todos de acordo no fondo da cuestión. Non hai ninguén, pódolles asegurar, máis preocupado que o noso Grupo pola provincia e polo rural, sen lugar a dúbidas. A proba téñena vostedes en que, ao principio, cando se anunciaban os peches por unha situación que eu creo que agora non vale de nada remexer os erros, as actuacións, os acertos pasados; non imos a vivir con eles, froito dunhas circunstancias que atallaron os que lle tocaba gobernar naquel momento dunha forma ou da outra, máis ou menos afortunada. En todo caso, aos concellos que lles afectaba, e eu lamento moitísimo que lle afectara ao que eu tanto quero como é o meu humilde concello de Baltar, e para o que pelexamos canto nos foi posible - eu teño mo meu poder escritos diversos a todos os estamentos: goberno central, autonómico, entidades, etcétera - pero daquela había unha realidade que ao mellor non nos merece moito a pena falar, pero era que había que sanear unha situación, produto das circunstancias que foran, e que era unha imposición europea que había que levar a cabo. Eu, simplemente, quero dicir neste momento que a preocupación deste grupo, do Grupo Popular, a preocupación pola provincia que está dentro das actuacións xa anunciadas polo noso presidente no seu Plan 15 - 19, pois foi xa no seu día, lémbrolles un acordo de data 22 de marzo de 2013 onde o Partido Popular somete á votación á mencionada moción e propuña manifestar a súa preocupación polo peche e outra serie de medidas que aquí se aprobaron por unanimidade. As circunstancias asegúrolles que son case semellantes, ¿algunha oficina puntual que tivo algunha incidencia? Eu creo que foron as menos, que non desexamos que sexa, por suposto, ningunha. Pero be, nós entendemos que o debemos facer dende un xeito moderado, dun respecto a unha empresa e dunha forma institucional; non baixo a presenza de ameazas ou coaccións, estou dicíndoo no bo sentido da palabra, no sentido empresarial, dado que neste caso, esta entidade, estaría neste momento nas mesmas condicións que outras entidades privadas ás que tamén lle deberíamos de esixir. Aquí alguén citou que foron outras entidades tamén as que, por desgraza, deixaron a súa presenza

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

no rural. Eu dicía antes, dona Isabel Gil, que non vemos unha alarma importante neste momento para darlle esa magnitude que vostedes facían na súa moción. Si, valoramos a preocupación porque este feito non se produza; non temos constancia de que se vaia producir dun xeito inmediato, non cremos que agora mesmo estean propostos cerres de inmediato. Algúns dos que aquí se citaron, aí vou á inexactitude da súa moción, peche en Ramirás, dona Isabel, creo que non estaba explicado de forma correcta. É certo que é unha preocupación, pero o peche non era un peche en realidade; era acudir de forma parcial durante uns días á semana alí e non estar todos os días. Repito, nós somos os primeiros que lamentamos que esa circunstancia se producira, pero non é o que se afirma na moción de vostedes, o peche que se predicía e que se ía a producir e que non sei que... Tamén lle podo abondar no outro que tamén penso que citan – aquí o teño na moción de vostedes - que é referíndose ao do Irixo. Cónstame, por datos que puiden conseguir, que o do Irixo tampouco se trataba dun peche, era un cambio de emprazamento da oficina, porque o emprazamento que tiñan entendían que non era o máis axeitado para o negocio, nin para a poboación. Eu vou a ver se vou abreviando para que non se me chame de novo á atención por alongarme demasiado. Eu creo que tamén se cita outra cousa por parte de vostedes que me parece un pouco esaxerada, é pensar en rescindir contratos e presións coa empresa, convenios quero dicir. Señora Gil, se se produciran esas circunstancias, estou seguro que nos encontraremos, loitaremos todos porque iso non suceda; pero voulle a recordar que, primeiro, os contratos hai que respectalos, están asinados no seu día e foi unha noticia importante nesta provincia que recolleron todos os medios e que a boa xestión do presidente cos directivos conseguiu que eses programas – algún xa se citou aquí, como é *Activamos Transformamos Ourense*, e algún outro - pois beneficiaran á economía da provincia. A min, do que din vostedes dos resultados, eu estou convencido de que grazas a estas xestións mellorou a operativa xeral e a xeración de riqueza e emprego; pero lémbrolles que dentro dese programa está, por exemplo, a póliza *Creación de Emprego* cun tipo de interese do 1,50 –exento de comisións de estudo, etcétera ... - durante os primeiros seis meses, despois sería o 2,50. O empréstito a emprendedores: 1,95% cunhas condicións parecidas; os empréstitos ás corporacións locais cunhas condicións maravilosas; necesidades de circulante o 2,8%; eficiencia enerxética o 3%... De rescindir isto, entendo que tamén sería negativo para a provincia, para a riqueza, para o emprego e para todo o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

demais. Non queriamos nós prexudicalos neste sentido. Isto beneficia ás PEME'S, autónomos, familias, corporacións locais e outros convenios. Entón, por iso entendemos que deberíamos negociar doutro xeito, pois, instando, pedindo suxerindo, dialogando en realidade. Por suposto que estaremos atentos, esa é a nosa intención, somos os máximos interesados en que non se produzan estes peches, que poderían levarse a cabo, e coas reservas que merece o tema xa que estamos a falar dunha entidade privada –e aquí os presentes penso que moitos creen vostedes nas iniciativas privadas- e as empresas teñen nos seus dereitos e as súas obrigas, entón, o da rendibilidade, pois efectivamente, seguramente ABANCA é moi ambiciosa co dos beneficios, pero neste país penso que todas as empresas tratan de obter os máximos beneficios. Entón, non parece que fora ilícito e, repito, a orixe da que poderíamos agora falar, por desgraza quedou atrás e temos que falar do presente e non do pasado. De todos os xeitos, estaremos aí – para ir resumindo - estaremos moi preto, manifestábame o presidente o seu desexo de manter unha vixilancia continua sobre a actuación. Sabemos que a banca electrónica da que se falaba non nos vai solucionar o problema; non dicimos con elo que se substitúan oficinas por banca electrónica, vémolos como un complemento, onde haxa unha oficina, adicionalmente debería haber un caixeiro e onde non teñan esas oficinas e vaian os autobuses, como son varios concellos, entre eles o que eu presido, trataremos de facer o que xa estamos a facer: que se amplíen horarios, que se dea servizo de máis calidade e que tamén se conte con eses medios electrónicos. Eu remato xa, agradecéndolles a súa paciencia e permitíndome, por a tranquilidade e non alarmar aos veciños, porque estas cousas... por iso eu dicía que non vía unha especial alarma, nin unha urxencia excesiva, para darlle lectura a algo que se nos dixo dende os responsables desta entidade á que estamos a aludir, que é ABANCA, e vén a dicir que non ten ningún plan de peches de oficinas no próximo, que a entidade financeira está en 89 centros que dan cobertura na provincia, que chegan ao 93,8 % da poboación, e onde non teñen oficinas tratarán de intensificar, entre eles o meu concello, esa atención e ese servizo. Tamén nos recordan que grazas a xestión ben feita no seu día, na miña modesta opinión, de negociar condicións para, como lles dixen antes, PEME'S, empresas, etcétera ... esta provincia beneficiouse dun montón de operacións, concretamente 1.761, por 54,1 millóns de euros en operacións de familias, poboacións e particulares e tamén serviu a creación de 167 proxectos de emprendedores ao que se lle dedicou un importante crédito e a 1.678

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

pequenas empresas e autónomos. Ratifícome no que xa lles suxería antes de que a nosa moción se axusta máis ao que estamos a tratar. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: moitas grazas. Agradecerlle, señor portavoz do PP, as últimas palabras, que parece son un pouco tranquilizadoras. Pero polo que vexo, non estamos de acordo; eles van a manter a súa emenda. Nós pasabamos polo primeiro punto, engadindo tamén *dotando persoal suficiente*. Parece ser que non aceptan e queda tal como a presentaron. Señor portavoz do PP, quería dicir, no meu concello que é un concello tan pequeno, probablemente como o de vostede, efectivamente e como di a moción, referímonos a un peche parcial no meu concello. Era de todos os días, quedar en dous días á semana nada máis, e como expliquei eu nas negociacións, realmente eu podo entender que noutro medio, onde a xente domina as redes sociais, a telemática e todas estas cousas, non dubido que, como empresa, puideran solucionar o tema de prestar un servizo á cidadanía; non o dubido, que puideran facelo coas oficinas móbiles e cos medios telemáticos, non o dubido, xa llo expresei naquel momento. Agora ben, estamos a falar dos concellos do rural, uns concellos que están despoboándose, que cada vez teñen menos servizos e que realmente unha oficina presencial é importantísima para o desenvolvemento dese concello; no senso de que ao redor desa oficina presencial existen todos os pequenos negocios que hai nun concello, non os volvemos a nomear: bares, panadería, perruquerías, supermercados, mobles, centro médico, farmacia... ; iso polo menos sucede no noso concello, imaxino que no de vostede tamén. O suprimir tres días á semana, aínda que solo fora, ese servizo só suporíanos – ao concello de Ramirás - o desmantelamento dunha forma grave, porque eses pequenos negocios viven de que a xente vaia facer as súas xestións alí a ese banco presencial, onde os nosos veciños e veciñas son maiores de 75 anos, é importantísimo para que eses negocios sobrevivan, e para que eses veciños e veciñas maiores poidan xestionar directamente coa persoa que os atende, e que a ABANCA non lle ía supoñer moito porque sería un auxiliar administrativo que puidera estar alí para solucionar estas pequenas cousas. Polo tanto, seguimos mantendo a nosa reivindicación da presenza das oficinas de ABANCA no rural, polo tanto non podemos aceptar a emenda porque si empezamos a poñer os medios telemáticos en marcha e as oficinas móbiles, isto vai a supoñer ao longo do tempo que a oficina presencial termine desaparecendo. Non quixera ser indiscreta, ou mal falante, ou ferir a súa sensibilidade, señor portavoz do PP,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

pero esta emenda de vostede é igualiña, igualiña, igualiña á que propoñían os directivos de ABANCA alí en Ramirás. Entón, non a podemos aceptar; podémoslle pasar polo primeiro apartado si engadimos que poñan, tamén, o persoal suficiente para prestar o servizo na oficina presencial. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á entidade ABANCA para que colabore na prestación de servizos aos concellos do rural dotando dos medios materiais que estimen preciso para prestar un servizo eficiente.

2º.- Que se instalen os medios automáticos ou telemáticos que permitan facer as operacións máis habituais para os usuarios, como retiradas e ingreso en efecto ou pago de recibos.

3º.- Poñer a disposición dos cidadáns oficinas móbiles e á súa vez programar accións formativas para que os cidadáns do rural poidan comprender a operativa dos citados medios.

8º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución co número de rexistro 15.714, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Imos coa moción do superávit. O Ministro de Economía vén de gabarse do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 % do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímanse aos 26.000 millóns de euros. Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da citada Lei, introducida pola LO 9/2013 de control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentables, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando ata hoxe. Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar – como acontece agora na maioría de entidades locais - un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit no conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos. Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exixencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32%. A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inxustificada dende a perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha mellora nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir esa capacidade de gasto. Por todo isto, nós, propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que os nosos concellos poidan destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentable mentres non se proceda á modificación lexislativa para dúas cousas:

Para que poida investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentables teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.

En canto á emenda de substitución que nos formula o PP, dicir que xa de entrada non podemos aceptala porque se refire a un asunto parcial, como é o cálculo da regra de gasto, e non tanto ao que nós propoñemos na nosa moción que é o reinvestimento do superávit. De feito, a regra de gasto é un mecanismo de carácter fiscal que se ten en conta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

para a elaboración do orzamento. No caso do superávit é un mecanismo que se refire á execución do orzamento e pode valer para aumentar os recursos dun orzamento xa aprobado ou prorrogado. Son magnitudes que se refiren a momentos diferentes, nun caso previo á aprobación do orzamento – a regra de gasto– e noutro unha vez liquidado e visto o resultado orzamentario do ano na liquidación. Por iso, entendemos que non ten a ver a emenda coa nosa iniciativa. Tamén estamos en contra da regra de gasto e sobre todo de como se calcula. Pero neste caso, o máis grave para os concellos é onde despois de aprobar e executar un orzamento, polas razóns que sexan, teñen uns remanentes que determinan un superávit, unha situación saneada e sobre todo necesidade de investimentos, non poden destinar ese remanente a máis investimentos ou melloras nos servizos, senón prioritariamente a amortizar débeda. Por iso, solicitaríamos a retirada da emenda ao non gardar obxecto directo coa moción proposta, e centrarnos no debate que propoñemos, que é o destino do superávit orzamentario. De momento nesta primeira intervención nada máis, moitas grazas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do Partido Socialista: moitas grazas presidente, moi bos días a todos e a todas. Ben, dende o ano 2012, coa entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril, os concellos non podemos destinar o noso superávit a calquera tipo de obra, infraestrutura e servizo; só se pode dedicar a investimentos sustentable, pago a provedores e a amortizar débeda. Para que nos entendamos mellor e que nos entenda todo o mundo, os concellos non podemos destinar o noso superávit a gasto corrente – moi necesario -, é dicir, que non podemos investir os nosos aforro, por exemplo, en escolas infantís que inclúe persoal, non podemos contratar a persoal para a limpeza de camiños, por exemplo, xa que a taxa de reposición é cero; e si que o podemos destinar a gasto sustentable como asfaltado e xardíns. Somos moitos os concellos que temos saneadas as nosas contas, somos moitos os concellos que temos en depósitos bancarios o noso superávit, sen a posibilidade de gastalo. Dende que se aprobou a Lei, os concellos, ano tras ano, fomos acadando superávit; de feito as entidades locais fomos a única Administración pública que en 2016 cumpriu con obxectivos de estabilidade ao ter un superávit do 0,64% do produto interior bruto; sendo o quinto exercicio consecutivo con datos positivos; é máis,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

grazas aos concellos, o Goberno de España no ano 2016 cumpriu o déficit por primeira vez dende o inicio da crise. Con estes datos, os concellos, temos demostrado a nosa solvencia, seriedade e boa administración. Mire, o artigo 140 da Constitución Española di *a Constitución garante a autonomía dos municipios*; no artigo 142, *as facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente dos tributos propios e de participación nos do Estado e as Comunidades Autónomas*. A autonomía financeira das Corporacións locais supón, fundamentalmente, recursos propios; pero tamén capacidade de decisión sobre o emprego destes. O Partido Popular, co seu enroque da normativa, leva tempo vulnerando isto. É completamente falso, como argumentan, que a normativa europea non permita que ese diñeiro sobrante poida ser utilizado pola corporacións locais. Os concellos somos a única administración que presenta un balance positivo nas nosas contas, e limitar desta forma o destino dos fondos públicos para a prestación de servizos necesarios, non entendemos cal é esta xustificación. Non ten ningún sentido que os concellos non podamos mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Poder dispor deste superávit non teño ningunha dúbida de que vai a supoñer unha xeración de emprego, de inversións eficaces, con máis políticas sociais e maior calidade. Nós é polo que imos a votar a favor desta moción que presenta o BNG, e imos votar en contra da emenda que presenta o Grupo do Partido Popular, porque nada ten que ver co sentido da moción, fala da regra de gasto pero non fala nada do superávit. Non podemos seguir poñendo trabas aos concellos para a prestación de servizos públicos. A Lei debe cambiar e introducir novos criterios para non castigar aos concellos que temos boa situación financeira. Nada máis.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo do Partido Popular:

moitas grazas presidente, moi bo día distinguidas señoras e señores deputados e todos os que nos acompañan directa ou indirectamente. A verdade, señor Rodríguez Suárez, que soa ben a letra, pero fáltalle o *estribillo*. Leo no seu argumentario que vostede expuxo aquí: *o ministro de economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto de administracións públicas do 2016*, e engade a continuación vostede, *na consecución de dito resultado contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros*, etcétera, etcétera, *non se trata dun dato puntual* –pois claro que non, xa llo digo eu que non se trata dun dato puntual-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

*que dende o 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano. Vostede, non sei si voluntaria ou involuntariamente, acaba de dicir o que realmente é; pois claro que si, dende o 2012. O Partido Popular gañou as eleccións en outono de 2011, empezou a gobernar, e no 2012 a aplicación das medidas que fixo recollen os seu froitos. Por certo, sabe como lle chamaba vostede ás medidas que tomou o Partido Popular e que fixo despois que a partir do 2012, como ben di vostede que teñan superávit as entidades locais cando estaban en bancarrota, vostedes lle chamaban medidas austericidas, chamábanlle así, pois mire no que deron as medidas austericidas. Que vostede recoñeza que dende o ano 2012 as entidades locais tiñan superávit, logo non eran tan austericidas. Ben, tamén lle recordo que no 2008 houbo un presidente do goberno ao que vostedes, xa llo dixen hai dous meses, apoiaron nos orzamentos; ¿que dixo no 2008? *Estamos en la Champions League de la economía, esta va a ser la legislatura del pleno empleo.* Resulta que estabamos todo o contrario da *Champions League* da economía, todo o contrario, e do pleno desemprego; de feito, dende a transición democrática, o único goberno que conxelou as pensións e baixou o soldo dos funcionarios foi ese que dicía que estabamos na *Champions League* da economía e que vostedes apoiaban nos seus orzamentos. Polo tanto, no só non se produciu a asfixia económica, coas medidas que tomou o Partido Popular, medidas de racionalización de gasto público, para evitar a creba do país; senón que se fixo que hoxe estean en superávit e non se deixara de realizar ningún servizo público básico. E iso e grazas ao esforzo de todos, non ao esforzo dun partido nin dun goberno, ¡ao esforzo de todos!, e das entidades locais e dos concellos, tamén; polo que, efectivamente debemos agora tomar medidas que favorezan a xestión orzamentaria dos concellos que teñen unha situación de solvencia das contas públicas, ¡claro que si! Primeiro, coa idea de ser máis eficientes na prestación de servizos, segundo, adecuar a interpretación da regra de gasto á situación económica actual, que é moi diferente á que era no 2011. No 2011 no podíamos estar falando, señor Rodríguez Suárez, de investir o superávit, porque non o había; había todo o contrario, hoxe si. Pero ¿por que vén o sentido da nosa emenda, señor Rodríguez Suárez e señora Rodríguez Rodríguez, dona Susana?; porque non podemos descoidar que a regra de gasto é unha boa guía de disciplina orzamentaria e ademais é aplicable a nivel europeo; porque, disto, non pronunciaron nada nin o señor Rodríguez Suárez nin a señora Rodríguez Rodríguez. Nós estamos nunha economía global, tamén dependemos de Europa; dona Susana debe sabelo porque o Partido Socialista, cando empezou a tomar*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

medidas o señor Zapatero, antes de adiantar as eleccións ao 2011, tomou esas medidas, ou ¿por gusto baixoulle o soldo aos funcionarios e conxelou as pensións? Non foi por gusto, foi porque lle dixeron que tiña que facelo e fíxoo. Antes de facer o rescate do país, porque parecía que era a medida que tiña que tomar e non había outra, foi cando convocou eleccións anticipadas. Polo tanto, o Goberno xa anunciou no seo da Comisión Nacional de Administración Local, no Grupo de traballo formado por representantes da propia Administración central, das Comunidades Autónomas e da Federación Española de Municipios e Provincias que está estudando a revisión do funcionamento da regra de gasto, que en todo caso, esta revisión debe ser compatible, ten que ser compatible, coa estabilidade que temos coa Unión Europea. Este é o sentido da nosa emenda, por iso temos que facelo así, na que demandamos a constitución dese anunciado grupo de traballo que realice a análise da regra de gasto contida na Lei orgánica 2/2012 e que se leve a cabo unha revisión do deseño e aplicación da regra de gasto seguindo os criterios e normas aprobados no ámbito da Unión Europea á que nos debemos. Por certo, vostede vén aquí, soábame que lle importa moito, que lle interesa moito, dous meses despois, o de reinvestir o superávit; pero mire, traio a acta de hai dous meses, a acta de marzo, e dunha moción do Grupo Popular para a tramitación e aprobación dos orzamentos xerais do Estado para a reinvestir o superávit, vaíamos por partes, votaron en contra igual, que o Partido Socialista, e cando eu lle dicía *hai a necesidade de contar con mecanismos actualizados de xestión que permitan reinvestir ese superávit, que os concellos poidan dispor dese superávit, suavizando a regra de gasto*, vostede, ¿sabe o que dixoo, señor Rodríguez Suárez? *Non temos moi clara –estou lendo a acta- a presentación desta iniciativa por parte do Partido Popular a día de hoxe, é oportuna e forma parte dunha estratexia*. Oia, non se me contradiga moito, porque eu nese mesmo día, para a mesma moción, díxenlle moi claro: *a prórroga dos orzamentos xerais do Estado do dezaseis, do ano dezaseis, implica que non se pode reinvestir ese superávit porque nos orzamentos do 2016 mantívose a prórroga da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012*. E vostede agora di que a Lei 2/2012 é un contratempo, xa llo dixen eu hai dous meses. ¿Que pasa? ¿Que era oportunista a moción do Partido Popular hai dous meses? ¿Porque hai dous meses ou porque a traia o Partido Popular? Polo tanto, si tan interesado está, que nós si estamos, en que ese superávit dos concellos hai que investilo, se vostede nos apoia, nos apoiase daquela, non estabamos ao mellor falando disto; pero votaron en contra daquela e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

votan a favor agora. Polo tanto, mire, a emenda está aí, non lla vou ler porque a teñen vostedes no seu poder e estaríamos perdendo o tempo, pero mantémonos en que nós estamos nunha economía global, pertencemos á Unión Europea e non podemos facer as cousas porque si, nin por capricho; en todo caso, ou polo menos, a intención desta moción que vostede trae aquí xa a tratamos hai dous meses, no Pleno de marzo. Nada máis e moitas grazas señor presidente.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Simplemente contestar algunhas cousas, cando se falaba de racionalización, ou cando na exposición de motivos se fala de que os concellos foron os que contribuíron decisivamente á mellora do conxunto da economía, do déficit, por rexistrar ese superávit, eu creo que foi porque tampouco lles quedou outro remedio. Vostedes falan de racionalización, diso, de racionalización, sabemos moi ben, ou coñecemos no caso concreto do meu concello en que se traduce na práctica, cos famosos plans económicos e financeiros, que o que fixeron foi aumentar esaxeradamente ou escandalosamente a presión fiscal directa sobre os veciños e veciñas, que se traducen en sufrimento a costa da cidadanía; vostedes apertaron aos concellos para rescatar á banca – non podemos esquecerlo -, o déficit, temos que tamén dicilo e reiteralo, era un déficit privado e que non era un déficit público. Isto realmente é a realidade, a realidade que, como lle digo, vivimos dende concellos como o noso e que agora, cando continuamente se nos fala da mellora das condicións económicas, de que a débeda non fai máis que reducirse, atopámonos cun atranco á hora de destinar o superávit, que se poida aproveitar para cousas que lle importan máis á cidadanía, servizos para os cidadáns, servizos públicos; pois atópase cun atranco dunha Lei que estaba pensada para un tempo que por sorte agora xa non é ese tempo. De todas formas, tamén vemos que dende o Goberno central vaise a traballar, un pouco, na liña do que estamos proponendo a día de hoxe aquí, porque había unha noticia destes días que é *que unha emenda do PP aos orzamentos xerais do Estado foi aprobada por maioría da flexibilidade das Corporacións locais para poder reinvestir o superávit obtido o ano pasado ata 2018, co fin de solventar a restrición que supón a aprobación tardía deste orzamento*. Nós entendemos que se debe ir nesa dirección e iso é o que nós, ao fin e ao cabo, estamos pedindo con esta moción. Como xa dixen é un tema que nada ten que ver, están relacionados, porque dende logo están relacionados, co tema da regra de gasto; se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

vostedes teñen algunha preocupación, como se ve, ao respecto da regra de gasto, traian vostedes unha moción con estes acordos e falaremos dela; pero, como dixen na miña primeira intervención, son temas que aínda que están relacionados son independentes. Nós estamos falando do destino do superávit que agora mesmo, a non ser que se corrixa e finalmente se poña en práctica o que lle acabo de explicar na noticia que xa viramos destes días, pois os concellos teñen graves problemas cando se ven absolutamente imposibilitados para destinala a investimentos que poidan repercutir na calidade de vida dos veciños e veciñas e non ter que, obrigatoriamente, deixalos aí aparcados ou destinalos exclusivamente á amortización de débeda. De momento nada máis, moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo do Partido Socialista: grazas presidente. Dicirlle un par de puntualizacións ao señor Rosendo. A ver, o Partido Popular non conxelou as pensións, non conxelaron, pero non subiron tanto como o IPC, perderon poder adquisitivo os pensionistas. Está vostede mesturando unha cousa con outra, como a regra de gasto, argumentando a regra de gasto; pero para nada ten que ver a regra de gasto coa moción que trae o BNG. O BNG está falando de superávit, non da regra de gasto; si que están relacionadas pero para nada ten que ver co espírito que trae esta moción. Logo dicirlle tamén, estará de acordo comigo, que non podemos tratar a todos os concellos por igual; teñen que ser distintos os concellos que somos cumpridores, que os concellos que non somos cumpridores. Si é verdade que na pasada comisión de orzamentos o Partido Popular, unha emenda do Partido Popular que nos permite destinar o noso superávit do 2016 ata o 2018, pero solo podemos dedicar este superávit a proxectos que se consideran financeiramente sustentables, é dicir, como estamos actualmente, e cremos que isto é substancialmente insuficiente. Necesitamos poder gastar este tipo de diñeiro noutro tipo de inversións. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo do Partido Popular: só clarexar algo que quero que quede claro, efectivamente señora Rodríguez Rodríguez, eu dixen: dos concellos que teñan superávit, con isto quero dicir que non son todos, dixen dos concellos. Segundo, eu dixen que o único goberno que conxelou as pensións, non falei de IPC, foi o goberno que coñecemos, e ademais na lexislatura que dicía que ía a ser a do pleno emprego e que estabamos na *Champions League*; mire que si se chega a equivocarse a onde saíramos. En terceiro lugar, mire, tanto señor Rodríguez Suárez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

como señora Rodríguez Rodríguez, a Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria está aplicada aos orzamentos do 2016, a intención do Goberno – e así o dixo – é que aprobando os orzamentos do 2017 deixa atrás esta Lei que levaba consigo os orzamentos do 2016 e poderíamos investir ese superávit. Polo tanto, no só estamos falando do teito de gasto, senón tamén de investir; independentemente que ao BNG o teito de gasto lle traia ao pairo, total, non gobernan, para que van a dicir lles gusta o que non lles gusta, se eles non teñen responsabilidade; polo tanto, estamos falando do que estamos falando. E en terceiro lugar, estamos inmersos na Unión Europea, ou vostede cree que se poden aprobar uns orzamentos como se queira, tampouco, estamos suxeitos ao que estamos suxeitos. Polo tanto, eu creo que isto debe quedar claro. Outra cuestión, señor Rodríguez Suárez, vostede do argumentario que teño aquí, reviseino, dende *o ministro* –que é a primeira palabra- ata *por todo iso*, non nomea vostede para nada Galicia, para nada; e sen embargo, no acordo, empeza a instar á Xunta de Galiza, empeza a trasladar o acordo ao presidente do Goberno, ao presidente da Xunta de Galiza, pero non lle preocupou no argumentario a Xunta de Galicia. Pero en todo caso, quero que queden tranquilos, señores do BNG, Galicia xa adaptou ao marco normativo galego a Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, xa a realizou a través da Lei 5/2014 do 27 de maio – pode consultala, por iso lle digo de que día é - e garantiu que os concellos galegos poidan continuar prestando todos os servizos públicos –incluídos os referidos a educación, servizos sociais e sanidade – agás dúas condicións: que non sexa prestado anteriormente por outra administración, é dicir, que non exista duplicidade, e que financeiramente sexa asumible polo concello e non poña en risco a prestación de servizos municipais. Polo tanto, o que se di de Galiza dentro das súas competencias, cumpriu cos seu deberes. Non sei se sería un *lapsus* porque no argumentario non pon nada, non nomea a Galicia para nada, pero despois si que hai que instar aos acordos, non comprendo moi ben isto; e mire, deste tema poderíase falar moito máis, pero non da máis de si. En calquera caso, repítolle, hai dous meses era unha moción oportunista do Partido Popular, reinvestir, que era o que queríamos, o superávit, e hoxe non o é porque a traen vostedes. Non o comprendo, os cidadáns non sei o que dirán, neles delego a súa vontade. Nada máis e moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: si, grazas señor presidente, moi breve. Non sei de onde quita a conclusión de que a nós non nos importa o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

nos trae ao pairo o tema do teito de gasto ou da regra de gasto; simplemente estou dicindo que é un debate diferente. Si que gobernamos, si que gobernamos, nalgún sitio e non precisamente pequeno; é precisamente aí, de onde gobernamos, de onde nos trasladan estas limitacións e o efecto que teñen, e que eles ven e palpan diariamente, directamente, sobre a xestión que poden facer e como poden contribuír dende eses gobernos á calidade de vida dos veciños. Dende logo non falo de Galiza na exposición de motivos, porque creo que non fai falta; eu cando falo sempre falo de Galicia, non a nomeo, pero é obvio que me estou referindo a Galicia e aí si que creo que non hai ningún tipo de sospeita de, cando estou falando, que intereses defendo e a que me estou referindo. Simplemente para rematar, nós pensamos que esta moción para nada é oportunista, senón que é oportuna. Nós instamos e pensamos que se debe de derogar o artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012 porque foi pensado, en todo caso, despois do debate que tivemos aquí, creo que estamos todos de acordo que foi pensado para uns tempos diferentes, e chegou o momento de revisalo e adaptalo á realidade actual; co cal nós pensamos que a aprobación desta moción – se tivera o efecto que nós desexamos, que é a modificación, a derogación dese artigo - tería un efecto directo sobre a calidade de vida dos veciños e veciñas e por iso pedimos o apoio para esta moción, nos termos en que foi formulada e, como xa dixen, pensamos que a emenda que se nos propón por parte do Grupo Popular no ten que ver directamente co que nós formulabamos, pensamos que é un debate paralelo, diferente, e en todo caso nós imos a manter a moción tal e como está formulada. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao Goberno de España a:

1. Que leve a cabo unha revisión do deseño e aplicación da regra de gasto seguindo os criterios e normas aprobados no eido da Unión Europea e tendo en conta criterios de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira das administracións públicas.

2. Que constituía un grupo de traballo con representantes do Ministerio de Facenda e Función Pública, as comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, no que se realizará unha análise da regra de gasto contida na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, para adaptala á regulación comunitaria. O resultado destes traballos será verificado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que velará por que sexa consistente coas mellores prácticas a nivel europeo, que sexa compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e que asegure a neutralidade do ciclo económico sobre a aplicación da regra.

9º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CONEXIÓN FERROVIARIA DE ALTA VELOCIDADE OURENSE-VIGO E OURENSE-LUGO.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción se presentaron dúas emendas: unha de substitución do Grupo Popular con número de rexistro 15.938, e outra de engádegas do BNG con número de rexistro 15.943, e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola, boas tardes a todos. O contido da moción é coñecido, todos vostedes téñena no seu poder. Moción similar presentámola no Concello de Ourense, foi tratada polos medios de comunicación. Resumindo, Democracia Ourensana considera que, para que Ourense tivera a estación central, a estación que se puidera considerar como central de Galicia ou nodal de Galicia, deberían abrirse os tramos do AVE de Ourense a Vigo e de Ourense a Lugo, ademais do tramo que xa está proxectado a Santiago e Coruña. Entendemos que iso tería moitísimas vantaxes para a cidade e para a provincia; a parte de ser un nó de comunicacións con todas as consecuencia que sabemos que iso ten e sen desbotar, sen minimizar a importancia, por exemplo, do viario do que se fala por Taboadela, sen quitar iso, entendemos que reduciría en catro minutos a viaxe a Madrid, sen quitar iso entendemos que Ourense ten moitísima máis comunicación empresarial e social con Vigo, por exemplo, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

iso sería un valor engadido para a existencia do AVE directo a Vigo. Non hai máis que pensar no que cambiaron asa cousas dende que existe a autovía directa a Vigo, xa notamos os cambios importantes que trouxo. Entendemos que o AVE a Vigo sería fundamental, que o AVE a Lugo tamén, entre outras cousas polo dito antes. Resumindo e cinguíndonos xa á proposta: *pedir al Presidente de la Diputación de Orense que inste al Ministerio de Fomento para que agilicen los plazos de la construcción de la conexión de las líneas de Alta Velocidad Ferroviaria Ourense - Vigo y Ourense - Lugo*. Efectivamente como dicía o señor presidente hai dúas emendas, unha delas que cambia unha palabra; en de vez *axilizar os prazos* di *axilizar os trámites*. Eu non sei si aquí o gran emendador, eu creo que nesta institución hai o gran emendador, unha man oculta que sempre ten que emendar. A palabra trámite non ten exactamente o mesmo significado que a palabra prazo, pero no contexto está no mesmo campo semántico. Eu quería lle recordar ao señor emendador que isto é prosa, ás veces, en verso, na poesía hai que buscar un sinónimo para unha rima ou para unha métrica; pero isto é prosa, dicir que se axilicen os prazos de construción ou que se axilicen os trámites..., nós o que queremos é que se axilicen os prazos, ou sexa, que chegue canto antes. Non sei si axilizar os trámites ten como consecuencia lóxica axilizar os prazos, porque podemos reducir o número de trámites, facelos máis *engorrosos* e ampliar os trámites, ampliar os prazos, perdón. En todo caso, algo similar pasa na outra emenda que fixeron á outra moción que presentamos, é un cambio de redacción que estimamos non é máis que un acto de emendamento compulsivo, un gusto de emendar por emendar sen cambiar esencialmente, na meirande parte dos casos, o senso real; é un cambio de redacción. Hai algunhas empresas editoriais, non sei si o saben, que se dedican a escribir libros, a publicar libros, e proceden da seguinte maneira: collen un tratado, do tema que sexa, escrito por un experto, e logo van frase por frase, ou parágrafo por parágrafo, escribindo máis ou menos o mesmo, cambiando as palabras, pero practicamente o mesmo *de pe a pa*. Caro, nunca se lles pode acusar de plaxio, pero fan iso; normalmente esas edicións nunca son asinadas por un autor, son firmadas por un equipo, por unha academia ou algo. Eu creo que esas empresas editoriais encontrarían un bo traballador na persoa que fai estas emendas. En todo caso, ímoslla aceptar. Eu creo que imos aceptar unha si e unha non, para esta clase de cousas que non son máis que xogar coas palabras como facía Humpty Dumpty, aquel personaxe de Lewis Carroll. Imos aceptar a emenda do PP, pero xa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

digo, porque entendemos que é unha tautoloxía, unha sinonimia case. En canto á emenda do BNG, sen deixar de estar de acordo no que di de que ademais do que pedimos nós, o que fai falta é unha vertebración das comunicacións a todos os niveis de Galicia, non só entre as grandes cidades, senón entre os núcleos pequenos e que tamén gocen desas infraestruturas de velocidade e de calidade; entendemos que máis que unha emenda de engádega é un cambio cualitativo, case podería chamarse de substitución, aínda que ás veces nos di o secretario que iso de engádega e de substitución son meros adxectivos que non teñen senso xurídico. As emendas son emendas, como nos di algunhas veces, e fóra. Nós entendemos que esa emenda é un intento de resolver o problema facéndoo máis grande, entón ímola rexeitar; non porque non esteamos de acordo co espírito que efectivamente fai falta a vertebración de Galicia polas comunicacións, pero preferimos ser prácticos ou pragmáticos e ir resolvendo os problemas do máis concreto ao máis xeral. Nada máis de momento. Grazas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. O BNG defendeu desde sempre a modernización do tren en Galicia. En 1996 impulsou un acordo, que logo foi unánime, no Parlamento de Galicia, onde se afirmaba que o noso país non podía renunciar ao transporte ferroviario dado *que é imprescindible para a articulación interna de Galicia e as súas relación co exterior*. A intención do dito acordo era que Galicia non ficase á marxe da modernización ferroviaria do Estado español. Un obxectivo que foi atinxido parcialmente, aínda que serodiamente pola teima que hai no Estado español de iniciar sempre as infraestruturas en Madrid, e non contemplar nunca como posibilidade que se comecen nos extremos da Meseta. A condición *sine qua non* para a mellora do transporte ferroviario consiste, en primeiro termo, na modernización da infraestrutura ferroviaria. Ao longo das décadas precedentes realizouse un investimento na infraestrutura ferroviaria galega, pero cun enfoque que se apartou do consenso plasmado a mediados da década dos 90 - como dixen anteriormente - no Parlamento Galego. Daquela a aposta, que era a do BNG, era a da construción dunha rede ferroviaria moderna, compatible para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior, e con conexións con Portugal e a Meseta. Porén, mudouse ese deseño por outro concibido coa obsesión de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

conectar Galiza con Madrid. Dese xeito, investiuse o triplo de diñeiro nesa conexión que no Eixo Atlántico, que conecta a zona máis habitada de Galicia, con cidades e vilas con relacións estreitas. Ademais, ese deseño deixa fóra a conexión cara Ferrol, que ficará con servizos ferroviarios residuais. Tamén, a conexión entre A Coruña, Lugo e Monforte que quedará cunha infraestrutura convencional á marxe da modernización emprendida. E finalmente, a conexión entre Vigo e Ourense pola beira do Miño tamén ten unha drástica redución de servizos por non mellorarse esa infraestrutura. Por outra banda, o ferrocarril de vía estreita, que transcorre polo norte de Galiza e conecta Ferrol con Ribadeo para continuar pola cornixa cantábrica, foi totalmente abandonado, con pequenas melloras na contorna de Ferrol, pero ficou ancorado como un tren do século pasado. A mellora do ferrocarril A Coruña - Vigo (o Eixo Atlántico) aínda deixa deficiencias en horarios, e na adecuación ás necesidades de traballadores e estudantes, suprimindo servizos en moitas vilas intermedias. Con todo, dáse o paradoxo de acometer un investimento elevado que, con todo, non supuxo unha mellora nos servizos de proximidade e nas conexións interiores entre todas as cidades e moitas vilas de Galiza. Isto foi resultado de dar prioridade á aplicación do modelo radial e centralista, que concentra unha parte moi elevada do volume do investimento en infraestrutura ferroviaria. De manter ese deseño na posta en marcha dos servizos, primando de novo a conexión con Madrid, aínda se apartará máis un modelo ferroviario do obxectivo de ter un tren que dea prioridade á mobilidade interior de Galiza, e que sirva tamén como impulso ao tráfico de mercadorías, acelerando as interconexións con outras infraestruturas, sobre todo cos portos de interese xeral, e tamén cos aeroportos. Todo iso é consecuencia, ao final, de non tomar as decisións plenamente en Galiza, en asuntos como a planificación do transporte que teñen un impacto directo na vertebración territorial da nosa nación; de que o deseño se faga dende unha perspectiva allea aos nosos intereses, resultando un modelo ferroviario que non cubre todas as aspiracións de ter un sistema ferroviario modernizado e que cumpra coa súa función de conexión rápida e segura que contribúa sobre todo á articulación territorial entre cidades e vilas galegas. En resumo, temos unha total coincidencia cos promotores da moción en canto á necesidade de modernización das infraestruturas ferroviarias que conectan Ourense con Lugo e Vigo -alén da de Santiago - Coruña xa existente- pero cun enfoque máis xustificado por unha visión integradora do país; por iso o noso enfoque non está tanto pola centralidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

ferroviaria de Ourense, senón pola necesaria vertebración da infraestrutura ferroviaria en Galiza, onde todas as cidades teñen que estar conectadas, de aí vén o sentido da nosa moción. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do Partido Socialista: moitas grazas señor presidente. Nós a verdade é que xa vimos dicindo nas variadas ocasións que tivemos ocasión de falar do tema da Alta Velocidade, porque xa se trouxo aquí en varias ocasións, mesmo nós xa trouxemos unha sobre a variante exterior, que Ourense ten que converterse no punto central, no punto de encontro do AVE en Galicia. É importante que Ourense sexa esa encrucillada dos camiños de ferro porque a cidade e a provincia precisan dese revulsivo, por iso é importante que o AVE que chegue a Ourense, sexa un AVE que se teña como tal; falaba antes da moción que trouxemos polo da variante exterior, porque non nos servía nin nos serve o aproveitamento desa liña existente pola súa perigosidade e porque xa non sería un AVE de primeira. Témonos manifestado tamén sobre a necesidade dunha edificación en consonancia con esa centralidade que sexa funcional, digna e sobre todo intermodal, e que aproveite a ocasión, tamén, para ser, por que non, a imaxe desta provincia. Pero volvendo á proposta da moción en si, imos apoiala porque é preciso para esa centralidade da que falamos. Só unha pequena *apostilla* á moción en si, en canto ao contido, que é que dubidarmos que se distribúan mercancías polas liñas do AVE. Habendo xa unha conexión rápida, como hai con Santiago e A Coruña, é imprescindible que Ourense se conecte do mesmo xeito con Lugo, con Vigo e cando falamos de Vigo, falamos da parte sur da provincia de Pontevedra. Ourense precisa das sinerxías que xere esa conexión, coa zona máis industrial e coa que ten máis pulo de toda Galicia. Hoxe en día son 140 km de liña férrea fronte a 90 por estrada, a primeira e a terceira cidade de Galicia non poden estar conectadas por vía ferroviaria só por unha liña que foi inaugurada alá polo ano 1880; por iso digo que a imos apoiar. Con respecto ás emendas, aterémonos ao que faga o grupo promotor da moción; pero en todo caso, con respecto á do BNG aínda que estando de acordo coa necesidade de cometer a modernización da infraestrutura ferroviaria galega, vémosla máis acaída para o Parlamento Galego e non para este foro. E con respecto a esta, á do BNG, como á do PP, a verdade é que nos gustaría que nos aclarasen se ese tipo de conexión á que se refiren entre Ourense, Vigo e Lugo, se están referindo á conexión en alta velocidade ou non; porque da lectura das dúas non nos cada claro o mesmo. No caso da do Bloque, falan de *modernizar as liñas ferroviarias*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

directas entre Ourense -Vigo e Ourense - Lugo; e no caso da do Partido Popular refírense a axilizar os trámites para a chegada a Ourense da Alta Velocidade Ferroviaria e para a conexión coas cidades de Vigo e Lugo. Non sabemos se con esa conexión se refiren á Alta Velocidade ou non, gustaríanos que nolo aclarasen. Máis nada.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e persoas que nos acompañan, ben aquí, presencialmente, ou a través da páxina web da Deputación. Permítame, señor presidente dicirlle algo ao señor Ojea que falaba de prosa, como vostede sempre me dedica algunhas verbas –para ben - non sei si sinceramente ou non, pero dedícasmas sempre; e falaba vostede de prosa, e eu agora non quero entrar nestes chascarrillos como vostede sabe, pero xa que vostede fala de prosa, vaime dicir que quere dicir o señor Jácome na súa proposta de acordo cando di *es por lo que eres que desde Democracia Ourensana presentamos lo siguiente*. Isto máis ben parece poesía, señor Ojea. E tamén isto de dirixirse ao presidente da Deputación para que pida, ¡home!, dirixámonos nós que somos un órgano colexiado con competencias suficientes e con capacidade, tamén suficiente, se nos supón, aínda que ás veces non a demostramos moito, para pedir directamente. Dito isto, vai por diante, señor Ojea, por si a vostedes non lle quedou claro que esta Deputación, o noso grupo, e por extensión o Partido Popular, o Goberno galego e como non, o Goberno central, veñen de amosar non hai moitas semanas o seu rotundo compromiso coa conexión da Alta Velocidade entre Galicia e a Meseta, como proxecto absolutamente prioritario para a nosa comunidade. Espero non estenderme moito porque, hai que recoñecelo, o Pleno hoxe vai un pouco espeso, a ver se eu colaboro a que non vai tanto aínda que non sei si o conseguirei. Pero estamos a falar dunha profunda transformación do mapa ferroviario en Galicia que suporá unha mellora histórica na mobilidade de milleiros de galegos, e por suposto para milleiros de viaxeiros procedentes doutras comunidades e tamén estranxeiros. E falo de Galicia, porque non esquezamos que este proxecto de Alta Velocidade foi concibido para situar á nosa comunidade no mapa dunhas infraestruturas propias do século XXI, de xeito especial nas comunicacións co resto de España. Por lóxica, Ourense, non o dubidemos, vaise beneficiar da chegada do AVE aínda que a planificación do proxecto, no que respecta á súa integración na cidade e máis ao impacto que poida ter na súa economía e na sociedade ourensá en xeral, é un debate diferente que non deixa de ter, iso si, máxima prioridade para nós, non podía ser doutro xeito. No estrito ámbito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

ferroviario, Ourense seguirá a ter un protagonismo esencial, pois non deixará de ser o punto nodal do reparto ferroviario na nosa comunidade, xa que a estación Empalme seguirá repartindo as tres liñas actuais: Vigo, A Coruña e Lugo - Ferrol por Monforte. Claro está, que neste obxectivo prioritario para todos os ourensáns, está que a Alta Velocidade chegue canto antes á nosa cidade, e digo canto antes, para que tamén desde aquí os viaxeiros teñan a posibilidade de comunicarse con Vigo e Lugo nun servizo moderno, rápido e por suposto de calidade. Sen dúbida algunha, hoxe a prioridade é completar o antes posible a conexión ferroviaria da Alta Velocidade coa Meseta, é esta a actuación máis urxente, é o reto máis importante que hai que afrontar e materializar para conseguir que sexa unha realidade o compromiso do Ministerio de Fomento de que o AVE estará en Galicia no terceiro trimestre do ano 19, esperemos que sexa verdade esta vez. Este compromiso é serio, non como aqueles compromisos daquela ministra socialista –de importante recordo para os galegos- dona Magdalena Álvarez, que agochou durante anos os proxectos do AVE a Galicia nos caixóns do seu departamento. Estou seguro que todos recordan o cariño que esta señora nos tiña. Repito, dende a chegada do Partido Popular ao Goberno central executáronse, ata 2016, obras por valor de 3.000 millóns de euros multiplicando por seis todo o investido ata 2011. Estes son datos, señor Gómez Pérez, que me está aí vostede sorrindo de maneira irónica. Agora, o Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2017, que se está a tramitar no Congreso dos Deputados, recórdolles que contempla todas as partidas necesarias para facer fronte aos citados compromisos. Miren vostedes, somos a primeira provincia, digo a primeira provincia, en investimentos en ferrocarril de toda España, cun importe que ascende a preto de 500 millóns de euros, case un 600% superior á media provincial nacional. As partidas orzamentarias dan resposta aos prazos e obxectivos comprometidos polo ministro de fomento, Íñigo de la Senra, e polo tanto o remate das obras da Alta Velocidade Galicia no terceiro trimestre do 19, como xa dicía antes, queda asegurado dende o punto de vista orzamentario. Non se trata aquí de repasar todas e cada unha das actuacións en marcha e previstas para o AVE, senón de lembrarilles que esta discriminación histórica da que falan vostedes - con Ourense, coa nosa provincia - en materia de infraestruturas estase a corrixir de maneira clara e evidente e, ademais, con infraestruturas de altísimo nivel. Con todo, non deixaremos de facer un estrito seguimento ao desenvolvemento dos proxectos e dos tramos pendentes para que se axilicen todos os trámites necesarios. Agora ben, se o AVE a Galicia é prioritario pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

repercusión que terá na Comunidade, e repito, para Ourense, tamén parece razoable que nos poñamos a traballar para impulsar unha conexión ferroviaria de calidade, competitiva e moderna coas cidades de Vigo e Lugo. Con este fin, o proxecto de orzamentos xerais do Estado de 2017 recolle un investimento en ferrocarril, en Galicia, antes falaba de Ourense, de 571 millóns de euros e sitúa á Comunidade como terceira coas maiores partidas nesta materia, cun crecemento dun 83% sobre o executado en 2016; deste xeito, os orzamentos prevén avances como o impulso da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense cunha partida de 13,5 millóns de euros. Polo que respecta a Vigo, o 13 de decembro pasado, o Ministerio reiterou o seu compromiso coa conexión de Alta Velocidade a Vigo a través da variante de Cualedro, unha infraestrutura que é fundamental para a competitividade da área sur de Galicia. No tocante a Lugo, as actuacións non deixan lugar a dúbidas, a intención de mellorar esta liña é clara, o obxectivo é garantir unha conexión entre Ourense e Lugo – a través de Monforte - que permita aos cidadáns beneficiarse da Alta Velocidade ferroviaria, vexan reducidos os tempos de viaxe e poidan chegar a Madrid no entorno das tres horas. Se a conexión coa Meseta é prioridade, dende o Partido Popular entendemos como xa dixen que non imos renunciar ao mellor servizo con Lugo, pero tamén somos conscientes, e responsables, por iso dicimos que a postura máis sensata é acometer esta mellora por fases e de xeito escalonado, que supoña redución nos tempos de conexión. Co apoio da Xunta de Galicia e do propio Parlamento, a través dunha proposición non de Lei a iniciativa do PP, e agora tamén deste Deputación, estamos a reclamar do Ministerio unha planificación estratéxica que permita avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases sucesivas para conseguir o remate destes proxectos. Teño que dicir tamén que no proxecto de orzamentos do Estado, inclúe, como sinaléi antes, 13,5 millóns de euros para a continuación das obras, entre as que figura a variante da Pobra de San Xiao en Lánchara - 11,5 millóns - , actuación que permitirá, por exemplo, a supresión de 14 pasos a nivel. E como prometín intentar ser breve e non cansalos con máis datos, paso a dar lectura da emenda do Grupo Popular da que dispoñen todos vostede e aquí xa se fixo referencia a ela, e que por breve non deixa de ter o contido que nós estimamos suficiente para afrontar o asunto que nos ocupa. Propómoslle ao Pleno a seguinte emenda de substitución: *axilizar todos os trámites para a chegada a Ourense da Alta Velocidade ferroviaria e para a conexión coas cidades de Vigo e Lugo*. De momento nada máis. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Na miña primeira intervención dixen que íamos aceptar a emenda do Partido Popular, pero a verdade é que, agora que me fixo, e despois de escoitar o que dixo o señor Fraga, efectivamente aínda que parecía que só cambiaran un pouquiño a redacción, cambiando *prazos* por *trámites*, na súa redacción eliminaron a expresión liña de Alta Velocidade ferroviaria Ourense - Vigo e Ourense - Lugo. Eu estaba dando por suposto, porque claro na emenda di *axilizar todos os trámites para a chegada a Ourense da Alta Velocidade ferroviaria e para a conexión coas cidades de Vigo e Lugo*; pero aí eliminaron o que dicíamos nós que era *de la conexión de las líneas de Alta Velocidad ferroviaria Ourense - Vigo e Ourense - Lugo*. Xa é o que demandou o portavoz do PSOE, que no lo explique o portavoz do PP, se o único ao que están facendo referencia é as melloras nas liñas existentes, e o que queren é eliminar o compromiso do AVE. Na nosa proposta pedimos instar ao Ministerio de Fomento a que se axilicen os prazos da construción da conexión das liñas de Alta Velocidade ferroviaria Ourense - Vigo e Ourense - Lugo, como liña de Alta Velocidade ferroviaria tamén. Vostedes din, *chegada a Ourense da Alta Velocidade ferroviaria* e logo din *e para a conexión das cidades de Vigo e Lugo*, queda ambiguo tal e como dicía o portavoz do Partido Socialista, e despois de escoitar ao portavoz do Partido Popular, da a impresión de que non están pola labor de que esas conexións sexan de Alta Velocidade ferroviaria; nese caso *errare humanum est*, como diría o señor Rosendo que sabe latín, e non aceptaríamos a emenda do Partido Popular, si é que cando están falando destas conexións non se refiren ás do AVE. Recordar que estamos moi de acordo co que dixo o portavoz do BNG, da necesidade de vertebrar Galicia, fixo un bo repaso das liñas ferroviarias existentes, pero nós tamén coincidimos ás veces coa crítica que se fai de que ao mellor en España gastouse demasiado diñeiro en AVES por todas partes e por todos os sitios, innecesarios; pero mire, curiosamente étranos a cordura cando toca investir en Galicia, cando toca investir en Ourense, home, pois *ahora que siga la fiesta*, como di o meu compañeiro Gonzalo. Efectivamente, ao mellor se volvémos atrás no tempo ao mellor non habería que ter investido tanto diñeiro no AVE en toda España, pero unha vez que xa, en todos os sitios, chega o AVE como chega, que non lle entre a cordura ao Ministerio, precisamente, cando se trata de dotar desa infraestrutura a Galicia. Nós agora queremos que siga a festa para Galicia, un AVE para Vigo, un AVE para Lugo e que sexa un AVE, sen que deixemos de ver ben que se melloren as liñas existentes do tren convencional, iso está claro. Nada máis, grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Ben, eu creo que sobre o AVE temos debatido largo e tendido, eu non sei se aínda foi no último Pleno, ou no anterior. Vólvenos falar o portavoz do Partido Popular de prazos, compromisos, etcétera, etcétera, dende logo, se nos atemos ao que historicamente vén acontecendo e á experiencia que temos, non resultan vostedes moi fiables á hora de adquirir, ou de poñer en práctica sobre todo, porque adquirir non costa nada, eses compromisos na execución dos prazos, etcétera, eu creo que foi a última vez que falamos, traíalle unha pequena hemeroteca de declaracións reiteradas tanto de ministros, como do señor Feijóo onde quedaba de manifesto o que estou dicindo ao respecto da súa fiabilidade á hora de falar de prazos e de compromisos. En calquera caso, cando desde o BNG falamos de que Galicia avance na capacidade de decisión, estamos a falar da capacidade de decidir plenamente en asuntos primordiais para o país, como é o caso do transporte e a vertebración territorial. A nosa aposta pasa por ter a capacidade plena, a competencia exclusiva dos servizos ferroviarios a través da constitución dun ente público ferroviario galego que xestione os servizos de proximidade - téñase en conta que Euskadi ten servizos ferroviarios na ría de Bilbao, e a Cataluña fóronlle transferidas as *rodalíes*, os cercanías de RENFE hai poucos anos para integralas nos ferrocarrís da Generalitat - polo que non é unha iniciativa fóra do contexto institucional actual. A nosa proposta, ou a nosa aposta é moito máis ambiciosa, é a creación do GALTREN, unha entidade plenamente pública, dependente do Goberno galego, onde se aglutinen todos os servizos ferroviarios que transcorren por Galicia, reclamando a transferencia dos medios materiais e humanos dos actuais servizos - RENFE e FEVE - para nutrir este ente, e poder ampliar e mellorar as conexións entre as vilas e cidades galegas, cunha perspectiva tamén social e de equilibrio territorial e non soamente economicista, como vén aplicando RENFE desde Madrid. Neste sentido, ía a nosa emenda que formulabamos como unha emenda de engádega porque, efectivamente, coincidimos no que se formula na moción orixinal; pero nós pensamos sempre cunha visión un pouco máis ampla e que escapa ás fronteiras físicas da nosa provincia, sobre todo nun tema como o que estamos a falar, que é un tema de vertebración, un tema de infraestruturas, o tema dos ferrocarrís que afecta a un territorio máis amplo; aínda que agora mesmo esteamos a falar destas dúas infraestruturas. Nós por iso falabamos de instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia para que se acometa a modernización de toda a infraestrutura ferroviaria

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

de Galicia, de xeito que todas as cidades galegas contén con conexións ferroviarias de dobre vía e prestacións de Alta Velocidade, prestacións de Alta Velocidade, e particularmente se axilicen os investimentos necesarios para modernizar as liñas ferroviarias directas Ourense - Vigo e Ourense - Lugo. Nós seguimos defendendo a nosa emenda, en todo caso como xa se anunciou dende o Grupo proponente, se non é aceptada como unha emenda de engádega, verémonos na obriga de abstermos na votación da moción orixinal. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Francisco Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. A verdade é que señor Álvarez Dobaño nos traía o discurso breve, se chega a ser o largo igual non saímos de aquí hasta mañá, coa cantidade de cifras que vostede nos expuxo. Por certo, simplemente unha cita, que a min non me gusta andar con citas, pero parafraseando a Galileo con aquilo de *e sen embargo, móvese*; eu dígolle sen embargo, non vai, pese a todas esas cifras que vostede nos dixo. Porque mire, vostede é moi amigo de recorrer á herdanza do pasado, incluso se remonta ata Magdalena Álvarez, pero é que vostedes levan seis anos gobernando e lémbrolle que houbo construcións do AVE nesta provincia que estiveron paradas durante anos, baixo o seu goberno, e con muros tapiados. Alén diso, porque auga pasada non move muíño, o que temos é que preocuparnos porque veña o AVE, e o antes posible, e Ourense quede ben. Ségueme persistindo a dúbida, porque vostede referiuse ás conexións de Vigo e Lugo, un servizo rápido, próximo, de alta calidade e competitivo; pero a pregunta é moi sinxela ¿con características de AVE? ¿AVE, si ou non?. Remato dicindo que, con respecto a isto, é necesario que nos mundos de hoxe teñamos esas conexións, ferroviarias de alta velocidade que xa chegan á nosa provincia con retraso, con moito retraso, pero tamén é imprescindible – e iso vai depender de nós - a parte de instar a outras administracións que esta provincia e esta cidade estean preparadas para a chegada desta liña, para atraer xente e o capital inversos necesario para o desenvolvemento da mesma; porque non esquezamos que as infraestruturas unen lugares, pero tamén serven para traer, como para levar, e non vaia a ser que a nós – por non facer o que temos que facer - nos pase o segundo, que nos leve máis ca que nos traía. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Señor Ojea vostede quere seguir de festa, nós queremos seguir sendo responsables. De festa creo que estivemos vinte anos, ou algún máis, e agora témola que pagar. Deixémonos de chistes, e este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

si que é un chiste, o de vostede. Logo, está claro que pretenden retorcer as palabras, non lles gusta a nosa emenda, non lles gusta, entón pretenden retorcela. Eu dígolle que volvan outra vez a ela, o propio título da moción xa o di, pero é que como non a queren ler ou non lle interesa lela, pois di: *emenda de substitución á moción de Democracia Ourensana relativa á conexión ferroviaria de Alta Velocidade Ourense - Vigo e Ourense - Lugo*, e logo no texto que propomos, salvo que se queira retorcer o texto, dio claramente; pero ben, están vostedes na súa liberdade de retorcer e opinar o que queiran. Señor Fraga Civeira, home, breve non é o mesmo que dar datos e dar datos non é o mesmo que ser breve. Caracterízome, bastante creo, despois de moitísimos anos aquí, nesta tribuna, de cumprir os tempos; outros non, eu si e creo que cumprín, entón non sei porque me di que deberíamos estar aquí ata mañá. Non mirou vostede o reloxo, ¿verdade que non? Pois deberían mirar. E dixen datos, se non lle gustan, esa xa non é o meu problema. Eu din datos certos. Dito isto, voume cinguir outra vez á orde do día. Señor Rodríguez Suárez, con respecto á súa emenda de engádegas e ao manifestado aquí, voulle a resumir, outra vez, algo do que xa dixen, e espero que o señor Fraga Civeira non me retruque por estenderme demasiado, porque se ve que ten présa, pois para iso estamos aquí ¿non? Pois non se nota. A conexión coa Meseta a través da Alta Velocidade é un proxecto absolutamente prioritario para nós, sen a máis mínima dúbida, e Vigo e Lugo tamén ¿queda claro? Sigán retorcendo as palabras. O obxectivo é que esta infraestrutura estea lista canto antes, e nos prazos fixados, para o que se van a destinar os recursos financeiros necesarios, que deles falei, terceiro trimestre do ano 19; aínda que esta sexa a prioridade, é razoable que sigamos a traballar para impulsar unha conexión ferroviaria de calidade, competitiva e moderna coas cidades de Vigo e Lugo –Alta Velocidade; neste obxectivo a planificación dos investimentos é clave pois temos que nos adaptar ao estado da tramitación, e seguro que isto entenderano perfectamente, dos proxectos - como é o caso da variante de Cerdedo - e, por sentido común tamén, á dispoñibilidades orzamentarias; non a seguir de festa, señor Ojea; actuar por fases no caso de Lugo; é dicir, priorizar. Por iso, é difícil de entender, señor Rodríguez Suárez – e dígollo sen acritude, como diría o señor González nos seus tempos gloriosos, agora parece que non son tanto - que mentres se está a deseñar unha estratexia de investimentos que nos permita dar resposta do máis inmediato, veñan vostedes a rachar con calquera previsión sen cuantificar, por certo, e pedir unha actuación tan global que máis que modernización, asemella, eu diría, unha revolución ferroviaria. Señor Ojea, aínda que vostede

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

non asina a moción, si é compañeiro do señor Jácome que si a asina, direille o seguinte – tamén sen acritude- a súa moción está chea de tópicos e de argumentos febles, eu diría moi febles. Mire vostede, Ourense é, e seguirá sendo, o punto nodal do reparto ferroviario de Galicia. Non existe o concepto de estación central como vostedes falan na exposición de motivos. De Ourense parten xa tres liñas, como xa dixen, a Vigo, a Coruña e a Lugo - Ferrol, vía Monforte e, como xa queda dito, Ourense non está, dende que goberna o PP, discriminada; dei datos, como acredita o proxecto de orzamentos do Estado - que se está a debater nestes momentos- e as infraestruturas son de alto nivel e van a ser mellores cando nos chegue definitivamente á Alta Velocidade. A liña de Alta Velocidade a Galicia é un proxecto absolutamente prioritario, dígoo outra vez alto e claro, para o Goberno de España, para a Xunta de Galicia e para esta Deputación. Trátase dunha infraestrutura imprescindible para mellorar a competitividade de Galicia, vertebrar o territorio como aquí xa se dixo e mellorar a calidade de vida dos galegos. En canto aos retrasos, que tamén se falou aquí deles, no período 2004 - 2011, señor Fraga Civeira, teño que recordarlle o seguinte –xa sei que non lle vai a gustar, pero voulo a dicir- durante os gobernos socialistas prometéronse distintas datas e así, en setembro do ano 7, recordará vostede aquela insigne ministra e grande amiga de Galicia, dixo textualmente: *el AVE estará en el 2012, aunque duden de mi palabra*, eu xa era un dos que dubidaba. Logo, o presidente do Goberno daquela, o señor Rodríguez Zapatero, no 2008 ratificou esa mesma declaración. En decembro do ano 10, o ministro, galego por certo, de Lugo, don José Blanco dixo: *el AVE llegará a Galicia en el 2015*. Pois ben, fronte a isto, señor Fraga Civeira, é verdade que xa levamos anos gobernando porque así o queren os cidadáns, fronte a elo o Partido Popular, como xa dixen, executou obras por un importe de máis de 3.000 millóns de euros, multiplicando por seis o investido anteriormente a decembro de 2011. O proxecto de orzamentos do Estado, ao que me referín en varias ocasións e que a vostede o cansou, está en tramitación nestes momentos, ben o saben vostedes, están claros os compromisos para dar resposta á execución deses proxectos aos que me referín e ter a Alta Velocidade na nosa Comunidade Autónoma no terceiro trimestre do ano 19. Polo tanto, e remato xa, a finalización das obras da Alta Velocidade en Galicia, nese terceiro trimestre do ano 19, queda asegurada, repito, queda asegurada dende o punto de vista orzamentario e aos datos que din me refiro. Moitas grazas e nada máis.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Señor Plácido, claro que lemos a emenda e voulla a volver ler, porque realmente é ambigua, esta frase daba para unha desas análises sintácticas que faciamos no colexio. Mire, *emenda de substitución á moción de DO relativa á conexión ferroviaria de Alta Velocidade Ourense - Vigo e Ourense- Lugo* ou *emenda de substitución á moción de DO -pausa- relativa*; o sexa, esa *relativa* pódese interpretar das dúas maneiras: relativa á moción ou relativa á emenda. Por iso lle dicía que era ambiguo. Volvo a ler, *emenda de substitución á moción de DO – e logo di - relativa*. Ese *relativa* vén á moción de DO relativa á conexión ou á emenda relativa á conexión. Pódese entender das dúas maneiras, non me diga que non a sabemos ler. É ambigua *per se*, porque ese *relativa* pode referirse á moción de DO relativa ou á emenda do principio *relativa*. Entón, como agora vostede xa o aclarou e di que o que significa ese *relativa* é á emenda, non á moción de DO, entón entendemos que vostedes aproban a Alta Velocidade Ourense - Vigo e Ourense - Lugo, iso é o que entendo; pero xa lle digo, a cousa está ambigua, non sei si é vostede quen a redactou, pero que é ambigua, é ambigua. Entón agora, unha vez que xa o aclara votaremoslle a favor da emenda e tamén, como asinte coa cabeza e a comunicación non verbal tamén significa algo, entendo que o PP sitúase a favor da Alta Velocidade Ourense - Vigo e Ourense - Lugo, como pedimos na moción. nada máis grazas.

Por alusións pide a palabra o deputado do Partido Socialista, **D. José Ignacio Gómez Pérez** que di o seguinte: por alusións quería intervir porque me fixeron a min unha alusión directa, non por nada malo, pero digo que quería intervir por a alusión que fixo Plácido á miña persoa. Plácido, eu non me rin, pero quero facer unha reflexión, o que dixeches que era tedioso eras ti, que o propio Pleno se estaba facendo tedioso; e quero facer a reflexión nese sentido ¿por que? Precisamente pola perversión da norma que impuxestes dende fai tempo e que viñemos reclamando, porque ter que presentar mocións vinte días antes obriga a que teñamos estes debates tediosos. Porque neste momento teríamos que estar debatendo de moitas cousas que si teñen que ver directamente con esta institución e non con debates, como dis ti, que xa fixemos aquí, eu recordo, máis de vinte veces. Polo tanto é a reflexión que igual tedes que facer entre todos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do BNG (1).

A continuación somete a votación a emenda de engádegas do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (1).

Seguidamente sometese a votación a moción orixinal, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao Ministerio de Fomento a:

- Axilizar todos os trámites para a chegada a Ourense da Alta Velocidade Ferroviaria e para a conexión coas cidades de Vigo e Lugo.

10º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA SITUACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO UNIVERSAL DE CORREOS.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución con número de rexistro 15.937, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Lamento que o Pleno vaia así desta maneira, tal e como di o portavoz do Grupo Popular, pero eu creo que aínda lle queda bastante, así que armémonos de paciencia. A situación de desmantelamento e privatización do servizo de correos ao longo dos últimos lustros é un feito, como así constata os datos dos últimos anos. Aínda non coñecemos as contas do 2016 pero a xefatura confirma que irán na liña das anteriores. A realidade é demoledora: en oito anos lévanse perdido, no estado, en torno a 20.000 empregados. Os mil puntos de atención perdidos correspóndense cos dos enlaces rurais en pequenos núcleos nestes oito anos - pasando de 9.926 a 8.946- pois a rede de Oficinas Técnicas seguen sendo as mesmas: pero as oficinas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

auxiliares, atendidas por un carteiro en xornada parcial unha hora diaria de media en locais cedidos polos concellos, son as que pechan. Cuantificando este descenso, desapareceron só nestes últimos 8 anos, dos que existen datos oficiais, 1.113 carteiros rurais en todo o estado, e 980 puntos de atención, as devanditas oficinas auxiliares atendidas de xeito unipersonal antes mencionadas. Particularmente vense lesionados os artigos 23 e 24 coa política de Correos de amortizar a práctica totalidade das vacantes nos enlaces rurais obrigando, tras un estudo dos equipos de dimensionamento, ao persoal que presta os seus servizos na mesma oficina en áreas colindantes, a asumir forzosamente partes das áreas de reparto amortizadas, ou a desprazarse a outras áreas incluso se é preciso. Esta problemática ven sendo denunciada polo sindicato CIG por todos os medios desde vello. Ourense xa perdera, antes da xeneralización das novas tecnoloxías e da crise o 33% dos carteiros rurais no intervalo de dez anos dende o 1996 ata o 2006, pasando de 330 a 212. Pero a crúa realidade é que a día de hoxe, a finais do 2016, xa só hai 153, é dicir, outro 30% menos nun intervalo similar. O ritmo de destrución de emprego e dun terzo menos de carteiros rurais por década, o cal non resulta para nada proporcionado coa porcentaxe a nivel do estado: en total só desaparecen 1.113 no Estado – un 15% - dos que 60 de Ourense, representan o 30%. En Lugo, por exemplo, hai moitos mais, concretamente 229 cun censo de poboación, extensión e dispersión moi similares ás nosas. Ourense xa foi o coello de indias antes da crise en todo este proceso de racionalización e amortización. Fómolo ao ser a primeira provincia onde en oficinas técnicas eliminouse ata a figura do carteiro urbano, empezando en Bande, pero seguindo con Castro Caldelas, tamén a primeira onde as oficinas técnicas perden tal categoría ao xubilarse o funcionario do grupo C1 que as atendía, pasando a oficinas satélites con horario de atención ao público incompleto: Cortegada. A desaparición dos carteiros rurais, ten unha incidencia enorme en Galiza, temos máis de 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos do estado español, e singularmente na nosa provincia, co que de novo demostrase que somos a irmá pobre do sistema. Isto engadido ao feito de que se eliminan servizos dos concellos, tanto públicos como privados, aboca a moitos veciños e veciñas a desprazáranse a zonas máis poboadas, provocando a desertización de numerosos núcleos de poboación - contamos con 321 segundo datos do IGE, na nosa provincia, que non contan con ningún habitante - e xerando un problema engadido polo feito do abandono do rural de consecuencias sociais, económicas e medioambientais de enorme dimensión. O reparto no ámbito rural é a esencia que converte a Correos nun servizo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

público, a prestación do servizo postal universal, aquel que Correos ten encomendado por Lei e que garante un acceso en condicións de igualdade non discriminatorias e a un prezo asequible a todos os cidadáns con independencia da súa residencia. Por todo isto nós pedimos a adopción por parte deste Plenario dos seguintes acordos:

1. *Incrementar o financiamento do Servizo Postal Universal.*
2. *Cuantificar o custo real do S.P.U*
3. *Creación do fondo de compensación que prevé a Lei.*
4. *Un pacto laboral que contemple a recuperación salarial dos recortes aplicados desde 2010 e taxas de reposición de emprego do 100 % ao longo dos vindeiros anos, mediante procesos de contratación ética, xusta e transparente.*

Xa adianto que, con respecto á emenda de substitución que nos formulan vostedes, teño que dicir que nos vemos na obriga de rexeitala porque *solicitar á Comisión Nacional dos Mercados de Competencia – organismo ao que lle corresponde á supervisión e o correcto control funcionamento do mercado postal - que garanta o servizo postal universal e as condicións nas que se realiza o mesmo, en cumprimento da normativa legal vixente*; pois desvirtúa os acordos que nós formulamos, que son acordos concretos e van noutra liña e isto é, simplemente, solicitar o evidente que xa debería estar funcionando a día de hoxe e que non faría falta nin pedir. De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós, en principio, absterémonos neste punto porque estimamos que transcende, con moito, ás competencias desta Deputación; existen outros foros adecuados para tratar o tema. O que si me gustaría é facer unha reflexión, non sei con que cara lle podemos pedir a unha empresa privada que non desmantele os seus servizos do rural, unha empresa privada como antes se falaba de ABANCA e outras das que ás veces se falan, cando unha empresa está en principio para ter beneficios e para gañar cuartos; ¿con que cara lle pedimos ou instamos a empresas privadas que non desmantelen os servizos empresariais, os servizos privados no fondo, cando a propia administración pública desmantela servizos públicos cuxa finalidade non é o rendemento económico, non son os beneficios? Se eu fose xerente dunha desas empresas privadas formularíaslle iso: *oe, ¿con que cara veñen vostedes a pedir*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

que non quite as miñas oficinas das vilas que non son rendibles e tratan de dicir que a rendibilidade non o é todo, cando vostedes –representantes de administracións públicas - desmantelan servizos públicos? Cando vostedes, si, a súa finalidade si que non é ter beneficios. Unha reflexión que fago. Polo que respecta á moción, como xa dixen, ímonos abster; si no futuro temos representación no Parlamento español, na Xunta de Galicia ou en foros máis amplos ao mellor si que o discutiremos. Grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do Partido Socialista: moitas grazas, presidente. Un par de consideracións antes de meterme no fondo do asunto. Un Pleno *tedioso e plomizo*, como veñen sendo repetitivos os últimos, ¿non?, en vez de estar falando ao mellor de cuestións máis interesantes por esa prása de que temos que meter as mocións antes do día 15. Concretamente neste Pleno van catro puntos técnicos, unha proposta da presidencia – coincido con algúns dos que me precederon na palabra - oportunista para dar cumprimento ao que anunciou o día 17 de maio día das letras galegas en Xinzo, e seis iniciativas da oposición -dúas por Grupo dos que estamos na oposición- todas elas emendadas menos unha, a do Museo Arqueolóxico. Señorras e señores deputados, finalmente acabamos aprobando mocións, iniciativas que nós traemos a esta institución cos acordos que vostedes queren; é dicir, mocións á carta. O menú, ao final, quen o come e quen o guisa son vostedes. Quero facer tamén unha segunda reflexión, tiñamos que estar falando aquí ao mellor de problemas máis urxentes que xorden nos últimos días. Recordo que no último Pleno a alcaldesa de Oímbra, e tamén deputada, trouxo unha moción de urxencia, aprobouse á urxencia porque o día anterior estragáranse miles de hectáreas de viñado e doutros cultivos nesta provincia; de momento hai mobilizacións, a Xunta de Galicia non respondeu nada ao respecto e simplemente paréceme unha frase un pouco desafortunada – se é verdade que a dixo a señora conselleira - *lo que es asegurable no es subvencionable*. Triste para esta provincia. Con respecto á moción, vou a facer unha reflexión corta, porque xa imos tarde. Si é certo que estamos a saír da crise, non entendemos o recorte de 60 millóns de euros nun orzamento de 280 mil. Nun contexto coma este, o servizo postal de correos ten un papel innegable na contribución á cohesión social e territorial e económica do país; tanto estatal, como rexional, como provincial, xa que este servizo proporciona un servizo público de calidade tanto aos cidadáns, como ás empresas, como ás administracións e a todos aqueles centros de poboación incluídos os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

núcleos máis pequenos do rural. Os datos que temos que por en valor son os seguintes: máis de 8.000 municipios en toda España atendidos, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas – máis do 99% son pequenas e medianas empresas, son autónomos - e un total de 7.100 puntos de servizo en áreas rurais. A regulación do servizo postal, a nivel europeo e tamén español, prevé mecanismos de financiamento para conseguir a entrega do correo en todo o país. Un servizo público que só pode ser atendido nas grandes áreas por Correos e que, de non ser así, desaparecería por non haber condicións rendibles para a prestación deste servizo público. O recorte previsto polo goberno do Partido Popular na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 17 prevé, efectivamente, un recorte de 60 millóns de euros nun orzamento que, para o ano 2017, é insuficiente. Dicar tamén que esta redución podería facer inviable a prestación deste servizo se se considera público e universal, tal e como está entendido na Lei 43/2010. Os sindicatos maioritarios en Correos alertaron de que este recorte podería levar á eliminación de numerosísimos postos de traballo; pero tamén á desaparición de moitísimos puntos de prestación do servizo. Polo tanto, a realidade da nosa provincia é a seguinte: moitos servizos de correos están atendidos durante un par de horas en núcleos rurais, precisamente en oficinas que vostedes, alcaldes dos nosos concellos, lle prestades correndo co gasto de calefacción, iluminación e demais, atendidos por carteiros ambulantes durante unha ou dúas horas. Os datos da provincia demostran que se reduciron considerablemente os carteiros nesta realidade que temos, nunha provincia diseminada, envellecida e moi dispersa. A realidade virtual, por tanto, non alcanza ao servizo do rural, é un servizo público e como tal non ten que ser rendible, non ten que arrojar cifras económicas positivas. Se aceptamos a proposta que fai o goberno de Rajoy, estamos a fomentar que dende as institucións se poida ou se queira abandonar o rural; non podemos fixar poboación. Os servizos públicos non teñen porque ser rendibles, repito. E como este, outros moitos non o son, polo tanto as institucións teñen que poñer cartos, teñen que poñer orzamento para prestar o servizo. Por outro lado, dicir que se temos en conta o altísimo incremento de envíos on line que supoñen un factor de oportunidade para este sector público, podemos equilibrar as contas. O recorte dun terzo do orzamento que se dedica a Correos non pode ser unha xustificación para que nós lle deamos unha aldrabada na porta de peche do rural. Polo tanto, desta volta, como noutras mocións nós non podemos apostar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

por ser os que pechemos o rural. Temos que axudar a que o rural siga en pé, sobre todo nunha provincia que o é eminentemente. De momento nada máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Permítame unhas apreciacións, ou unhas matizacións ao que dixo a señora Lama. Mire vostede, señora Lama, un tema tan complicado e de desgraza evidente para moitos conveciños nosos desta provincia, o tema das xeadas, eu téñolle que recordar que vostedes, nin no Pleno anterior, nin neste presentaron ningunha iniciativa ao respecto. Tamén o puideron facer. Con respecto a que non se fai nada, home, o señor presidente desta Deputación onte mesmo reuniuse con dirixentes importantes dun sindicato, que creo entender é da súa órbita, e creo que se avanzou considerablemente no posible. Digo iso para que quede claro e non intentemos manipular á opinión pública con datos incertos. Dito isto, á orde do día que é o que nos ocupa e é o que temos que respectar. Señor Rodríguez Suárez, a vocación de defensa do rural da que fai gala esta Deputación está máis que acreditada; creo que é evidente, sobre todo cando se trata de prestar servizos aos nosos concellos e aínda máis cando saímos a defender o mantemento doutros servizos de carácter público que prestan outras administracións e organismos; estou seguro que vostedes o recoñecen, outra cousa é que o expresen publicamente. Exemplos hai dabondo, como cando recentemente abordamos – e non hai moitos días - a situación dos rexistros da propiedade e, hoxe mesmo, a cuestión das sucursais da entidade ABANCA, entre outras. Este mesmo criterio é o que nos levou a presentar unha emenda de substitución, que tanto se nos critica, pero que democraticamente estamos aí para algo señora Lama, estamos aí para algo, e da que logo falarei. En todo caso, quero recordarlles que estamos a falar dun servizo, o servizo postal universal que presta –non o esquezan- a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos que por Lei, e digo por Lei, ten autonomía de xestión no tocante á organización da súa rede de oficinas, que convén non esquecerlo, ou cando menos telo presente; pero veño que non o teñen moito vostedes. Unha autonomía que tampouco é un cheque en branco, pois o servizo postal universal, o cumprimento da súa normativa e o control das condicións nas que se preste este servizo están baixo – por iso citámolo nós na nosa emenda - a supervisión da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Do que non cabe dúbida é de que este servizo experimentou unha diminución constante no seu volume de traballo, non nos enganemos, e iso foi consecuencia da irrupción das novas tecnoloxías, a universalización

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

do correo dixital ou electrónico, as novas aplicacións de mensaxería, ou mesmo as redes sociais. Incluso a desaparición, nos seu día, como monopolio e o aumento da competencia, a tecnificación das tarefas operativas, ou a mellora dos procesos de automatización, provocaron unha profunda transformación do servizo público que practicamente tivo que se reinventar. Con todo, non deixamos de recoñecer, que quede ben claro, que o goberno ten a obriga, como non, de prestar un servizo postal universal que está suxeito a normas nacionais, pero tamén comunitarias que, señor Rodríguez Suárez, dáme a impresión que vostede non se parou moito nelas. Quero dicirlle en todo caso o seguinte: non se pode incrementar por capricho o financiamento do servizo postal, señor Rodríguez Suárez. A normativa comunitaria permite aos estados membros utilizar mecanismos que financien as obrigas do servizo postal universal que en España, como xa dixen, presta Correos e Telégrafos. O límite pola compensación destas obrigas é o custo neste acreditado do servizo; neste sentido, Correos e Telégrafos ten dereito e percibir unha compensación polas obrigas de servizo postal universal que se lle impuxeron. Estamos a falar, e teño que dicilo, de cuestións moi técnicas, pero non por elo temos que deixalas de lado nun pretendido, e permítanme que o diga, oportunismo político para contentar a algúns. Polo tanto, no caso de que se percibise calquera compensación destinada a financiar as súas obrigas e que superase os límites impostos, estaríase a infrinxir a normativa nacional, pero tamén a normativa comunitaria postal e a normativa comunitaria en materia de competencia. Teñamos isto presente e apartemos a demagogia, cando menos, de vez en cando. Piden vostedes que se cuantifique o custo real do servizo, pois ben, esta tarefa está condicionada á aprobación dunha metodoloxía de cálculo que debe incorporarse a un plan de prestación do servizo postal universal que na actualidade non está aprobado, é certo, non está aprobado. Un plan que deberá aprobar o Goberno, previo informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Consello Superior Postal. Teño que dicir, e vostedes entenderán comigo, que despois dun ano practicamente de parálise institucional pola repetición das eleccións xerais, se agora se impón a estabilidade, esperemos que si, teñan por seguro que o plan sairá a diante en breve e poderase realizar o cálculo do custo real ao que me refiro. Fala vostede tamén, señor Rodríguez Suárez, da creación dun fondo de compensación do servizo postal universal, saiba vostede, que seguro que o sabe, que xa existe un fondo de financiamento do servizo postal universal que ten como misión xestionar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

o financiamento necesario para compensar a carga inxusta, á que antes me refería, das obrigas impostas a Correos e Telégrafos como servizo postal universal do Estado; pero ocorre que, para coñecer esa carga financeira inxusta, é necesario dispoñer desa metodoloxía de cálculo que aínda non está aprobada, repito, acabo de referirme a ela. Finalmente, acerca das cuestións de índole laboral que expón na súa moción, quero lembrarlle que a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos goza, repito unha vez máis, de autonomía de xestión en cuestións relacionadas coa súa dimensión, organización de redes de oficinas e tamén cadro de persoal. Teñámolo presente. A pesar de todo, tampouco vaian vostedes a pensar que lle damos un cheque en branco a Correos escudándonos nestas explicacións. ¡Non!. Correos ten unhas obrigas que debe cumprir e que abarcan a todos os municipios do territorio español e debe facelo cos niveis de calidade establecida e coa eficiencia que se lle esixe, polo carácter de servizo público. Quede claro pois, e remato para que non se me aburra o señor Fraga Civeira, dende o noso grupo - non teñan vostedes dúbida algunha - pediremos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia todas esas garantías e cantas explicacións sexan necesarias para o correcto funcionamento na provincia de Ourense do servizo postal universal. E dito isto, paso a dar lectura da nosa breve emenda de substitución, que unha vez máis digo por breve non deixa de ser, no contido, suficiente para o asunto que nos ocupa, propomos ao Pleno a seguinte emenda de substitución: *solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, organismo ao que lle corresponde a supervisión e correcto control do funcionamento do mercado postal, que garanta o Servizo Postal Universal e as condicións nas que se realiza este, en cumprimento da normativa postal vixente.* Nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas presidente. Logo de escoitar todas as intervencións, o primeiro que se me ocorre e que aquí paralelamente estamos dando dous debates; un é o debate técnico do que nos falaba agora o portavoz do Grupo Popular ao respecto de como se organiza e de como está regulado polas diferentes leis e polos diferentes niveis administrativos o servizo; e outro é o que no fondo subxace que é que todo iso está moi ben, que nos regula, que nos xestiona, que di como debe funcionar o servizo público de Correos, ao final tradúcese no caso concreto da nosa provincia – eu por iso facía referencia na exposición de motivos aos datos concretos da provincia de Ourense – en peche de oficinas, desaparición de carteiros e desaparición dun servizo que nós

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

entendemos que é fundamental. Dende logo, nós non falamos de incrementar o financiamento do servizo postal universal por capricho, entendemos que haberá que definir cales son as necesidades da nosa provincia, que esas necesidades estean cubertas. Falaba que, por exemplo, en Lugo, cunha distribución e cunha poboación e extensión moi semellante á nosa, hai un censo de 229 habitantes por carteiro, e a nosa é de 153; non se entende esta diferenza. Haberá que determinar cales son as nosas necesidades – que eu entendo non estarán moi lonxe, por poñer un exemplo, das de Lugo - e a partir de aí sairá un custo para o servizo, e será o custo que terá que asumir, cuantificar e incrementar se fai falta por parte do organismo competente. Nada máis, eu entendo que, efectivamente, como sempre di o portavoz de Democracia Ourensana nestes debates que transcenden un pouco ás nosas competencias, son debates que nós sempre entendemos que hai que dar porque aínda que non teñamos competencias directas sobre o asunto si estamos falando de algo – e aí si coincidimos todos - que afecta directamente aos nosos veciños e veciñas. Estamos falando dun servizo máis que se pecha, que se mingua e que, á marxe de que efectivamente coincidimos tamén en que as novas tecnoloxías supuxeron unha renovación e unha revolución en canto á forma de comunicar, á forma de entendernos e de enviarnos información e de comunicarnos entre os cidadáns, o servizo de correos, aínda que moi minguido por todo o que estamos de acordo e vimos falando, segue sendo un servizo esencial porque hai cantidade de comunicacións, de trámites e de cartas, etcétera... que segue sendo necesario entregalas en man, persoalmente e por iso é un servizo que, dende logo, vemos que non vai a desaparecer polo menos a curto prazo. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós xa dixemos na primeira intervención que nos íamos abster, pero a reflexión sobre a importancia do servizo postal que facemos é que é un servizo que debe ser público. Falaba o señor Plácido de que as altas tecnoloxías están un pouco desprazando este servizo; si, pero as novas tecnoloxías aséntanse en empresas privadas. Todas estas redes sociais, whatsapp... son empresas privadas e un non ten porque ser obrigatoriamente cliente desas empresas. Tamén lle recordo a importancia histórica que tivo o servizo postal de correos como formador dos estados, os estados modernos empezáronse a constituír, e a sociedade moderna, a partir do servizo de correos; despois tamén foi o tren – sabemos a importancia que tivo o tren no século XIX para constituír o estado moderno - pero xa o servizo de correos que recibe ese nome

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

porque ao principio eran persoas que ían correndo, ou a cabalo, lembremos a Miguel Strogoff que atravesou Rusia dun lado a outro. Hai unha película –non sei se a coñecen- *El cartero* de Kevin Costner na que, despois dunha explosión nuclear, quedou todo destruído e volveu a comezar a reestruturarse a sociedade precisamente polo servizo postal. É a ficción dunha película, pero empezou a reestruturarse todo polo servizo postal. A importancia do servizo postal na construción dos estados e da sociedade é súper coñecida. Lembren a aquel famoso escritor que escribiu *Manual del golpe de Estado*, o tal Curzio Malaparte, dixo como dar un golpe de Estado, dicía: *para colapsar o Estado, o primeiro punto é ocupar Correos*; non sei si se acordan diso, se queremos amolar ao Estado, o primeiro é colapsar o sistema postal. Iso escribiuno aquel famoso escritor, que logo foi perseguido, no *Manual do Golpe de Estado*. Nós entendemos que ao marxe do que as empresas privadas poidan aportar a esta clase de servizos, ben en forma de mensaxeiros privados, repartidores, ben como nas redes sociais que de momento son empresas privadas; o servizo postal debe seguir sendo un servizo público, debe seguir sendo universal, gratuíto non é dende que se estableceu o selo. Os que sexan afeccionados á filatelia saben moito da gran información que teñen os selos, unha gran revolución nos selos foi que pagara quen enviara a carta; ao principio pagábaa quen a recibía. Non me vou a estender máis, ímonos abster porque é un tema que nos transcende pero quería deixar claro iso, que entendemos que o servizo postal é un servizo básico que debe ser público e tamén a recordar a reflexión que fixen na primeira intervención, con que cara lle pedimos a empresas privadas que non desmantelen servizos que non lle son rendibles, se o propio Estado desmantela servizos que non lle teñen que ser rendibles. Grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. En principio a autonomía de xestión da Sociedade Estatal de Correos, indubidablemente, xa a ten por Lei porque é o prestador dese servizo. Polo tanto que o seu control está baixo a Comisión Nacional do Mercado e da Competencia que, entre outras funcións, ten as seguintes: *verificamos el coste neto del servicio público universal y la carga financiera injusta derivada de su prestación*; pero tamén, *autorizamos en su caso excepciones a la prestación del servicio postal universal*. Polo tanto, do que se está tratando aquí e de que o Goberno do Estado poña cartos, polo menos os mesmos que había no orzamento do 2016, para prestar o servizo; porque, señor Dobaño, sen cartos nin se repoñen carteiros, nin se cobren as prazas, e se pode

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

poñer en risco o servizo. Iso é o que demandamos, nós estamos de acordo coa moción, tal como está a proposta de acordo do Bloque Nacionalista. Nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. No devir que está levando o Pleno teño que dicir que non se me entende nada, entón a culpa debe ser miña, ¡debe ser miña! Argumentos simplistas, non faltos de demagogia, señor Rodríguez Suárez. Vouno a repetir outra vez, vanmo a permitir, vou a ser breve señor Fraga Civeira a ver se tardo tres, catro minutos solo, porque vouno a repetir incluído para a súa compañeira, porque non me escoitou nada.

O **Sr. Fraga Civeira** dille dende o escano que lle vai ter que dicir ao Sr. Presidente que poña o reloxo.

Don Plácido Álvarez Dobaño: pois si, que poña o reloxo aí a ver quen se estira máis, polo menos, quen se estira máis do debido. Repito, en relación aos puntos da moción do señor Rodríguez Suárez, Correos e Telégrafos ten dereito a percibir unha compensación polas obrigas da prestación do servizo postal universal que se lle encomendan pero, como xa dixen señora Lama, outra vez e a a ver se esta vez escóitame, este importe non pode exceder do importe do custo neto que no seu caso lle ocasionará o cumprimento das obrigas de prestación do servizo postal. Vostede anda falando de excepcións, pero logo lle vou a dicir que as excepcións, ao mellor, teñen outras normas tamén que vostede obvia. Calquera compensación que superase o citado importe, non só, e escóitame agora, non só estaría conculcando a normativa nacional, senón tamén a normativa comunitaria postal sobre o sector postal - que tamén a hai señora Lama, tamén a hai; para vostede non, que máis dá, que poña cartos o Estado e xa está, que poña cartos e arranxamos o problema-, a normativa comunitaria en materia de competencia tamén, as dúas, a xenérica e a particular do servizo postal, as dúas. Segundo vostede o Estado, ou o Goberno central, que poña cartos e problema solucionado. A cuantificación do custo real da prestación do servizo postal universal, como xa dixen, está condicionada á aprobación dunha metodoloxía de cálculo que debe estar incorporada a un plan de prestación do servizo postal que debe aprobar o goberno. Polo tanto, vostedes agora, nesta nova ola do seu partido poden - que nós non temos maioría no Parlamento español - presentar unha iniciativa neste sentido e de obrigado cumprimento para o Goberno, non o esquezan; trasládello aos seus representantes no Parlamento, no Congreso e no Senado. Non é preciso crear un Fondo de Compensación, xa llo dixen, señor Rodríguez Suárez, porque xa está

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

creado, foi creado pola Lei 43/2010, pero a súa posta en funcionamento depende desta aprobación da metodoloxía de cálculo á que me referín antes, a ver se agora se me entendeu, aínda que non creo. En canto ao pacto laboral que non deixa de ser unha proposta excesivamente demagóxica, permítame que llo diga, porque di vostede que *contemple a recuperación salarial dos recortes aplicados desde 2010* –vostede cuantifica dende o 10, por algo será - e *taxas de reposición de emprego do 100%* ; pois ben, volvo a dicilo, a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos - sociedade anónima - goza de autonomía de xestión en canto a esas cuestións que nos formulan ao tratarse de asuntos relacionados co determinación da súa dimensión, e cito o que di a Lei, *organización de rede de oficinas e cadro de persoal da propia sociedade*. Lamento se non me entenderon esta vez. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi breve, señor presidente. Polo que vexo, efectivamente, autonomía de xestión. Autonomía de xestión, e voulle dicir, xa o dixen na exposición de motivos, para pasar nos últimos anos na nosa provincia de 330 carteiros no ano 96 a 212 no ano 2006, e de 212 no ano 2006 a 153 a finais do ano 2016. Esa é a autonomía de xestión e iso é, na realidade, como afecta á nosa provincia. Como volvo a insistir, estamos falando dun servizo público, estamos falando dun servizo que serve para fixar poboación no rural –como tantos outros dos que levamos debatido en cantidade de ocasións nesta mesma casa - e que, como vemos, sempre os recortes veñen pola parte que nos toca a nós porque, como dixen na exposición de motivos, por exemplo en Lugo a día de hoxe teñen 229 carteiros cun censo de poboación similar. Eu o que digo é, dentro do debate ou dos dous debates aos que facía referencia, o debate máis político, máis de defensa dos intereses dos veciños e veciñas da provincia de Ourense, explicarlles a eles por que, dende o punto de vista técnico, a uns pódeseles manter un servizo de correos de calidade noutro sitio, e aquí nós temos que apañar con estes recortes e temos que ver como este servizo vai minguando e préstase a día de hoxe nas circunstancias nas que se presta e que eu xa fixen referencia na miña exposición de motivos. Volvo a insistir, os nosos acordos son acordos concretos, de *incrementar o financiamento do Servizo Postal Universal*, non por capricho, senón porque si fai falta porque as demandas de necesidades dos cidadáns e cidadás ao respecto do servizo necesitan, precísano, esíxeno, pois que se incremente o financiamento. De *cuantificar o custo real*, poñendo en práctica todas esas normativas, acordos e leis nacionais e supranacionais que lle afectan; o mesmo con respecto á *creación do fondo de compensación*; e despois con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

respecto ao pacto que recupere os recortes aplicados e as taxas de reposición de emprego, pois efectivamente, autonomía de xestión. Nós é o que solicitabamos nos nosos acordos. Volvo a insistir, son acordos concretos, son acordos cuantificables e o que vostedes nos propoñen é un brinde ao sol, como normalmente acontece, de algo que hoxe en día xa non tería que facer falta nin solicitar, porque: *solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, organismo ao que lle corresponde a supervisión e correcto control do funcionamento do mercado postal, que garanta o Servizo Postal Universal e as condicións nas que se realiza o mesmo*; pois como as condicións sexan as que está realizando agora na provincia de Ourense, mal vamos dados. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (1).

A continuación somete a votación a moción orixinal, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Ourense solicítalle á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, organismo ao que lle corresponde a supervisión e correcto control do funcionamento do mercado postal, que garanta o Servizo Postal Universal e as condicións nas que se realiza este, para cumprir a normativa postal vixente.

11º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á INSTALACIÓN EN TODAS AS ESTRADAS DA PROVINCIA DE GARDARRAÍS DE SEGURIDADE PARA OS MOTORISTAS E CICLISTAS.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron dúas emendas: unha de substitución do Grupo Popular con número de rexistro 15.729 e outra de substitución do Grupo Socialista con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

número de rexistro 15.851, e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Tratamos nesta moción un problema bastante coñecido, un problema que non se cingue só, dende logo, á provincia de Ourense; é un problema de ámbito máis amplo; cinguíndoa moi en concreto ás estradas que son competencia desta institución, nun primeiro punto da proposta e despois unha instancia a outros organismos que son titulares doutras estradas. Falamos do famoso problema dos gardarraís que proliferan nas nosas estradas e que supoñen, ou pretenden supoñer, unha protección para uns, pero que resultan unha condena á morte para outros. Iso non parece moi xusto. Os gardarraís que se colocan nos bordes das estradas pretenden emendar o erro, entre *virgulillas*, as consecuencias que poidan ter que un vehículo se saía da estrada; tratan de evitar un mal que, algunhas veces, o gardarraíl faino peor porque os gardarraís colócanse de xeito sistemático, quilómetro tras quilómetros, sen particularizar cada situación, cada curva, cada tramo. En moitísimas ocasións é doado comprobar que sería menos perigoso, incluso para os coches falo, que non houbera gardarraíl; porque hai algunha curva que se te saes da curva, vas aí, a un sitio descampado, plano, cheo de terra, pero que non che pasaría nada, pararías aos 20 ou 30 metros se ningún problema; e ás veces o petar contra o gardarraíl causa verdadeiros problemas. Incluso, xa saben vostedes que os puntos de unión dun gardarraíl con outro ás veces desprázanse e son perigosos tamén os coches. Neste caso concreto, a moción cínguese aos motoristas e para eles si que son moi perigosos, basta con que se saían da estrada, con que se caían, con que patinen nunha mancha de aceite, ou o que sexa, o mesmo que lle pasa a un coche, pero claro, neste caso concreto as consecuencias son peores porque a morte do motorista é practicamente segura, como vostedes saben; hai unha porcentaxe tan alta que podemos dicir que é segura, como haxa eses gardarraís, a persoa que sufra ese accidente ou morre, ou queda con mutilacións gravísimas para toda a súa vida. Como o problema é moi coñecido, e xa digo parece inxusto que a seguridade duns se logre á costa da morte, ou da inseguridade extrema doutros, propoñemos que, no que son as súas estradas, as estradas da Deputación:

1º. Que a Deputación Provincial de Ourense instale en todas as estradas da súa titularidade os coñecidos gardarraís con protección SPM (Sistema de Protección Motoristas) co máximo nivel de protección (clase 70 con nivel 1 segundo UNE 135900-2008) para evitar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

os danos que provocan os convencionais.

2.º. Que a Deputación Provincial inste aos concellos, á Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento a que fagan o mesmo nas vías da súa competencia dentro da provincia de Ourense

Parécenos que iso sería, no caso concreto da Deputación, algo que bastaría con que se propuxese, que se quixese facer, que houbera vontade de facelo para poder facelo nun tempo prudencial. Ao mesmo tempo, nunca queda de máis, neste caso, instar ao resto dos organismos que sexan titulares de vías na nosa provincia a que fagan o mesmo. En canto ás emendas, empezo coa do Grupo Popular, xa volvemos coas emendas que supoñen un cambio de redacción, en realidade o espírito que subxace a estas emendas – dende a miña percepción particular- é o de ser *tiquis miquis*, por dicilo dalgunha maneira, *poner los puntos sobre las íes*, porque di, converte os nosos dous puntos en catro:

1.º. Facer un estudo das estradas provinciais con máis perigosidade para os motoristas, e en base a ese estudo, colocar gradualmente o SPM. Home, se dicimos que se instale en todas as estradas, o lóxico é que se estableceran prioridades nos tempos, empezar polos máis perigosos e seguir polos menos perigosos. Iso dáse por suposto, a finalidade é que todas as estradas, aquí fala de gradualmente, pero a finalidade é a mesma. Se é gradualmente ao final será en todas.

2.º. Colaborar cos concellos na detección dos puntos máis perigosos das súas estradas. Ben, home, colaborar cos concellos, colaborar coa Dirección Xeral de Tráfico e colaborar con quen faga falta, colaborar cos colectivos de afectados, que os hai, iso tamén dáse por suposto.

3.º. Instar á Xunta de a continuar co programa de colocación. Aquí nós dicimos que a Deputación Provincial inste aos concellos, á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento. Si xa os están colocando, tanto mellor, pero que os sigan colocando.

4.º. Instar ao goberno central a que cumpra a moción aprobada no mes de marzo, da que xa se fala na nosa moción.

Nós pensamos, como dicía antes, que esta é unha maneira de redactar o mesmo doutro xeito. O exemplo que puña antes de escribir un libro e podelo firmar copiando, por dicilo dalgunha maneira. Entón ímola aceptar polo motivo que dixen antes, que é o mesmo escrito doutro xeito. En canto á moción do PSOE, aquí so fala de contemplar a aprobación dunha partida orzamentaria para facer isto, home, damos por suposto que estas cousas custan cartos e loxicamente sen unha partida orzamentaria non se pode facer. O que non nos parece ben é que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

sexa unha emenda de substitución, poderíamola tolerar como unha emenda de engádega porque se a única finalidade é: *adopte o compromiso de incorporar nos orzamentos unha partida de 10 millóns de euros*, fíxese que nós tampouco puxemos ningunha cifra. Non sabemos o que pode valer, esa é unha cuestión que ao mellor habería que analizala *a posteriori*, pero dada a prioridade que lle atribuímos ao tema ese estudo habería que facelo canto antes e asignar a partida orzamentaria que fixera falta, pero xa como unha consecuencia, non como unha causa. Non sabemos se 10 de millóns de euros son moitos, poucos, etcétera... Entón, como está redactada baixo o formato de emenda de substitución, non a poderemos aceptar. Poderíamos aceptala como unha emenda de engádega obvia, porque a aprobación dun orzamento dáse por suposta. Nun principio, rexeitaremos a do PSOE por levar ese cualificativo de substitución, en vez de engádega, e aceptaremos a do PP, pero cun sorriso nos beizos porque parécenos que aquí hai a mano de alguén a quen lle gusta moito emendar por hobby. Nada máis. Grazas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Ao falar dos gardarraís ou biondas estamos falando duns dispositivos que si, efectivamente, son de demostrada utilidade para evitar as saídas da vía de vehículos de catro rodas; pero, como xa se dixo anteriormente, convértense en trampas mortais para os usuarios que transitan en motocicletas, e aínda que en menor medida, tamén para os ciclistas. Os popularmente coñecidos como quitamedos, provocan un elevado número de mortos e de lesionados graves entre estes dous colectivos. Como tamén se di na parte expositiva, o Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade unha moción que obriga a substituír os chamados gardarraís asasinos por outros con sistema de seguridade para os motoristas na rede viaria que controla o Estado. Entre as mediadas que se contemplaban, de progresiva implantación, aínda que desgraciadamente sen prazos concretos, había varias: identificación e sinalización con sinais verticais; no caso de que se acometan novas estradas, que xa fora obrigatorio instalar estes gardarraís, concienciación, etcétera... Sobre o papel todo soa moi ben, agora só fai falta que haxa orzamentos adecuados para levalo a cabo e vontade política para que non quede en papel mollado. Tampouco hai que esquecer que son moitas as estradas, propiedade doutras administracións, Comunidades Autónomas, deputacións, concellos, que aínda teñen un elevado número destes gardarraís, polo que necesariamente,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

para acompañar a situación das estradas da súa propiedade á realidade do contexto estatal van ter que facer un esforzo importante neste sentido. Organizacións como Unión Internacional para a Defensa dos Motociclistas levan tempo traballando para que, entre outras cousas, os gardarraís asasinados sexan substituídos polos S.P.M., máis adaptados á natureza e protección dos motoristas. O ano pasado, froito dun traballo incansable de numerosos colectivos de afectados, o Ministerio de Fomento aprobou un orzamento de 16,6 millóns, dos cales a Galiza tocáronlle 806 mil euros, para cambiar estes elementos altamente perigosos para a seguridade. Fondos a todas luces insuficientes, máxime se temos en conta que somos a comunidade con máis tramos negros de estrada en todo o Estado, segundo o informe do Programa Europeo de Avaliación de Risco na Estrada, o EuroRAP. En concreto, en Galiza dos 2.110 quilómetros analizados, un total de 401,3 teñen un risco elevado de accidente, segundo recolle este informe. Do total de 20 tramos negros, sete están na provincia de A Coruña, cinco en Pontevedra, tres en Lugo, dous en Ourense, dous entre Lugo e Ourense, así como outro entre Ourense e Pontevedra. A Asociación da Española da Estrada puxo no seu sitio as verdadeiras necesidades das estradas españolas cuantificando en 6.617 millóns o investimento necesario para conseguir un estado óptimo das estradas, 229 millóns deles só para gardarraís, é un dato demoledor. A Asociación da Española da Estrada asegura que en dous anos o déficit de investimento nas estradas españolas medrou nun 7%, e de seguir así a tendencia, antes de 2020 podería ser necesario cambiar boa parte da rede viaria no Estado. Son conscientes de que é algo que vai ser difícil de acometer nun período no que Europa abre a porta a novos recortes para as distintas administracións. E mentres o Estado español *racanea* cos fondos precisos para eliminar os gardarraís asasinados, non teñen o máis mínimo reparo en rescatar autovías de peaxe en creba con diñeiro de todos. Isto non é unha aseveración gratuíta, pois o ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, confirmou que o goberno español afrontará as súas responsabilidades para rescatar as famosas autovías de peaxe madrileñas, estamos a falar de entre 4.500 e 5.500 millóns de euros haberá que pagar dos nosos impostos ao Estado, mentres – entre outras cousas - decenas de motoristas ven agravadas as súas feridas tras un accidente por non haber orzamento suficiente para substituír estes gardarraís que tantas vidas teñen segado. De momento nada máis, moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: Ola bo día a todos e a todas. Nós presentamos esta emenda de substitución porque creemos que é a única maneira de que, se se compromete un orzamento nos orzamentos da Deputación, iso se leve a cabo. Dende logo, a min non me gusta moito xogar coa demagogia, entón, analizando a moción de Democracia Ourensana nós ímonos abster, porque empezamos con: *de esta forma, as estradas provinciais de Ourense, aínda contan con moitos quilómetros de gardarraíl convencional;* isto demostra tamén un pouquiño que non hai moita idea de cal é a rede provincial, porque está falando de que conta cuns gardarraís, non mire, ten 1.800 quilómetros de estrada a Deputación Provincial. Hai moitísimas estradas que non teñen nin de un, nin de outro. Hai a seguridade que implica o que é firme da estrada, o pintado das liñas de alta montaña cando hai néboa, a sinalización vertical, todo iso é seguridade. Por sorte, os accidentes dese tipo, nas estradas da Deputación, pois que eu saiba non hai moitos. Tamén di que á saída igual era mellor que non houbera gardarraís, que para aos catro metros; é o descoñecemento de que as vías provinciais, normalmente, están por terreos bastante accidentados e que hai bastantes precipicios por elas, co cal os gardarraís serían importantes. Si, efectivamente, hai que colocar eses gardarraís, pero teremos que empezar por algo, e ¿por que pomos 10 millóns de euros? Pomos 10 millóns de euros porque é o dobre do que se contempla anualmente nos orzamentos da Deputación para a reparación de vías provinciais. Facer un estudo das estradas provinciais, home, estudos creo que debe haber un montón deles, e a min, falando de estudos, igual da Corporación son dos que igual me faltan máis os estudos, pero tantos estudos eu non vexo que vaia adiante; ao final imos ter que traballar todos de peóns, dáme a min a sensación. Tanto estudo, tanto estudo, ímonos ilustrar tanto que non sei como será iso. Porque os estudos están moi ben, seguro que na Deputación hai estudos de abondo sobre a situación das estradas provinciais e se non os hai, debéraos haber. De momento nada máis, seguimos mantendo esa emenda porque entendemos que é a única forma de adquirir un compromiso de verdade, de que a Deputación empece porque cando falamos de que *aínda conta con moitos quilómetros de gardarraíl convencional;* non, conta con moitos quilómetros sen convencional, nin do de protección de motoristas, conta con ningún. Simplemente hai que coller e darse unha volta por vías convencionais e vanse atopar con que non hai nin sinalización de separación de liñas, nin pintado de estradas, nin gardarraíl dun nin doutro. E pódolle asegurar que por algunha que di vostede que ao saír para aos catro metros, estoulle por apostar que, polo menos, ata os cen ou douscentos metros non ía parar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Dende o 20 de xaneiro deste ano, este grupo xa lle propuxo á Área de Vías e Obras facer un estudo para a dotación e colocación de sistemas de protección de motoristas – aquí o teño - nas vías da nosa titularidade a raíz dun escrito da Asociación IMU; ben é certo que aínda non se rematou porque estamos esperando para mercar unha aplicación informática que nos puntee todos os puntos e todos os elementos da vía. Aínda así, e centrándome nas súas propostas, e facendo cálculo a grosso modo, colocar bionda en todas as estradas da provincia, leo textualmente, vostedes ao igual ca nós non son nada ambiguos, lea, enténdese ben todo o que poñen, *todas as estradas da provincia*, e hai un poucoolveuno a repetir, todas. Pois colocar bionda en todas as estradas da provincia, ou estes sistemas de protección para motoristas, custaría, en 1.854 quilómetros que temos de estrada, a 30 euros o metro lineal – sería a parte de abaixo - xa non digo que en moitos deses quilómetros non temos a parte de arriba porque non hai bionda (despois direille en cantos quilómetros hai bionda- por iso, porque cando se fai unha moción, deberíase de informar un antes); pois 30 euros o metro lineal sae en 55.620.000 euros, en todas as estradas da provincia. Leo textualmente o que vostede pon: *todas as estradas da provincia*. Facendo o cálculo á inversa, segundo nos propón o Grupo Socialista, que xa engade pintura, paneis informativos..., ben, realmente a súa primeira parte da intervención foi coherente, nótase que coñecen un pouco a realidade na que vivimos. Creo que algo se copiou da nosa emenda, non o tome a mal que a min paréceme ben, quere dicir que lle gusta a nosa proposta; pois facendo cálculo á inversa, deses 10 millóns de euros, se calculamos a 30 € o metro lineal, sáenos 333 quilómetros de bionda. ¿Que lles quero dicir con isto? Que temos que ser coherentes e ter sentido común, tal e como lle propoñemos nós no punto un da nosa emenda. Facer ese estudo, continuar o estudo que se está a facer das estradas provinciais con máis perigosidade e, en base aos resultados, colocar gradualmente o SPM e informar con paneis e marcas viarias eses puntos. Xa non digo con pintura, hai que ter ollo coa pintura, que tamén é perigosa para os motoristas; falando con eles din que a pintura non é o que máis lle gusta, ten que ser unha pintura especial, antideslizante, moitos metros antes de onde se pode producir a colisión. Miren, temos 262 estradas na provincia, temos aproximadamente 60 km de bionda en vías provinciais – saquen a calculadora - e temos claro que non fará falta nos 60 km esta sinalización. ¿Por que o temos claro? Porque vendo os datos de accidentes de motoristas nas vías provinciais nos últimos seis anos, dinnos –repito en vías provinciais, que é do que estamos a falar– que non houbo ningunha vítima mortal, nos 36 accidentes rexistrados. Seis accidentes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

no ano 2012, 6 accidentes no ano 2013, 4 accidentes no ano 2014, 13 accidentes no ano 2015 e 7 no 2016. No que vai de 2017, levamos cero. Dos cales, 22 foron feridos leves e 14 feridos con necesidade de ingreso nun centro hospitalario máis de 24 horas; pero repito, ningunha vítima. Estes datos fálannos da realidade, pero somos conscientes de que sempre debemos tomar medidas de prevención antes de lamentar vítimas mortais, ou lesionados graves, por iso lle propomos estes puntos de acordo, sobre todo aqueles que nos afectan directamente como son o 1 e o 2. Tamén lle propoñemos colaborar cos concellos para a elaboración deste estudo; e tomei como referencia o concello de Piñor, ¿saben cantos quilómetros de vías municipais ten o concello de Piñor? 36,3. Adoptar isto en todas as vías custaríanos un millón de euros. ¿por que lles quero ensinar este dato? Porque temos que ser coherentes. Non fai falta nos 36 km, igual que non fai falta nos 1.854 km, nin nos 60 km de bionda que xa temos. Si facelo nos puntos, que é o que temos que facer, que se consideren necesarios. Isto é factible e tanto o concello de Piñor, como o resto, poderán tomar as medidas que consideren oportunas unha vez concluído o estudo. Por todo isto, solicítolle o voto a favor da nosa emenda, o cal lle agradezo ao representante de Democracia Ourensana que así o manifestara, e paso a lembrarllas as nosas propostas de acordo:

1. *Facer un estudo das estradas provinciais con máis perigosidade para os motoristas, e en base a ese estudo, colocar gradualmente o SPM co máximo nivel de protección e informar mediante paneis e marcas viarias deses puntos.*

2. *Colaborar cos concellos na detección dos puntos máis perigosos das súas estradas para os motoristas.*

3. *Instar á Xunta de Galicia a continuar (temos que dicir que a Xunta de Galicia xa fixo un programa dotado orzamentariamente cuns 5 millóns de euros para dotar de gardarraís, podémolo ver na estrada que vai a Castro Caldelas que si hai este tipo de protección) co programa de colocación deste sistema de protección nas estradas autonómicas.*

4. *Instar ao goberno central a que cumpra a moción aprobada no mes de Marzo no Congreso dos Deputados por unanimidade.*

Por agora, nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Tal e como dixen na miña primeira intervención, aceptamos as emendas do Partido Popular porque as consideramos consecuencia, practicamente lóxica, das nosas propostas. Dalgún xeito, escribir o mesmo doutra maneira: *que a Deputación Provincial instale en todas*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

as estradas da súa titularidade, e aquí din *gradualmente*, pois simultaneamente en todas, claro que non; sempre vai ser gradualmente. Despois di: *colaborar cos concellos na detección dos puntos perigosos*, loxicamente nós sempre pensamos que os gardarraís seguros deben poñerse, fundamentalmente, onde é perigoso. Eu dicía antes que hai sitios onde é máis perigosa a existencia do gardarraíl que a non existencia, xa sei que hai moitos sitios perigosos, acantilados, etcétera... Vostedes saben que estamos moi relacionados cunha televisión local, e hai tempo entrevistamos a unha persoa que sobreviviu a un destes accidentes, iso si, quedou o pobre feito un cromó como se adoita dicir, sobreviviu a un ataque, por dicilo metafóricamente, deses gardarraís asasinados e unha das moitas claves que nos deu durante a charla que emitimos na televisión local, foi que había moitos sitios onde era máis perigoso que estivera a que non estivera. Aquí quero dicirlle un pouco, ao señor portavoz do PSOE, que xa sei que hai moitos sitios onde son necesarios, pero tamén hai moitos outros onde son cuestionables; e isto dito, non por min que non ando en moto – e xa me poden regalar unha que non a quero - pero dito por quen viviu esa circunstancia e por quen está metido neses grupos dos que tamén se falaba, de afeccionados ou de profesionais que coñecen esa problemática. O custo, nós damos por suposto que hai que establecer unha partida orzamentaria, pero claro, non temos a información para saber o que custa; iso xa se estimaría a posteriori, nós diríamos o que faga falta en principio. Se dicimos que se poñan en todas, o que faga falta, pois os cartos son os que fagan falta. O PSOE fai unha estimación, multiplicou por dous a cantidade prevista para obras nas vías provinciais e di que lle saen dez millóns de euros; nós non aventuramos que sexan dez, segundo o que dixo o portavoz do Partido Popular quédase bastante curta esta cifra, entón preferimos non aventurar unha cifra cando despois aínda por encima se queda curta. O que sexa necesario. A emenda do PSOE rexeitámola porque é de substitución, non porque non pensemos que sexan necesarios os cartos; claro que son necesarios, pero iso dámo-lo implicitamente por suposto. Loxicamente fai falta unha partida orzamentaria, como damos por suposto que esa partida se liquide con arranxo aos criterios legais, por exemplo. Hai cousas que non fai falta dicilas. Por ese motivo, como digo, rexeitaremos a emenda do PSOE, aínda que estimamos a boa vontade, pero noutro momento, ao mellor, se lle puxera de engádega, digamos siloxística, necesaria. Nada máis. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, señor presidente. Moi brevemente, sen ánimo de xustificar ou de botarlle un capote ao portavoz de Democracia Ourensana, eu creo que ás veces hai que fiar moi fino á hora de redactar as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

mocións, ou de redactar os acordos porque, eu estou de acordo en que canto máis ganduxados, máis concretos e máis literais sexan, pois mellor, menos suxeitos a interpretación; pero tamén creo que estamos un pouco para interpretar as cousas e cando se falaba de *en todas as estradas provinciais*, eu creo que tampouco dicía *en todos os quilómetros de todas as estradas provinciais*. En todo caso, nós estamos a favor da iniciativa por iso ímola a votar, loxicamente, a favor, porque máis aló destes debates, destas disquisicións, non temos que esquecer que ao final estamos falando dun obxectivo que é o de salvar vidas; por iso parécennos ben eses datos que se nos formulaban ao respecto da accidentalidade nos últimos anos e, repito, co obxectivo de que iso siga así e que non se produzan vítimas mortais, que ao fin e ao cabo e do que estamos a falar, pois vamos aprobar a iniciativa tal como formula o proponente da mesma. Aceptando a emenda que se formula por parte de vostedes que nos parece neste caso razoable e razoada. Nada máis e moitas grazas.

D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista: imos ver, unha cousa era a moción de Democracia Ourenzana e outra é a do Partido Popular. De todas formas, sigo insistindo que eu son bastante práctico nestas cousas ¿por que se poñen 10 millóns? Porque cremos que a Deputación, nos Plans provinciais, si pode investir o dobre do que está investindo, igual que parte do remanente de tesourería. Iso non é cuantificar nada, iso é para outro tipo de actuacións nas distintas vías provinciais. ¿A pintura é mala para as motos? Hai algunha estrada no meu concello, e no de algún dos que está aquí presente, onde no inverno coa néboa se non hai unha liña é moi difícil a condución de noite. ¿Por que lle digo tamén dos estudos? Mire, no ano 2008 o concello de Castrelo do Val solicitou o arranxo dunhas estradas con pintado e algún valado; no ano 2014 volveuse solicitar e fíxense vostedes os estudos ao final, que aínda que lle imos dar a marxe a ver se con esta moción nos orzamentos son capaces de incluír unhas partidas un pouco máis elevadas que eses cinco millóns, ou catro millóns e medio, que se poñen todos os anos. Mire, por exemplo, no ano 2008 pediuse o arranxo para a seguridade viaria desa estrada, no ano 2014 volveuse pedir e a contestación da Deputación é: *en contestación ao escrito do concello de Castrelo do Val, de data de entrada na Deputación 14 de febreiro de 2014, referente á moción presentada polo Grupo Municipal Socialista sobre a adecuación de estradas na provincia Campobeceros - Veiga de Nostre, esas estradas requiren o informe, esas estradas requiren a instalación de barreiras de seguridade para a contención de vehículos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

cos correspondentes abatementos, así como o correspondente pintado dos bordos. Achegamos o orzamento estimado para a realización destes traballos que ascende á cantidade de 373.892,94. Intentarase instalar algún sistema de contención con cargo ao orzamento deste ano 2014. O 6 de agosto do ano 2015, a tenente de alcalde do concello de Castrelo do Val, con data 10 de febreiro, recorda que dixera iso; polo que xa no seu día non se acometeron estes traballos no orzamento, teñan a ben instalar algún sistema de contención. Polo tanto, mire se hai estudos porque este é un estudo ata asinado por unha enxeñeira desta casa, quen asina é o xefe do servizo - José Manuel González Sánchez - e a enxeñeira técnica de vías e obras Raquel Rivero Cuquejo. Si isto non é estudo, non sei cales van facer. Polo tanto, aínda que votemos a favor desta moción, a que presenta o Partido Popular, porque cambia totalmente a moción de Democracia Ourensana coa incorporación das emendas do Partido Popular, de todas formas, quixera ver contemplado iso despois nos orzamentos porque, como lle dicía antes, moito estudo pero ao final eu estoulle dando isto, se quere ao final pódeoo coller; non sei se estes informes dos técnicos desta casa non valen ou valen, pero xa lle digo, ela aconsellaba facer algo no 2014, estamos a 2017 e seguimos exactamente igual.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo do Partido Popular: moitas grazas. Señor Gómez, ¿cantos quilómetros de bionda, xa non digo SPM, ten nas vías municipais en Castrelo do Val? Ningunha, vale, xa está dito, perfecto. Mire, o estudo xa ten dado os seus froitos, evidentemente, vai coincidir que onde máis accidentes hai é onde máis tráfico hai, por desgraza, é unha consecuencia lóxica. Nós sabemos que hai tres estradas na provincia que son as que teñen estes problemas e xa se ten actuado. Os estudos non son chegar alí e mirar. Hai que mirar o CRT, mirar a distancia que hai dende o medio, ben, unha serie de circunstancias que hai que facer, como hai que facer. ¿Por que puxeron 10 millóns? Ben, o dobre de cinco, perfecto é o dobre de cinco. 10 millóns de euros para mellorar a seguridade viaria na provincia, instalación de SPM, pintado e sinalización, etcétera. Xa estamos gastando eses cinco millóns en conservación, conservación e seguridade tamén. Señor Ojea, o seu é a literatura, non os números, está claro, porque non sei que dixó que se a nós nos saía máis cantidade que os 10 millóns de euros. Non. Díxenlle, temos 60 km de bionda e nos 60 km non fai falta, hai que mirar en cales fai falta e despois xa multiplique por 30 euros o metro lineal. Señor Rodríguez Suárez, moitas grazas por botar a favor da nosa emenda, é un fito histórico. Falaron da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

redacción, da redacción que dicían eles, vostede interpretaba exactamente que os proponentes desta moción non se referían a todas. Non é que non se referiran, é que o volveron repetir aquí, todas, todas. Se nós o facemos, temos que ser pulcros – xa se viu na moción anterior - ou sexa, sempre se interpreta ao revés do que nós queremos, pero si o fan os outros interprétase ben. Aí pon o que pon. Agora, eu entendo que pode ser que non se referira a iso, pero ser, é o que pon, ¿ou non? Eu creo que este é un tema suficientemente serio, que conta coa unanimidade de todos os grupos, do cal eu me alegro e do cal eu espero me imaxino que nos van estar encima para saber se se fai ou non se fai; e así se vai a facer porque xa dende o 20 de xaneiro estamos con isto. Non lles vou repetir os puntos do acordo porque xa vostedes os viron. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada por unanimidade.

A continuación somete a votación a emenda de substitución do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (14), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1).

Seguidamente somete a votación a moción orixinal, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Facer un estudo das estradas provinciais con máis perigosidade para os motoristas, e, baseándose nese estudo, colocar gradualmente o SPM (Sistema de Protección de Motoristas) co máximo nivel de protección (clase 70 con nivel 1 segundo UNE 135900-2008) e informar mediante paneis e marcas viarias deses puntos.

2º.- Colaborar cos concellos na detección dos puntos máis perigosos das súas estradas para os motoristas.

3º.- Insta á Xunta de Galicia a continuar co programa de colocación deste sistema de protección nas estradas autonómicas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

4º.- Instar ao Goberno central para que cumpra a moción aprobada no mes de marzo no Congreso dos Deputados por unanimidade.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTAR A APERTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, señor presidente. A verdade é que para o próximo pleno vou traer un compás porque ás veces pérdome no que estamos votando, con tanta moción, con tanta éngadega e con tanta emenda. Dous minutíños, descóntemos do reloxo, porque non fixen daquela a quenda de alusións; igual non me fai falta porque creo que non vou empregar moito tempo, pero non quero deixar a ocasión de contestar ao señor Álvarez Dobaño. Nada máis lonxe da miña intención de que vostede abúrrame, non é certo, non o tome por aí e máis, aprendo moito con vostede. A min lémbreme a un profesor que tiña eu, bo, que lle estaba sempre rifando aos alumnos, pero que aprendiamos moito con el e vostede é unha persoa que se prepara ben as cousas dos plenos e que a nós nos esixe un esforzo para estar á súa altura. Dito isto, tamén vostede e moi amigo de *apuntillar*, de picar no resto, así que ten que entender vostede que cando lle facemos algunha, como neste caso aludindo á brevidade, pois tena que aceptar de bo grado. Polo demais, nada máis, alégame tamén que o señor Pérez saque os quilómetros de Piñor, creo que é sinal de que, por fin, está feito o inventario por parte desta Deputación das vías municipais do concello porque ten ese dato, supoño que estará ao caer. E agora xa, centrándome no obxecto en cuestión, que é a moción, dicir que hai uns meses –como todos sabemos- trouxemos aquí unha moción que foi aprobada por unanimidade, que foi instar á declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade. Hoxe traemos aquí, tamén, un compromiso co noso patrimonio arqueolóxico e cultural, sendo como somos, dise por aí que Ourense, tras Palencia, é a provincia que posúe máis patrimonio románico. É certo que non todo está no Museo Arqueolóxico Provincial, pero tamén é certo que levamos xa case 16 anos por ter un espazo para visitar parte deste patrimonio románico e pre - románico tamén. O románico é só unha das máis de 40.000 pezas que están almacenadas na Carballeira, no almacén do centro de formación profesional ocupacional Santa María de Europa, á espera de que abra o Museo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

Arqueolóxico Provincial que atravesa, permítaseme a paráfrase, unha longa noite de pedra. Dito edificio, que ademais é un dos poucos exemplos que se conserva en Galicia do románico civil, está emprazado na Praza Maior ó carón da Casa do Concello, anteriormente foi a sé do Pazo Episcopal. As referencias que nos levan a el son numerosas pero ese edificio, hoxe en día, só se pode admirar por fóra e apenas unha vez ó ano se pode ver un museo sen obras no seu interior. Xestionado pola Xunta, é de titularidade do Estado, e leva máis de tres anos co cadeado botado por mor dunhas obras de rehabilitación que parecen non empezar, non rematar nunca. Aínda que foi adquirido no ano 1951 para a súa actual finalidade, non foi ata o ano 2000 cando se decidiu que chegara o momento de renovar a construción. Naquel *impasse*, tanto as valiosas obras coma os servizos leváronse ao centro da Carballeira, como xa dixen, onde non están á vista do público en xeral, só se poñen a disposición de xornalistas e de investigadores. Para dicilo todo tamén, hai que dicir que pese a non ter espazo onde albergar as obras, o museo segue a funcionar a través de pequenas mostras no convento de San Francisco, por exemplo, ou no Museo Municipal de Ourense, entre outras. Lembrar aquí o da *Peza do mes*. Daquelas, díxose que a obra, alá polo ano 2000, estaría rematada para o 2003; sen embargo, nin sequera hoxe está adxudicada e soamente se avanzou escollendo un proxecto, no verán do 2015, mediante un concurso de ideas. Ao mesmo tempo, a lentitude nos pasos que se están seguindo e nas decisións a tomar, segue sendo a tónica dunha apertura pola que – como xa dixen - levamos agardando uns quince longos anos. Ata o de agora só podemos destacar que se iniciou a tramitación da modificación do plan urbanístico que regula o casco vello da cidade para poder executar a reforma do Arqueolóxico, co que xa se dá conta do estado no que se atopa o proxecto. Sen embargo, e pese á tentativa do goberno municipal de vender a reactivación da reforma, a cantidade consignada polo Estado nestes vindeiros orzamentos semella unha broma de mal gusto: 250.000 euros para unha obra que só os proxectos redactados e estudos previos, xa superan esa contía. Pola súa banda, todo parece indicar que, sexa polos titulares do edificio, o Estado, ou polos que o xestionan en exclusiva, a Xunta, o museo máis importante desta provincia segue co peche botado. A desidia e o desleixo das distintas administracións durante todos estes anos, con sucesivos recortes e execucións parciais do orzamento cultural destinado a Ourense, fixeron o resto. Dende este grupo provincial somos conscientes de que a catalogación patrimonial desta construción como Ben de Interese Cultural e como Monumento Histórico, dificulta esta reforma, pola protección que, obvio, se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

debe establecer; pero isto non pode ser obstáculo para que se axilice a súa reapertura e se protexa o noso patrimonio provincial, agora aloxado en caixas. Por non falar tamén do aspecto turístico, que a cousa tampouco vai ben neste caso porque segue habendo multitude de referencias, mesmo oficiais, que localizan o museo na Praza Maior pero que esquecen indicar que alí non se pode ver nada. Na web dos museos de Galicia indican que está pechado provisionalmente por obras de reforma, estirando ese límite ata máis alá do significado do provisional; e pola súa banda, a propia web de Turgalicia xa deriva aos posibles visitantes á mostra aloxada no conxunto de San Francisco sen indicar que a sé do museo é outra e que está sen abrir. Por todo isto, o que se propón a esta Corporación é o seguinte:

1. Que se inste ao Ministerio de Cultura e ó goberno do Estado, en canto titulares desta edificación, que aumente a dotación consignada nos Orzamentos Xerais do Estado previstos para este ano 2017, aínda en tramitación, no destinado á protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, no que se refire ó Museo Arqueolóxico Provincial. Así coma instar ó goberno a que, en calquera caso, no vindeiro orzamento se consigne a cantidade suficiente para rematar as obras e abrilo ó público o antes posible.

2. Esixir da Xunta de Galicia, como institución responsable da xestión do Museo Arqueolóxico Provincial, que poñan en marcha todas as medidas ao seu alcance para que o proxecto de reforma sexa adxudicado e se concrete unha remodelación que se demora por máis de 15 anos e que impide a apertura ao público do Museo

Moitas grazas. Paro aquí, esta é a miña primeira intervención.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Un ano máis o diñeiro que desde o Goberno Central prevé dedicar para a nosa provincia quedará eclipsado polo investimento destinado ás obras do AVE, do que xa temos falado tantas e tantas veces; pero é que sen dúbida unha das grandes decepcións é o esquecemento das obras do Museo Arqueolóxico da capital que, como xa se dixo, agarda desde vai máis de dez anos polo diñeiro preciso para afrontar a súa rehabilitación integral. Este ano ese proxecto recibe unha partida de 250.000 euros para unha obra que ten un custo estimado de 8,1 millóns, unha cantidade destinada polo Ministerio de Educación e Cultura, a todas luces insuficiente para impulsalo. E se nada o impide, os ourensáns non poderán gozar dese referente cultural cando menos ata o ano 2021, sempre e cando o goberno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

cumpra co que di o informe orzamentario feito público onde recolle dedicar 2,1 millóns no 2018, e cantidades similares ata 2020. Da situación actual do museo xa non imos falar, porque está perfectamente descrita na moción. É lamentable que durante este tempo decenas de miles de estudantes de ensinanza media, bacharelato e universitarios non puideran ver o Museo Arqueolóxico de Ourense. Por sorte, ao longo deste tempo o edificio non sufriu un deterioro irreversible, estando nun aceptable estado de conservación. Como dixo o responsable do Museo, está pechado ao público, pero non abandonado. En determinadas datas, o Museo abre para ensinar o edificio emblemático que é. Continúan actividades como a *Peza do mes*, e recentes exposicións sobre Parada Justel ou o Padre Feijoo, e tamén está o traballo de catalogación, que segue a pesar da problemática de non contar cunha sede que lle dea visibilidade. A Xunta de Goberno do Concello de Ourense aprobou na súa reunión do 23 de febreiro de 2017, pola vía de urxencia, a aprobación inicial da modificación puntual do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico para permitir a execución do proxecto de rehabilitación do Museo Arqueolóxico de Ourense, acordo que foi publicado no DOG nº 58 do 23 de marzo, e que recollía diversos compromisos: asumir como propio o documento técnico presentado polo Goberno de España; aprobar inicialmente a modificación do Plan especial de protección, etc. Logo deste trámite procede a aprobación polos grupos municipais deste borrador para elevalo a definitivo e recibir a pertinente aprobación da Xunta. Isto implica que aínda que nos Orzamentos do Estado do 2017 houbera unha partida como a que o Partido Socialista reclama, non habería tempo suficiente para a súa execución neste exercicio. Hai que ter en conta de que debería estar ultimado e aprobado nas instancias procedentes o proxecto de execución para o Museo, e debidamente valoradas as partidas orzamentarias nas que tal proxecto se subdivida. A tal fin, o que tería sentido – dende o noso punto de vista - é reivindicar a resolución destes trámites e procedementos para o ano 2018 e, a partir desa data, esixir ao Ministerio a consignación graduada, en dúas ou tres anualidades, das partidas precisas tanto para o comezo como para o remate das obras, como para as intervencións necesarias para executar o proxecto museográfico. Ten máis sentido o que di o PSOE no seu segundo punto, é dicir, instar da Xunta como administración xestora do Museo que active os dispositivos administrativos, competenciais e políticos para facilitar o desenvolvemento deste programa e para esixir da administración titular, o Ministerio de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

Educación y Cultura, que dea todos os pasos previstos e obrigados para ter nun prazo de dous, tres anos o Museo Arqueolóxico aberto ao público e en pleno funcionamento. En función disto que acabo de explicar, nós formularíamos unha emenda de substitución aos acordos *in voce*. Teño que lembrar que, segundo o Regulamento, as emendas *in voce* só se votan se o grupo proponente da moción, neste caso o Partido Socialista, as acepta; o cal é unha incongruencia ao respecto de todo o que levamos visto nos anteriores puntos. Pero en todo caso, nós presentaríamos, en función do que acabo de explicar que entendemos os acordos que aprobáramos, tal como veñen formulados, serían de pouca aplicación práctica; nós formularíamos o seguinte:

1. Tendo en conta que o procedemento administrativo vai imposibilitar a execución dun só euro nesta anualidade, instamos ao Ministerio de Cultura a que elabore un plan plurianual, a dous tres anos, consignando as partidas precisas para a execución do proxecto de reforma do Museo Arqueolóxico.

2. Instar á Xunta, como entidade xestora do Museo, a que habilite e dote as prazas que o novo Museo Arqueolóxico vai precisar como centro referente da arqueoloxía en Galicia, unha vez aberto e montado ao abeiro do novo proxecto.

3. Instar ao Concello, Xunta e Ministerio a que, coa maior celeridade posible, rematen os procedementos abertos para que a reforma sexa unha realidade canto antes.

De momento nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola outra vez. Isto do Museo Arqueolóxico xa trae cola, ¡quince anos! A cantidade destinada polo Ministerio inicialmente parecía un verdadeiro insulto. Non coas mesmas palabras, pero case similares, así o recoñeceu o propio alcalde nun artigo de prensa. Loxicamente estamos de acordo coa moción, votaremos a favor, tamén votaríamos a favor da emenda que propón o BNG pola súa visión práctica do asunto. Nós tivemos ocasión de visitar o Museo, fai un mes ou dos, cando o visitou o Director General de Patrimonio, tamén con motivo das obras de arriba, de San Francisco, e realmente a cantidade da que se estaba falando era totalmente ridícula. Decía o portavoz do Partido Popular que non me van moito os números, pois ben, eu durante anos fun profesor de matemáticas, pero a verdade tratando destes temas prefiro non dar cifras concretas. Vendo o estado en que estaban as obras, o que nos guiou, o director do Museo, explicounos a cantidade que ten que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

investirse aí, e é moitísimo maior da que, nun principio, parecía estar disposta a liquidar o Ministerio de Cultura. Iso ten que facerse canto antes, poderanse seguir os pasos que di o portavoz do BNG para ser prácticos. O que está claro é que non poden seguir estando as pezas nesas caixas ás que facía referencia o portavoz do PSOE, pezas importantísimas, moitas delas, algunha atopada moi pretoño de onde nacín eu, e que tamén foi posta como *Peza do mes* nalgunha ocasión, como antes de falaba. Imos a votar a favor porque este tema, como dicía un amigo meu do Museo Arqueolóxico, xa – por utilizar unha expresión moi galega- xa fede. Hai que lle dar solución xa canto antes. Nada máis grazas.

D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: bos días de novo. Non seremos nós, nin creo que ninguén dos presentes, os que poñamos en dúbida a nosa riqueza patrimonial como provincia, non soamente na cidade. Xa lle adianto que imos a votar a favor da moción, se ben lle pregariamos que retiraran no punto 2, xa que falan de instar no punto 1, pois tamén entendo instar á Xunta de Galicia; tamén o dixo o señor portavoz do Bloque, a palabra instar, eu creo que é o que soa. Levo dito sempre que eu non serei quen me poña a falar doutro concello, non o fago nunca, nunca me meto a opinar o que fan nos outros concellos porque entendo que estou nun concello e cada un debémonos ocupar do que facemos no noso concello. Pero teño que dicir que me sorprende enormemente a estas alturas, como sinalou dalgún xeito o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que o tema urbanístico non estivera resolto. Home, se leva quince anos, tres lustros como din vostedes na moción, sorprende que o tema urbanístico, o tema de legalidade – que creo que é por onde hai que empezar - estea sen resolver e aínda esteamos agora facendo isto e esteamos falando de que non se destinan fondos. Imaxínense vostedes que nos orzamentos do Estado dixeran: aí van, dez millóns de euros; pois mire, non se poden acometer porque non seguiu o proceso de legalización das actuacións a levar a cabo, dado que está no casco histórico da cidade. Isto, dende logo, chama bastante á atención. Creo que hai que empezar por onde hai que empezar, hai que empezar por os proxectos, avaliar todo o que hai alí e todo o que hai que facer e despois solicitar os fondos. Por outra banda, tamén revisei a documentación aquí, tamén puiden errar, pero nunca, nunca, nesta institución se trouxo unha moción deste tenor literal ao respecto deste tema. ¿porque digo isto? Porque lamento que se sexa moi reivindicativo cando estamos na oposición e non o fagamos cando estamos no goberno. Entendo eu, cando defendemos os intereses do noso concello,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

da nosa provincia e da Comunidade Autónoma, ou do Estado, hai que facelo sempre, e non unhas veces si e outras veces non. Podería falar tamén de cando deixamos débedas astronómicas e logo, despois, ao día seguinte dicimos que hai que acometer as obras que están pendentes. Non cito ningún Ministerio que, dende logo, deixou bastante débeda; un Ministerio do cal falamos hoxe moito. Pero dende logo, teñan a seguridade de que gobernando oito anos no Estado, recentemente, porque tampouco fai tanto tempo, e gobernando na Xunta, como vostedes ben din, isto leva tres lustros. ¡Home! O normal sería que se preocupasen disto, porque como ben din, Ourense ten riqueza monumental de abondo e esta é unha xoia única a nivel mundial. En principio nada máis e moitas grazas. Solicitándolle iso, substituír *esixir* con *instar*. Dende logo, xa din o noso apoio á moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Moitas grazas aos voceiros polas súas intervencións e pola súa valoración da moción. No que respecta ás emendas *in voce*, formuladas polo BNG, non as imos aceptar; simplemente por unha resposta a unha pregunta que fixo o senador socialista por esta provincia no Senado e que lle foi respondida o 27 de febreiro deste ano que di (leo o último parágrafo, non todo): *estimando que las correspondientes licencias y autorizaciones se concedan antes del verano, la licitación de ejecución de obra se publicaría en el Boletín Oficial del Estado y en el Diario Oficial de la Unión Europea en septiembre de 2017, situándose la posible ejecución de la obra en verano del 2018. La obra tiene una duración estimada en el proyecto de 4 meses y a continuación deberá abordarse la contratación de proyecto museográfico y su ejecución, por lo que la apertura al público no podrá realizarse antes de finales de 2021.* Nós no primeiro punto da moción pomos, no destinado á protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense, tendo en conta que ao mellor non se podía destinar xa cantidade a este proxecto porque está o proxecto sen licitar, nin adxudicar. Pero aquí, fálase de que para o ano que vén, por iso nós pedimos que no vindeiro orzamento, no do ano seguinte, é dicir no do 2018, se consigne a cantidade suficiente para rematar as obras e abri-lo ao público o antes posible, tendo en conta que as previsións, segundo esta resposta do Goberno, son que se licite o ano que vén. Polo que respecta ao que vostede nos propón, señor Doval, non hai inconveniente en mudar *esixir* por *instar*, o efecto entendemos que ten que ser o mesmo, é dicir, que as distintas administracións se comprometan con Ourense – as dúas - e poñamos esta edificación e o que ela contén en valor. Polo demais, señor Doval,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

como vostede leu seguramente na moción, eu non atribuí patróns nin maternidades a este desleixo e a este deixamento; nin tampouco falei das diferentes administracións que foron ocupadas por quen os cidadáns quixeron. Porque, claro, se estamos continuamente nesa procura de responsabilidades e dese nexo da causalidade, moito nos tememos que, nalgún momento, nos teremos que remontar a Eva cando mordeu a mazá, porque dende aquela todo o mundo cambiou, xa nada volveu ser o mesmo. Tómeno a coña, non é unha cuestión que tal, pero é que ás veces utilizamos quen foi, quen fixo... para que as cousas, ao mellor, non avancen e as cousas necesitan avanzar. Eu xa digo, non atribuí patróns nin maternidades; tampouco entro na cuestión urbanística porque sabemos que é un Plan que está paralizado, que acudiu á xustiza e aos seu devires que houbo, falo de Ourense, do Plan Xeral de urbanización de Ourense. Polo demais, reitero e agradézolles as súas intervencións, espero que se aprobe a moción por unanimidade. Espero tamén e agardo, que neste que di a resposta do Goberno non sexa certo e se faga todo o posible para que o Museo abra antes do final do 2021. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, señor presidente, moi brevemente, simplemente reiterar que a nosa emenda *en voce* ía no sentido de que nós entendemos que na situación actual, e á vista dos trámites que quedan pendentes, é complicado que se poida chegar a cumprir eses obxectivos, oxalá esteamos equivocados e sexa así. En todo caso, tamén dicir que imos votar a favor da moción tal e como está formulada porque dende logo no que si concordamos é no fondo da mesma, pensamos que é un tema que se debe solucionar xa, despois de tantos anos. É un compromiso e unha débeda case histórica que temos co Museo Arqueolóxico da capital. En todo caso, ao respecto das reivindicacións de investimentos das que falaba o señor Doval, simplemente creo que hai que acudir ás hemerotecas e ver o que se leva pedido, o que se leva dito reiteradamente – neste caso eu reivindico a labor do meu Grupo - nos últimos anos. Simplemente reiterar que imos votar a favor, esperando que efectivamente se concrete e isto poda estar rematado e funcionando cun proxecto museográfico, competente e potente o antes posible e que, en todo, caso será algo positivo para todos os cidadáns, no só da capital, senón de toda a provincia. nada máis e moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: non contrastei o dato que di o señor portavoz do Bloque Nacionalista Galego, pero dende longo a min preocupárame que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

si o Goberno é capaz de cumprir a promesa que fixo, que non fora posible ir adiante por un problema urbanístico, máis alá eu quero pensar que debe ser paralelo ao Plan Xeral de Ordenación, quero pensar que ese plan de reforma interior do casco histórico debe levar unha tramitación distinta. Eu espero que todos poñan o seu bo facer para que se cumpra e se dispoña de que estea todo en condicións para acometer, se houbera os medios económicos. Xa sería lamentable que se dispuxera dos medios e que por unha cuestión, a cal eu fixen referencia antes, que non se puidera sacar adiante. En canto ao tema dos gobernos, non serei eu quen queira polemizar con iso, pero digo que os políticos temos a responsabilidade que temos e témola sempre. Témola cando estamos na oposición e cando estamos no goberno; pero claro, ser moi incisivos cando estamos na outra parte parece que non. É o único que dixen, hai que ser sempre. Non dixen que non houbera quen deixara cousas por facer. Todos deixaron débedas, uns máis ca outros, tanto no Estado, como nos concellos, como nas Comunidades Autónomas. Uns deixaron máis débeda ca outros. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: nada máis, creo que xa está todo dito. Dado a hora que é e dada a tormenta que anda por fóra, dou por rematado este punto.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instarles ao Ministerio de Cultura e ao Goberno do Estado para que aumenten a dotación consignada nos orzamentos xerais do Estado previstos para este ano 2017, aínda en tramitación, no destinado á protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, no que se refire ao Museo Arqueolóxico Provincial. Así como instar ao goberno para que, en calquera caso, no vindeiro orzamento se consigne a cantidade suficiente para rematar as obras e abrilo ao público o antes posible.

2º.- Instar da Xunta de Galicia, como institución responsable da xestión do Museo Arqueolóxico Provincial, que poña en marcha todas as medidas ao seu alcance para que o proxecto de reforma sexa adxudicado e se concrete unha remodelación que se demora por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

máis de 15 anos e impide a apertura ao público do Museo.

13°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14°.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de abril de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de xaneiro e 1º de marzo de 2017 e dun decreto de delegación en don Pablo Pérez Pérez do exercicio das competencias en materia de expedientes de expropiación forzosa.
- Deputado delegado de Facenda: mes de abril de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de febreiro e 1º de marzo de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de abril de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de abril de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. presidente: en primeiro lugar, imos tratar as preguntas que foron presentadas para resposta oral en pleno. En primeiro lugar, figura un escrito do Grupo Socialista, con número de rexistro 15.768, e expoñen preguntas para seren formuladas oralmente, unha delas polo deputado don Miguel Bautista e outra polo deputado don Vicente Gómez. Procede que don Miguel Bautista faga a pregunta correspondente. Grazas.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: boas tardes señoras e señores deputados. Debido ao horario vou ser o máis corto posible. No pleno de marzo este deputado fíxolle un rogo ao Sr. presidente sobre a nacional cento vinte. Despois dese rogo o ministro xa veu dúas veces aquí. É verdade que o presidente non estaba, estaba o Sr. vicepresidente, en reunións co ministro de Fomento. Imaxino que algo lle preguntaría ou lle

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

debería preguntar sobre a N - 120, se hai algo para ela, porque neste momento creo que non hai nada. De todas as maneiras a Nacional 120, non vou dicir como está, vaian vostedes e verán como a estrada é case terciromundista. Neste momento aos veciños de Valdeorras estalles a crear un problema grave de verdade. Debido ao desmantelamento da área do hospital do Barco, que cada vez temos que vir máis a Ourense, por desgraza, que nos leva máis de hora media. A miña pregunta é: ¿que trámites ten realizado esta Deputación ata agora ante o Ministerio de Fomento para que se proceda ao arranxo inmediato da nacional 120?; segunda: ¿qué accións futuras ten previstas esta Deputación para, en consonancia co acordado no Parlamento de Galicia, se tomen medidas para evitar a alta sinistralidade derivada do estado lamentable da Nacional 120 ata que a A-76 sexa unha realidade? Por último, hoxe falouse, ata se pediu un AVE a Lugo, grazas, de verdade, porque seguiremos no *Jaimito* ata Monforte e colleremos en Monforte o AVE para Ourense. Moitas grazas.

Sr. presidente: Ben, en relación coas dúas preguntas que formulou por escrito, a primeira delas ¿qué trámites ten realizado a Deputación, ata agora, ante o Ministerio de Fomento para que se proceda ao arranxo inmediato na estrada N-120?, dicir que foron trasladados estes rogos e esta situación, tanto ante a anterior responsable de Fomento como ao actual ministro de Fomento do Goberno de España. Con relación á segunda pregunta ¿que accións futuras ten previstas esta Deputación para, en consonancia co acordado no Parlamento de Galicia, se tomen medidas para evitar a alta sinistralidade derivada do estado lamentable da N-120 ata que a A-76 sexa unha realidade?, dicir que no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017, figuran 8 millóns de euros para mantemento e mellora da seguridade viaria na rede de estradas do Estado en Ourense, no que se inclúe a rehabilitación do firme na N-120. E postos en contacto tamén desde a Deputación co Ministerio de Fomento, indícolle que neste momento existen tres proxectos moi avanzados en relación con esta estrada, dous xa adxudicados referidos a tramos de conexión coa A-6 e un proxecto, consistente nunha variante, nun desdobramento, só pendente da aprobación dos orzamentos mencionados. Sobra lembrar que estamos ante unha estrada de competencia exclusiva do Ministerio de Fomento e, evidentemente, estamos totalmente de acordo coa demanda aprobada en sede parlamentaria do Parlamento de Galicia, para demandarlle ao Ministerio de Fomento esa cuestión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: se iso é verdade, reciba a miña felicitación.

Sr. presidente: don Vicente Gómez, deputado, ten a palabra.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: boas tardes de novo. Ben esta pregunta é con base na resposta que me deu a Presidencia no pleno pasado ao respecto das obras do Auditorio de Verín, na cal, segundo o informe da Presidencia, non se aboara a cantidade de 530.000 euros, porque non se cumprira o convenio, que especificaba que a obra a tiña que adxudicar a Deputación. En vista a unha nota de prensa dos seus compañeiros do Partido Popular, concretamente do ex - alcalde, o Sr. Jiménez Morán, que di que o 15 de abril de 2014, cando se vai proceder á licitación do proxecto do Auditorio, dirixímonos á Deputación Provincial para comunicarlle que imos proceder á licitación e que tiñan que achegar a cantidade acordada en mobiliario e urbanización, ao que se nos contesta que era mellor que o concello encargase a licitación completa e que a Deputación transferira a cantidade correspondente ao concello en varias anualidades. Ante o cambio das condicións do convenio, o interventor e a secretaria do Concello de Verín, esixiron un documento que certificase ese cambio para poder autorizar a licitación da obra completa. Este documento, que constaba dunha certificación da Deputación asinada pola interventora e polo presidente, onde se dicía que a Deputación procedía a unha transferencia de capital e que correspondería a contratación ao concello, ten rexistro nº 3.577 de entrada no Concello, con data 15 de abril de 2014. As contradicións amosadas entre o que relata esta Presidencia e o que afirma o PP de Verín, fannos entender que algunha das dúas partes falta á verdade na descrición dos feitos, polo que, ou ben este presidente omitiu entregarnos algunha documentación que sinala o portavoz do PP de Verín, ou ben a información non é veraz. En calquera caso a pregunta é moi sinxela: ¿existe esa certificación, si ou non?

Sr. presidente: moitas grazas. En primeiro lugar e en relación coa pregunta, cando di que o que relata esta Presidencia no pasado pleno, eu non relatei nada, eu din lectura a un informe de Secretaría Xeral. E di, ou ben este presidente omitiu entregarnos algunha documentación, eu non omitín nada, o expediente está á súa disposición e á de todos os deputados nesta Deputación. E con relación á pregunta de se a certificación existe si ou non, evidentemente existe esa certificación, habida conta que mesmo o Concello de Verín a remitiu por burofax.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

Agora seguimos coa **pregunta que formula o Grupo do BNG**, que ten un rexistro de entrada con número 15.950, que pregunta para resposta oral en Pleno. As preguntas on as seguintes: ¿cales son as causas polas que a anterior responsable da supervisión do cumprimento do prego de condicións do servizo de limpeza foi substituída? Dicitur que por decreto da Presidencia de data 2 de novembro de 2016, nomeáronse catro responsables de contratos, é dicir, en catro contratos cambiáronse os responsables, para supervisar a correcta execución, entre eles o funcionario para a supervisión desta empresa, ITMA, SL, e en todos eles as razóns son a eficiencia e a organización. Enviareille copia dese decreto da Presidencia de data 2 de novembro de 2016.

A seguinte pregunta é se existen informes sobre o cumprimento do prego, tanto da anterior responsable como do novo, e en caso afirmativo se poderían achegarnos copia deles. Si, a resposta é que constan dous informes, da anterior responsable e do actual responsable, un do 17 de outubro de 2016 da anterior responsable e un de data 16 de novembro de 2016 de quen agora é responsable da supervisión dese contrato. Remitireille copia de ambos os dous informes.

E, ¿ten vostede constancia do litixio entre traballadoras do servizo de limpeza e cal é a súa razón? Dicitur que eu non, non teño constancia. Unha vez formulada a pregunta polo BNG, solicitei información ao responsable do contrato (remitireille o informe) que emitiu informe en data 25 de maio de 2017, e no punto catro di literalmente “non consta que existan litixios entre o persoal do servizo de limpeza que pertence á empresa mercantil ITMA SL” . E á pregunta de cal é a razón deste, eu non teño constancia, nin o responsable do contrato, de litixio ningún.

E a derradeira pregunta é: ¿como actuaría a Presidencia no caso de ter constancia do feito de que a determinadas traballadoras do servizo de limpeza lle teñen prohibido falar con empregados desta Deputación en horario laboral? Eu non teño constancia desta situación, é un escenario que esta Presidencia non contempla e en todo caso, de suceder calquera cuestión, actuaríase sempre consonte coa lexislación vixente.

Máis rogos, máis preguntas. Si, BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ben, á parte do que xa contestou, teño algunha cuestión máis. O mediodía do 27 de abril, presentáronse nesta Deputación funcionarios da Policía para lle entregar ao xefe do Servizo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

de Persoal desta Deputación e alcalde do PP de Monterrei, José Luís Suárez Martínez, unha citación para comparecer ese mesmo día na sede da UDEF de Ourense, en relación cun atestado e na súa condición de investigado non detido. En data 28 de abril de 2017, a Comisaría Provincial de Ourense, pertencente á Xefatura Superior de Policía de Galicia, emitía unha nota de prensa na que comunicaba a detención de cinco persoas e dous investigados non detidos por presuntos delitos de falsidade documental, contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, contra a administración pública, branqueo de capitais, estafa e suborno. Na mesma nota da policía, maniféstase que a investigación acredita que se falsificaron actas e sinaturas, incluíndo no seu funcionamento a persoas que o descoñecían. A propia Tesourería Xeral da Seguridade Social determina que esta sociedade (AEXPA) non tivo nunca actividade, tendo como fin único a recepción de ingresos públicos. Ese mesmo día, coñecidos os feitos que involucran ao funcionario anteriormente mencionado, e coincidindo coa realización do Pleno da Deputación, este grupo pediu información a respecto desta cuestión, ao que o presidente accedeu de xeito inmediato. Contrasta o interese e rapidez por clarificar este asunto coa opacidade e falla de colaboración por dar as oportunas explicacións no asunto no que vostede estivo implicado ata hai uns días, sendo investigado por un presunto caso de acoso sexual, tráfico de influencias e suborno. Por certo, a súa particular *Brunete* está eufórica logo do arquivo da causa, pedindo incluso que os que solicitábamos responsabilidades pidamos perdón polo dano causado (petición, por certo, á que se sumou o presidente da Xunta). Sr. Baltar, non só non pedimos perdón, senón que á vista do auto da xuíza, reafirmámonos na nosa petición de que vostede non debería estar sentado aí desde hai tempo. A razón do arquivo é simplemente unha cuestión de carácter técnico e xurídico. A maxistrada considera que as gravacións amosan, efectivamente, que vostede pediu favores sexuais e que tamén vostede amosou a súa vontade de axudar á muller a conseguir un traballo. Nesta institución non se xulga ás persoas desde un punto de vista xudicial, senón desde o punto de vista político. Vostede, con ese comportamento antiético, máis aló do que digan todas as sentenzas do mundo, non é merecedor de ocupar esa cadeira, como nós vimos defendendo desde o primeiro día, e que xa desde entón lle pedimos que dimitira, cousa polo que se ve á que non accedeu. En todo caso, e volvendo ao asunto, dá a sensación de que detrás desta celeridade hai un intento de cobrar facturas, toda vez que o funcionario obxecto de investigación é o mesmo que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

declarou no xuízo contra o seu pai por enchufar a 104 persoas nesta casa, xusto antes do congreso do Partido Popular ourensán, no que, en xaneiro de 2010, lle cedeu o liderado a vostede. Tamén, en todo caso, está probado pola Policía, a falla de resolución xudicial, que o diñeiro que desde esta casa se lle deu á asociación AEXPA, para as cuestións máis *variopintas*, algo normal nesta institución, e que ascende a 34.000 euros, non foi empregado en ningún caso para a finalidade solicitada. Por iso nós rogamos, á vista dos feitos, que a Deputación se constituía en parte na causa aberta como prexudicada.

Teño outro asunto. No Concello de Vereá aprobouse por unanimidade de todos os grupos unha iniciativa para arranxo da estrada OU-0207 Vereá - Bangueses. É unha iniciativa que como lle digo foi aprobada por unanimidade polo Pleno. É unha iniciativa na que se recolleron centos de sinaturas dos veciños para apoiála. Entón a nosa intención é apoiar esta iniciativa e presentar por rexistro as sinaturas para que vostedes as teñan en conta á hora de valorar o que lle vai pedir ou o que lle pide o propio Pleno do Concello de Vereá.

Outra cuestión, e xa remato. En febreiro de 2016, o BNG presentaba unha moción solicitando da Deputación de Ourense a declaración de espazo libre de apartheid israelí, e a adhesión á campaña BDS (boicot, desinvestimentos e sancións), moción que foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e Democracia Ourense. Esta moción nacía da implicación dunha ampla coalición de colectivos palestinos que solicitaban impor amplos boicots e implementar iniciativas de desinvestimento e sancións contra Israel, como medida de presión para acabar coa cada vez máis sanguenta limpeza étnica do pobo palestino. Sindicatos, universidades, colectivos sociais, asociacións de consumidores, movementos pacifistas, concellos, artistas, estudantes, profesionais dos máis diferentes ámbitos e de todos os continentes uníronse nun movemento cidadán e pacífico que se converteu no eixo reivindicativo da solidariedade con Palestina. Un movemento global do que nin Galiza, nin Ourense, poden ficar ausentes. Os obxectivos son: a finalización da ocupación e colonización de todas as terras palestinas e o desmantelamento do Muro; o recoñecemento dos dereitos fundamentais dos cidadáns árabe-palestinos de Israel para unha igualdade completa; o recoñecemento do dereito dos palestinos refuxiados a retornar ás súas casas e propiedades como o estipula a resolución 194. De aí que o grupo provincial do BNG solicitara do Pleno da Deputación a adopción dos seguintes compromisos: manifestar a súa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

adhesión e apoio á resolución do Parlamento Europeo do 17 de decembro de 2014 pola que se recoñece o Estado de Palestina; amosar a súa solidariedade coa poboación dos territorios ocupados, instando á ONU a garantir a súa protección e a obrigar a Israel a cumprir a legalidade internacional; absterse de contratar servizos ou comprar produtos a empresas israelís ou empresas cómplices de violacións do dereito internacional en Palestina. Quedou claro no debate e co voto en contra do PP de que lado están vostedes. Non só votan en contra dunha proposta que denuncia o xenocidio e a ocupación dun estado soberano, que defende a paz, a tolerancia e a aplicación da lexislación internacional, senón que, posteriormente, vostede Sr. presidente, viaxa ao estado ocupante para manter canles de colaboración co goberno israelí. A un estado que mantén nos seus cárceres en condicións infrahumanas 7.200 persoas (moitas delas menores, doentes, con discapacidades físicas) con condenas arbitrarias (detencións administrativas) ou prolongadas condenas (incluída a prisión perpetua) por defender dereitos recoñecidos expresamente polas convencións de Xenebra. A un estado que contesta as xustas reclamacións das máis de 1.500 persoas que desde o 17 de abril manteñen unha dura folga de fame nos seus cárceres en demanda de respecto aos seus dereitos con represalias inimaxinábeis nun estado democrático: prohibición de visitas familiares, restricións á asistencia letrada e aos coidados médicos, confinamento solitario, transferencias constantes dun cárcere a outro, confiscación de roupa e outras pertenzas, restricións ao aseo persoal, e ata retirada do sal co que as persoas que participan na protesta tentan evitar infeccións. A un estado que responde ás manifestacións de solidariedade coas presas e cos presos con violentas represalias, provocando destrución e mortes de persoas adultas e adolescentes, cando non crianzas, cuxo único delito é tirar unha pedra ou proferir lemas a favor da liberdade da súa terra. Entre as vítimas do mes de maio: Fátima Hajji, de Xerusalén, 16 anos, morta a tiros por soldados israelís o 16 do 5; Saba Abu Ubeid, da Cisjordania, 23 anos, abatido a tiros por soldados israelís o 11 do 5; un mariñeiro de Gaza, abatido a tiros por soldados israelís cando estaba pescando o 14 do 5; Mutaz Hussein Hilal Bani Shamsa, de Nablús, 23 anos, asasinado por un colono israelí o 17 do 5; adolescente do campamento Al-Bureij de Gaza, 17 anos, en estado crítico por disparos da FDI o 23 do 5. Por todo o anterior exposto, queremos rogar que a Deputación se absteña de calquera colaboración co Estado israelí, as súas institucións públicas ou os seus representantes oficiais no Estado español, en calquera proxecto de desenvolvemento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

agrario, educativo, comercial, cultural, tecnolóxico ou de seguridade. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. presidente: moi ben. Algún rogo ou algunha pregunta máis. Si.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: boas tardes, como dicía o meu compañeiro Miguel, porque xa son horas. Menos mal que cambiamos, recordo que fixemos o cambio, ¿verdade Plácido?, que fixemos o cambio para as 10:00 da mañá, porque antes saíamos ás 15:00 cando empezabamos ás 11:00, agora parece que imos un pouco máis *tediosos*. En todo caso, para concretar, como non se atende por parte do presidente, que fai máis de embaixador, como dicía agora o compañeiro do BNG, que de propio presidente, porque está máis fóra que na propia institución, neste caso o rogo voulo facer ao deputado que leva esta área. Falaba antes Pablo Pérez dos cinco millóns en conservación para estradas, eu dígolle que si é certo, o que está contemplado non se discute, pois fágolle un rogo: que atendan as curvas de Leiro e Berán, que levamos pedido aquí non sei canto tempo, e segundo din os veciños se van converter en rectas. Fágao canto antes, por favor, xa, ese é o rogo que lle traslado. E despois, como o presidente no anterior pleno non contestou ás preguntas que lle fago e nesta non sei se vai contestar, probablemente a partir dun tempo non moi longo, pois ao mellor a liña política deste partido pois ao mellor vai por outros *derroteros*, cando non se cumpren as obrigacións dun cargo público, pois eu pregunto ¿sábese algo da reclamación patrimonial con respecto ao campo de fútbol de herba artificial que o Concello de Ribadavia fixo hai preto de dous anos a esta institución e a Confederación Hidrográfica tamén? Volvo preguntar ¿sabe algo? ¿temos resolución dela? Porque dous anos case dunha reclamación patrimonial creo que non é de recibo por parte do Sr. presidente. Porque os informes técnicos non son tan complicados. É máis, hai un informe moi contundente do Sr. secretario, xa o teño explicado outras veces, desta institución, onde di claramente que a parte que lle corresponde a cada quen a deixa moi clara e deixa incluso case os cartos que ten que achegar cada un para resolver ese tema. Tamén fixen unha pregunta que non se respondeu, tamén anuncio que supoño que, supoño non, senón que informe o Sr. secretario, tamén se poden facer alegacións a calquera modificación orzamentaria que se fai nesta casa. E polo tanto calquera modificación orzamentaria que non cumpra os obxectivos que teñen que abordar, como son un convenio entre a propia Xunta de Galicia e a propia Deputación onde hai un plan, ou ten que haber un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

plan dos investimentos que se van facer en infraestruturas deportivas. Polo tanto, volvo preguntar se hai ese plan e que se poña xa enriba da mesa dos grupos, e non aleatoriamente como se soe facer aquí, ou a dedo, para ser claros. Porque agora ben a última petición que é a que vou trasladar ao Sr. secretario para que teña constancia. Onte, no Concello de Ribadavia, hai unha moción conxunta, ben, presentada polo grupo de goberno, pero aprobada por unanimidade de todos os grupos, onde se pide claramente que a parte proporcional da propia institución que ten que poñer nesa reclamación patrimonial dun campo de herba artificial que dá servizo a toda unha comarca, e que se fan campos de herba artificial cada dous por tres nesta institución, onde apenas hai meniños, creo que xa é unha falta de respecto intolerable. Polo tanto, esa unanimidade do Concello de Ribadavia ten que se respectar, polo que vou trasladar esa moción para que se tome un acordo e que se faga ese plan de investimentos, para que así a Deputación non teña a escusa de que non pode facer unha modificación puntual. Xa o ten moi fácil, dese millón de euros que se teñen que investir, que se invistan nunha cabeceira de comarca como é Ribadavia e que non sexa discriminada máis, porque senón as accións serán doutro tipo. Moitas grazas.

Sr. presidente: algunha outra pregunta. Si.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: ben, unha vez escoitada esa resposta a verdade é que queda un pouco ..., como pode pasar isto, que nun informe do secretario pon que constan no expediente dúas addendas ao convenio de colaboración, unha do 12 de decembro 2013, outra de 2014, e non obstante que se siga mantendo igual que antes o tema este. Tamén me deixa así un pouco tal que sexa o portavoz do Partido Popular o que veña onde o presidente, pon así claramente: *se ha reunido con el presidente de la Diputación para tratar este asunto y en una segunda reunión con los técnicos y no han sido capaces de dar una solución al problema*. Se o problema era que non había convenio e que nese convenio non se podía pagar ¿por qué agora si? ¿por qué había despois ese decreto que aparecía alí? onde se autorizaba ao Concello de Verín a licitar. Polo tanto a miña pregunta é: ¿por qué non se transferiu no seu debido tempo ao Concello cando o fixo a Deputación? E cando se vai transferir logo iso.

Despois teño un rogo que é, un rogo que aínda que a Presidencia sexa flexible, que me parece moi ben que sexa flexible nas horas de intervencións e todo o demais, pero que faga cumprir un pouquiño o regulamento, porque se vai encontrar o presidente que un día

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

tomará un día tomará un a palabra e dirá ben, espera, que vou botar o *speech* e despois marchou, e despois irá o seguinte e ao final quedará o presidente só.

Sr. presidente: ben, en relación coa re-pregunta sobre a cuestión do Auditorio de Verín, dicir que tamén nun informe elaborado polo secretario xeral con data 25 de maio, que tamén lle podo dar, asegura que no seu informe do 27 de abril de 2017 non se fixo alusión á certificación da que se falou antes, cuxa existencia non era ningún segredo dado que consta no Concello de Verín, debido a que o informe se cinguía ao contido do convenio e ás circunstancias que impediron a súa execución, sendo este o contido da pregunta formulada entón polo Grupo Socialista. Tamén di que neste senso, a existencia desa certificación non incidiría na resposta, dado que esa certificación non altera en ningún caso o contido do convenio suscrito no seu día, que era ao que se refería a pregunta.

Con respecto ao rogo da utilización dos tempos, nun futuro a medio prazo, sería desexable a colocación de mecanismos para saber os minutos que leva cada un, para que non poidan dicir que se limita por parte desta Presidencia o exercicio democrático ou do uso da palabra, e que esteamos todos atentos a eses 8 minutos da primeira intervención, 4 minutos da segunda intervención e 2 minutos de queda de peche. Flexibilidade, se poñemos o reloxo, non existe flexibilidade, a flexibilidade haina agora.

¿Algunha cuestión máis?

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: co anuncio que acaba de facer véñeme á cabeza unha cousa. Na provincia intelixente, xa que anunciou o de poñer un reloxo ou algo similar (paréceme ben ademais) porque só estivo aquí para que ao único que lle dicía que tiña que acabar o seu tempo era a min, lémbroo perfectamente (pódese ver que para iso hai vídeo actas). Pero independentemente diso dígolle que, home, hoxe estivo vostede sempre lendo e facendo sempre alusión ao voto da compañeira deputada, aínda estamos esperando o voto telemático nesta casa, que supoño que non sería por ese mecanismo, polo tanto menos anuncios e máis facer. Moitas grazas.

Sr. presidente: Si, Sr. Fraga Civeira.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas Sr. presidente. Dous rogos que vou procurar ser o máis breve posible dada a hora que é. Un é para lembrar que no pleno de hai un mes se aprobou por unanimidade unha moción presentada por urxencia sobre os danos das xeadas nas denominacións de orixe ourensáns,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017

na que se acordaron os seguintes puntos: solicitarlle á Xunta de Galicia a tramitación como zona catastrófica das distintas áreas afectadas; solicitar da Xunta de Galicia unha liña de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados; e trasladarlles o dito acordo á Consellería de Medio Rural, aos distintos consellos reguladores das denominacións de orixe e a todos os concellos afectados. Daquela rexeitáronse unhas emendas de engádegas presentadas polo Partido Socialista, que consistían, basicamente, en habilitar unha liña de fondos propios por parte da Deputación, convocar unha reunión cos representantes sectoriais e poñer en marcha mecanismos suficientes para que un grupo de expertos analizasen os danos ocasionados por esa xeadada nos cultivos a longo prazo. Pois ben, un mes despois a situación segue igual, non pasando a actuación da Xunta de simples promesas pero de ningunha realidade, máis que visitas e declaracións, non todas afortunadas, da conselleira do ramo. Tiveron que saír os viticultores á rúa para demandar un trato xusto despois de ver como son agraviados con respecto ao acontecido o ano pasado cos danos que a pedra ocasionou en Sober. Daquela, na precampaña das autonómicas, a Xunta concedeu 5.700 euros por hectárea de axuda, agora, cun dano moito máis considerable, a resposta está a ser moi diferente, e reflicte ás claras o trato discriminatorio que a Xunta ten para con esta provincia. Polo que acabo de expoñer, o rogo vai no sentido de que desde esta Deputación se tomen cartas no asunto, esixíndolle á Xunta de Galicia que faga, de xeito inmediato, unha valoración dos danos e que, en consecuencia, adopten, tanto na propia Xunta, como se é o caso, no Ministerio, medidas urxentes, con axudas directas ás superficies afectadas para compensar os danos que esta circunstancia extraordinaria causou nun sector produtivo tan importante para a nosa provincia, ao tempo que a propia Deputación, como xa dicíamos naquel momento, conceda unha liña de axudas directas para os tratamentos correctivos necesarios das vides afectadas. Este é un rogo.

O segundo rogo refírese ao Sr. presidente. Vimos de coñecer nestes días un auto xudicial que sobresé provisionalmente a causa aberta contra vostede, e que o exonera legalmente, é certo que non é definitivo, desta cuestión, desta causa aberta. Pero coincidirá connosco en que os feitos recollidos no auto e que coñecemos en toda a provincia, en España e probablemente en parte do estranxeiro, dado o seu afán viaxeiro, non son edificantes para esta institución. O que escoitamos e o que lemos non só danou a súa imaxe, senón á desta institución, porque as novas xeradas non foron o que cabería agardar dende

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

un compromiso cos principios éticos que se deben observar desde esta institución, e que mesmamente foron codificados por vostede. Nun cargo de representación pública como o que vostede ostenta, máis alá de cumprir coa legalidade, é desexable, e ata esixible, que haxa unha exemplaridade nos comportamentos de quen somos os representantes da cidadanía. Non imos entrar no fondo da cuestión legal, non é esta a nosa función, correspóndelles aos xuíces aos que lles está atribuída. Tampouco imos entrar en aspectos de moral privada, non somos inquisidores dos sagrados costumes, cuestión esta que tamén xa está atribuída, pero si é a nosa obriga entrar na ética pública, na exemplaridade coa que se deben exercer os cargos representativos nunha sociedade democrática. Vostede é o noso presidente e cando actúa investido de tal maxistratura non se representa a vostede só, estanos representando a toda a cidadanía desta provincia, e polo tanto debe actuar en consecuencia para que nós e para que esta provincia se sinta representada por vostede, porque vostede leva o nome de Ourense acompañándoo por onde vaia, polo que a súa conduta non debe desmerecer a esta provincia. E despois dos feitos escoitados e lidos nos medios de comunicación e mesmamente nun auto xudicial, resulta difícil, moi difícil, sentirse identificado con vostede, porque non actuou conforme á dignidade e a exemplaridade que a ética esixe dun cargo representativo como o seu. O non facelo así conduce á desafección entre a cidadanía e os políticos, os seus representantes, que se ben é algo desexable sempre nos tempos actuais, e ademais perigoso, porque se abre a porta a populismos e a pre - fascismos. Queda nas súas mans e nas do seu partido e do seu grupo político, ofrecerlle á cidadanía desta provincia as explicacións oportunas e necesarias, así como a asunción de responsabilidades. Entendemos, como xa teño dito máis veces, que vostede ten que dimitir, porque o que vivimos non só danou a súa imaxe, como xa dixen, senón tamén á desta institución provincial. Temos unha provincia con moitas necesidades, desafortunadamente os datos son teimudos, e pleno tras pleno vemos o mesmo lamento, a mesma realidade, perdemos poboación, servizos, desangramonos lentamente por unha ferida que non cura. Procure, procuremos non perder o tempo cos seus asuntos.

Sr. presidente: moitas grazas pola súa asistencia e pola súa participación, levántase a sesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2017
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15](#)

E, ás 15.00 horas do día vinte e seis de maio do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,